



Facultade de Ciencias da Educación

Traballo de
fin de grao

A implicación da Pedagogía
do Proxecto no
desenvolvemento integral
das persoas e as
comunidades: o caso de
Altair Galiza

Autora: Aida Raíndo Vázquez

Titora: María Belén Caballo Villar

Xullo 2023

A implicación da Pedagogía do Proxecto no desenvolvemento integral das persoas e as comunidades: o caso de *Altair Galiza*

La implicación de la Pedagogía del Proxecto en el desarrollo integral de las persoas y las comunidades: el caso de *Altair Galiza*

The involvement of the Pedagogy of the Project in the integral development of people and communities: the case of *Altair Galiza*

Índice

Introdución.....	1
Marco Metodolóxico.....	2
Obxectivos.....	2
Proceder Metodolóxico.....	3
Marco Teórico-conceptual.....	7
Educación do Ocio dende unha Perspectiva Comunitaria.....	7
Metodoloxías de Acción-intervención en Ocio: a Pedagogía do Proxecto.....	11
Contextos de Aplicación: o Asociacionismo.....	14
Marco contextual: o Proxecto Pedagóxico de Altair Galiza.....	15
Obxectivos Sociais e Educativos, Valores e Principios.....	16
Organización e Funcionamento.....	17
Metodoloxía Educativa Altair.....	17
Marco empírico: Resultados e Discusión.....	18
Significación de Altair.....	18
Impacto Persoal.....	22
Impacto Comunitario.....	29
Conclusións e Prospectiva.....	31
Referencias Bibliográficas.....	35
Anexos.....	41

Gustaríame agradecer a participación de todas as persoas que, con moita xenerosidade, achegaron a este traballo o seu tempo, sentires e vivencias. Nomeadamente, ás actuais e antigas Argonautas -referentes deste proxecto-, e ás súas familiares e educadoras.

A miña familia, e en especial a miña nai, por confiar en min e acompañarme nas miñas decisións. Por apoiarme dende a comprensión, o amor e cariño constante. Por axudarme a baixar o ritmo e soñar libremente. Grazas de todo corazón.

As miñas amigas, que tanto me queren e me coidan. Pola nosa conexión e entendemento profundo, dos que derivan tanta enerxía e consellos que sempre me permitiron seguir avanzando.

A Belén, polo seu acompañamento paciente. Polos seus consellos e ánimos, a súa disposición e toda a confianza que depositou en min.

A Elías, por compartir conmigo a súa ilusión pola vida Altair e alentar o meu proceso persoal e pedagóxico.

Ás altaíres, por xogar xuntas todas as aventuras. Por trasladarme a outros mundos mantendo os pés moi aterrados no noso. Polo noso compromiso, convivencia e memorias compartidas. Por facerme sentir as emocións máis intensas da miña vida.

A Altair, por ser fogar.

Grazas de todo corazón. Este traballo vai por vós. Vai por nós.

** Fortaleza asociativa, beleza construtiva **

Resumo

Nun contexto no que o ocio de consumo, individualista e inmediato, está cada vez máis estendido, despunta Altair Galiza, un movemento xuvenil de acción voluntaria adicado á educación nos tempos libres. Baseándose na Pedagogía do Proxecto, busca defender o dereito ao ocio, entendéndoo como un dereito universal e un recurso para o desenvolvemento humano. O presente Traballo de Fin de Grao pretende analizar esta iniciativa empregando achegas das persoas que participan nel, en aras de propoñer, dende a Pedagogía-Educación Social, recomendacións para mellorar a calidade da Educación do Ocio, e contribuír así ao exercicio e disfrute do mesmo. Proponse un estudo de caso como investigación de carácter cualitativo que emprega como técnicas para a recollida de datos a análise documental, a entrevista en profundidade e o grupo de discusión. Os resultados acadados mostran que o ocio promovido por esta pedagogía activa incide de xeito positivo no desenvolvemento integral das persoas e as comunidades nas que se integran; resultando así unha experiencia positiva e con valor educativo a nivel individual, pero tamén social, contribuíndo na construción dunha cidadanía activa, crítica e comprometida polo ben común.

Palabras chave: Educación do Ocio, Pedagogía do Proxecto, asociacionismo, Educación Social, ocio solidario.

Resumen

En un contexto en el que el ocio de consumo, individualista e inmediato, está cada vez más extendido, destaca Altair Galiza, un movimiento juvenil de acción voluntaria dedicado a la educación en los tiempos libres. Basándose en la Pedagogía del Proyecto, busca defender el derecho al ocio, entendido como un derecho universal y un recurso para el desarrollo humano. El presente Trabajo de Fin de Grado pretende analizar esta iniciativa empleando aportaciones de las personas que participan en ella, con el fin de proponer, desde la Pedagogía-Educación Social, recomendaciones para mejorar la calidad de la Educación del Ocio, y contribuir así al ejercicio y disfrute del mismo. Se propone un estudio de caso como investigación de carácter cualitativo que emplea como técnicas para la recopilación de datos el análisis documental, la entrevista en profundidad y el grupo de discusión. Los resultados obtenidos muestran que el ocio promovido por esta pedagogía activa incide de manera positiva en el desarrollo integral de las personas y las comunidades en las que se integran; resultando así una experiencia positiva y con valor educativo a nivel individual, pero también social, contribuyendo en la construcción de una ciudadanía activa, crítica y comprometida por el bien común.

Palabras clave: Educación del Ocio, Pedagogía del Proyecto, asociacionismo, Educación Social, ocio solidario.

Summary

In a context where consumerist, individualistic, and immediate leisure is increasingly widespread, Altair Galiza stands out as a youth movement dedicated to voluntary action in leisure education. Based on the Project Pedagogy, it seeks to defend the right to leisure, understanding it as a universal right and a resource for human development. This Final Degree Project aims to analyze this initiative by using contributions from the people involved, in order to propose recommendations from the Pedagogy-Social Education field to improve the quality of Leisure Education and contribute to its exercise and enjoyment. A qualitative case study is proposed as the research methodology, employing documentary analysis, in-depth interviews, and focus group discussions as data collection techniques. The obtained results show that leisure promoted by this active pedagogy has a positive impact on the holistic development of individuals and the communities they are part of, resulting in a positive and educationally valuable experience at both the individual and social levels. It contributes to the construction of an active, critical, and socially engaged citizenship for the common good.

Key words: Leisure Education, Pedagogy of the Project, associationism, Social Education, solidarity leisure.

Introdución

O ocio, entendido como unha experiencia subxectiva e libre, desempeña un papel fundamental na promoción do desenvolvemento integral na vida das persoas e das comunidades nas que se integran (Cuenca Cabeza, 2004). A través de actividades lúdicas, recreativas e formativas, poténcianse numerosas habilidades, valores e competencias que inciden de xeito directo na autonomía das persoas (Gil Calvo, 2014), trasladándolles experiencias e aprendizaxes para a vida, que contribúen á construción de sociedades máis participativas, solidarias e equitativas (Morata García et al., 2023). Tendo isto en conta, non é de estrañar que o lecer sexa considerado un dereito humano (Cuenca Cabeza, 2005); unha conquista social recoñecida en numerosas e importantes declaracións de organismos internacionais.

Non obstante, malia ser identificado na actualidade como un indicador de calidade de vida, a individualidade, o consumismo e a instantaneidade que caracterizan á sociedade actual, fan que o lecer máis estendido sexa de carácter pasivo, onde a importancia dos procesos se esvaece progresivamente. Ante isto, resulta esencial poñer en valor propostas pedagóxicas de lecer que incidan no potencial educativo do mesmo, entendendo este como unha canle de participación comunitaria con valor de seu (Pulido-Rodríguez et al, 2019).

A miña preocupación polo tema é unha das principais motivacións para desenvolver este traballo: recoñecer o valor dunha proposta socioeducativa como a de Altair Galiza, que basea a súa metodoloxía nunha pedagogía comprometida e activa (como é a Pedagogía do Proxecto); con vistas a diversificar as experiencias de ocio convencionais. Ademais, a escolla desta experiencia como caso de estudo tamén deriva da miña participación dende hai dous anos nesta entidade; tempo no que tiven a oportunidade de observar e vivir na miña propia pel o impacto positivo que ten o proxecto. Isto tamén favoreceu o acceso á información e ter xa integrada unha comprensión detallada do seu funcionamento. Neste sentido, gustaríame que esta lectura dende a Pedagogía-Educación Social permita mellorar esta práctica, tendo certa repercusión na entidade e a súa contorna.

Así, o presente Traballo de Fin de Grao (TFG) aborda un dos ámbitos clásicos da Educación Social: a Educación do Ocio. Para isto, enmárcase na modalidade de inicio á investigación de campo, desenvolvendo unha aproximación á incidencia da Pedagogía do Proxecto nas participantes de Altair Galiza e a contorna que as rodea. Asíse como obxectivo principal analizar o proxecto socioeducativo de Altair Galiza co fin de propoñer -dende a Pedagogía-Educación Social- recomendacións para mellorar a calidade da Educación do Ocio, contribuíndo así ao exercicio e disfrute do mesmo.

O presente traballo estrutúrase cun sentido intencional (González García et al., 2014), que dá comezo por un marco metodolóxico, onde primeiramente se expoñen os obxectivos que

serven como guía dunha investigación cualitativa que emprega como método o estudo de caso e, posteriormente, o proceder metodolóxico que, entre outros aspectos, concreta as técnicas de recollida de información empregadas. Deseguido, o marco teórico recolle as bases conceptuais que orientan a investigación, fundamentando o apartado en tres piares básicos: a Educación do Ocio, a Pedagogía do Proxecto e o asociacionismo. Tras isto, expóñense os resultados dos datos recadados coa súa pertinente análise e discusión. Por último, preséntanse as conclusións finais do estudo, que constatan o cumprimento dos obxectivos da investigación e, cunha mirada prospectiva, identifican dende a Pedagogía-Educación Social apuntes de mellora e retos a cumprir.

Marcando o peche do proceso formativo no Grao de Educación Social, o Traballo de Fin de Grao busca integrar os coñecementos teórico-prácticos adquiridos ao longo destes catro anos, a través da elaboración e defensa dun traballo orixinal. Na miña experiencia, este brindoume unha oportunidade única, xa que me permitiu achegarme por primeira vez a desenvolver un proxecto de investigación; o que potenciou que adquirira e mellorara habilidades e competencias necesarias para o exercicio profesional nesta área. En concreto, fortalecín a miña autonomía na busca, selección e tratamento de información relevante para o obxectivo do traballo. Ademais, desenvolvín unha maior destreza na sistematización e presentación de información -expoñendo esta de xeito organizado e correcto dende unha mirada académica e profesional-, e na capacidade de reflexión e reformulación dos contidos analizados, incorporando en todo momento unha actitude autocrítica construtiva sobre o traballo realizado. Como recolle a Asociación Estatal de Educación Social [ASEDES] nos seus documentos profesionalizadores (2008), estas competencias son fundamentais para desenvolver de xeito óptimo o labor como educadora social.

Marco Metodolóxico

Como xa foi mencionado, o TFG presentado sitúase na modalidade de inicio á investigación de campo, na que se optou por un deseño de corte cualitativo baseado nun estudo de caso. A continuación, preséntanse os obxectivos do estudo e o seu proceder metodolóxico.

Obxectivos

O obxectivo xeral deste traballo é *analizar o proxecto socioeducativo de Altair Galiza, co fin de propoñer -dende a Pedagogía-Educación Social- recomendacións para mellorar a calidade da Educación do Ocio*, contribuíndo así ao exercicio e desfrute do mesmo, de acordo coa comprensión deste como un dereito universal e unha ferramenta de desenvolvemento humano (Lázaro Fernández et al., 2012).

Este desafío, á súa vez, concrétase en tres obxectivos específicos, recollidos a continuación:

1. Analizar a incidencia da Pedagogía do Proxecto no desenvolvemento integral das persoas como axentes sociocomunitarios.
2. Recoñecer o asociacionismo como contexto educativo de e para o ocio.
3. Describir os factores persoais que contribúen á promoción dunha cidadanía participativa, activa, crítica e comprometida para o ben común.

Proceder Metodolóxico

A escolla da metodoloxía cualitativa foi motivada polo interese en coñecer e analizar en profundidade a experiencia de Altair Galiza dende a perspectiva da experiencia das propias persoas protagonistas da iniciativa, para así “intentar descubrir como interpretar as situacións, que significan para eles, que intencións teñen, cales son as súas crenzas, motivacións, expectativas e outras características do proceso socioeducativo non observables directamente nin susceptibles de experimentación ou cuantificación” (Bernardo Carrasco e Calderero Hernández, 2000). Dentro desta metodoloxía, optouse polo estudo de caso.

Stake (1995) describe este método como o estudo intensivo e completo dun individuo, un grupo social, unha situación ou un evento, que trata de comprender de xeito exhaustivo dita realidade singular. Neste senso, este permite adoptar unha “perspectiva holística e realista” (Yin, 2018, p. 35) a través dun proceso sistemático de indagación caracterizado polo exame minucioso e en profundidade de dita unidade social (Albert Gómez, 2007). Neste caso, a unidade seleccionada para o estudo é a entidade Altair Galiza, unha asociación sen ánimo de lucro que forma parte do movemento internacional Altair de educación nos tempos libres. Autores como Walker (1983) aconsellan o método escollido para estudar unha temática en profundidade nun período curto de tempo; como é este caso, debido ás limitacións temporais nas que se enmarca o traballo. Así, propónse un deseño transversal co propósito de realizar un uso instrumental do mesmo, que permita estudar o caso respondendo aos obxectivos propostos e poida servir como alicerce para impulsar outros procesos sociocomunitarios e experiencias socioeducativas de calidade neste eido.

A escolla e conceptualización do tema obxecto de estudo viu proseguida por unha extensa revisión bibliográfica de documentos vinculados á temática a investigar. Esta foi unha busca planificada na que se empregaron diversas fontes, entre as que destacan monografías (libros e manuais), publicacións periódicas (artigos e revistas), teses doutorais e outros traballos de fin de grao. Para acceder ás mesmas empregáronse bases de datos documentais (Dialnet, Scopus, Teseo), buscadores académicos (Google Scholar) e o catálogo BUSC e o repositorio Minerva da Universidade de Santiago de Compostela. Ademais, co fin de achegar fontes especializadas e de actualidade, consultouse o catálogo de publicacións da Rede OcioGune, un portal de investigación onde participan diversos

equipos vencellados ao ocio. Para que esta procura se desenvolviera de xeito organizado, empregáronse os mesmos tópicos de busca nos diferentes recursos. Estes combinaban termos precisos e representativos, que acotaban o tema de estudo. Os máis empregados foron: Educación do Ocio, Pedagogía do Proxecto, asociacionismo e tempo libre, implicación do ocio ou ocio solidario. A información recadada dá fundamento ao marco teórico-conceptual da presente investigación, así como tamén á discusión dos resultados do estudo de caso.

No marco das técnicas máis empregadas para recoller información nos estudos socioeducativos cualitativos (Bernardo Carrasco e Calderero Hernández, 2000), o presente estudo emprega a análise de documentos, a entrevista en profundidade e o grupo de discusión. Deseguido, atendendo á orde na que foron empregadas, descríbese con maior profundidade cada unha delas.

A *análise documental* implica o exame detallado de documentos como fonte de información para a investigación. Este proceso de revisión debe de ser sistemático e obxectivo, e implica unha lectura minuciosa que permita identificar patróns e temas emerxentes e interpretar significados subxacentes baseándose nunha análise crítica (Olabuénaga, 2007). Para dita análise, na presente investigación revisouse documentación oficial interna (facilitada polo presidente da asociación) e externa (por medio das comunicacións publicadas na páxina oficial da entidade). Por unha banda, os documentos internos aluden á información recollida nas bases de datos da entidade, onde se reflicten o número total de socias e participantes ao longo dos anos, as súas idades e a data de alta de cada persoa na asociación. Pola súa banda, os documentos externos aluden á Carta Constitucional da entidade, aos seus estatutos, ao regulamento interno e aos métodos pedagóxicos onde se concentra toda a base educativa do proxecto (a nivel xeral e por grupos de idade). A análise destes documentos axudou a asentar o marco contextual da investigación e contribuíu á discusión dos resultados.

Ao mesmo tempo, desenvolvéronse dúas *entrevistas en profundidade* xa que, polo seu carácter aberto e flexible, son consideradas como “o procedemento máis fiable para recoller información da poboación” (Albert Gómez, 2007, p. 242). En palabras de Olabuénaga, esta é “unha técnica para obter que un individuo transmita oralmente á entrevistadora a súa definición persoal da situación” (2007, p.166) interactuando por medio dunha conversa formal.

As dúas persoas entrevistadas no estudo (E1 e E2) foron escollidas de xeito intencional, a través dunha mostraxe non aleatoria, por ser estas as educadoras da rapazada que participou nun dos grupos de discusión (GD1). Neste senso, ademais de ser as referencias máis próximas ás altaíres do GD1, a súa importancia como informantes chave reside na súa

longa traxectoria dentro da equipa educativa de Seteportas-Altair, o agrupamento de Altair Galiza máis consolidado na actualidade.

Co fin de conseguir certa cohesión entre as achegas recollidas, optouse pola entrevista semiestruturada, apoiada nun guión de preguntas abertas previamente definidas, tratando así de acadar un maior grao de estandarización. Malia isto, procedeuse de xeito flexible, posto que as persoas participantes tiñan liberdade para incluír, modificar ou eliminar algunha cuestión de ser preciso. Así, o protocolo estruturouse arredor de cinco bloques temáticos: funcionamento e metodoloxía de Altair Galiza, percepción e experiencia na asociación, impacto persoal, impacto comunitario e, a modo de peche, un último bloque no que se recollían valoracións e propostas de mellora. Cómpre mencionar que este protocolo foi validado pola revisión de tres persoas expertas do ámbito académico, quen constataron a amplitude do contido e a adecuación aos obxectivos do estudo, así como a claridade e redacción do mesmo.

Ambas entrevistas desenvolvéronse nunha mesma xornada (venres, 26 de maio do 2023, en horario de mañá), nun seminario da Facultade de Filoloxía da Universidade de Compostela. Este era un espazo cálido e tranquilo, o que favoreceu unha conversa agradable e fluída con E1 e E2, de 63 e 53 minutos respectivamente.

Por último, co propósito de coñecer as opinións e sentimentos das altaíres e as súas familias arredor da súa experiencia na asociación, empregouse a técnica do *grupo de discusión*, coa que se tratou de “poñer en contacto e confrontar diferentes puntos de vista a través dun proceso aberto e emerxente centrado no tema obxecto da investigación” (Albert Gómez, 2007, p. 250). A posta en común das reflexións sobre ditas percepcións persoais, estimulou o xurdimento de novos puntos de vista, obtendo así novas comprensións a través da interacción coas persoas que integraban os grupos (Maykut e Morehouse, 1999).

Realizáronse dous grupos de discusión, un conformado por altaíres (GD1) e outro polas súas familiares (GD2). Co fin de promover a participación de todas as integrantes do grupo e asegurar certa diversidade nas perspectivas achegadas (Albert Gómez, 2007), estableceuse que o número de participantes por grupo non superara as oito persoas. Finalmente este quedou reducido a cinco persoas en cada grupo debido á dispoñibilidade das participantes. De novo, a escolla das informantes resultou dunha mostraxe non aleatoria, na que intencionalmente se seleccionaron ás altaíres con maior idade e traxectoria na asociación (GD1) e a unha familiar por cada unha delas (GD2). Estas correspóndense coas actuais e antigas Argonautas (o grupo de idade máis avanzado). Esta diferenza xeracional permitiu contrastar a perspectiva experiencial das máis novas cunha máis baseada nas lembranzas (Kahneman, 2012).

Para facilitar a posterior análise e triangulación da información recollida, optouse por un deseño semiestruturado, que tamén foi validado pola revisión de expertas e que segue un

guión cos mesmos bloques temáticos recollidos no protocolo das entrevista en profundidade: funcionamento e metodoloxía de Altair Galiza, percepción e experiencia na asociación, impacto persoal (e familiar, no caso do GD2), impacto comunitario e valoracións e propostas de mellora. Cómpre destacar que foron engadidas preguntas específicas para cada protocolo e que a redacción das cuestións comúns sufriu certas modificacións, co fin de adaptar a linguaxe ás persoas integrantes dos grupos.

O lugar escollido para a realización de ambos grupos de discusión foi o local de Seteportas-Altair, por tratarse do espazo habitual no que se desenvolve a actividade regular do agrupamento, e polo tanto xa coñecido por todas as participantes. Esta foi unha escolla intencional a fin de crear un ambiente agradable e tranquilo, onde as participantes se sentiran cómodas para expresarse con liberdade. Cómpre destacar que ambos grupos se desenvolveron con grande fluidez, posto que as participantes eran persoas xa coñecidas e con certa confianza entre elas. O GD2 transcorreu na tarde do venres, 26 de maio do 2023, cunha duración de 94 minutos, e o GD1 desenvolveuse, tamén en horario de tarde, o sábado 27 de maio de 2023, tendo unha duración de 84 minutos.

É relevante sinalar que o uso da entrevista e o grupo de discusión buscaba complementar a perspectiva descritiva da análise de documentos, dotando ao estudo dun enfoque máis crítico e propositivo, así como máis centrado nas implicacións socioeducativas do proxecto. O rexistro destas técnicas foi realizado en formato audio, previa autorización das persoas participantes [Anexo I], empregando para tal fin unha gravadora de son; o que facilitou a posterior transcripción e análise da información recollida [Anexo II, III, IV e V]. Dende un inicio garantiuse o anonimato ás participantes, empregando con tal fin un sistema codificado de nomenclaturas para cada unha delas, recollido na Táboa 1.

Táboa 1

Táboa resumo das técnicas de recollida de datos e codificación

Técnica de recollida de datos	Código informante	Data	Duración
Entrevista en profundidade	E1	26/05/2023	63 minutos
Entrevista en profundidade	E2	26/05/2023	53 minutos
Grupo de discusión (GD1)	R1 R2 R3 R4 R5	27/05/2023	84 minutos
Grupo de discusión (GD2)	F1 F2 F3 F4 F5	26/05/2023	94 minutos

Nota. Elaboración propia

Finalmente, en concordancia co enfoque cualitativo do estudo, a información recabada foi triangulada e tratada mediante unha análise interpretativa do discurso, expoñendo así os resultados en tres bloques temáticos (vinculados cos protocolos deseñados): a experiencia en Altair, o impacto persoal e o impacto comunitario. Dadas as limitacións temporais deste estudo, tan só se puido realizar unha análise dos tópicos predominantes, sen prexuízo de que se poidan realizar futuras análises máis detalladas que resalten aqueles outros subxacentes mais non por iso menos relevantes.

Marco Teórico-conceptual

Co obxectivo de definir as bases teóricas que permitan comprender e orientar os contidos da presente investigación, fundaméntase este apartado en tres piares conceptuais básicos: a Educación do Ocio, a Pedagogía do Proxecto e o asociacionismo. Estes manteñen unha íntima relación entre si, ao tempo que atenden a unha lóxica orde secuencial: do marco máis amplo ao máis específico. Así, nun primeiro termo abordárase o tempo de lecer como ámbito de acción educativa, reparando na súa relevancia para o desenvolvemento persoal e comunitario. Partindo desa base, aludirase á Pedagogía do Proxecto como metodoloxía de ocio a estudar e, posteriormente, ao asociacionismo, como contexto de aplicación da mesma.

Educación do Ocio dende unha Perspectiva Comunitaria

A fin de abordar o tempo de lecer como un espazo de actuación socioeducativo, cómpre primeiramente clarificar que se entende por «ocio», e diferenciar este termo do de «tempo libre»; dous conceptos que gardan unha estreita vinculación, mais con distintos significados. O lecer e o tempo libre son fenómenos plurais, abordados dende múltiples perspectivas. Todas as súas definicións comparten unha orientación filosófico-educativa, na que se identifican como dimensións básicas da vida cotiá que exceden o ámbito privado, e que contan con compoñentes educativas que inciden no desenvolvemento integral das persoas e das comunidades. Malia isto, como xa foi mencionado, estes non son conceptos equivalentes (Maldonado Martínez e Cuenca Amigo, 2021).

O primeiro fai referencia a aquel tempo non comprometido con obrigas cotiás, isto é, de libre disposición. Este, considerado como algo medible, constitúese como unha realidade cuantitativa. Pola contra, o tempo de lecer non se circunscribe a un espazo temporal limitado, senón que adquire un carácter subxectivo, xa que se refire á proxección, vivencia e rememoración de experiencias (Cuenca Cabeza, 2004). Este carácter vivencial e subxectivo, fai do ocio un tempo satisfactorio e de liberdade (sustentado na motivación e vontade); constituíndoo como un fin en si mesmo que se vive de xeito emocional e a través do cal tamén se integran valores (Doistua Nebreda et al., 2020). Neste senso, Maldonado Martínez

e Cuenca Amigo (2021) afirman que o lecer incide na realización persoal e a felicidade, así como na formación da cidadanía, sendo este “un tempo no que o individuo se fai a si mesmo” (p. 633).

Así, e tendo como fin último a realización da persoa, pódese afirmar entón que este é un ámbito de desenvolvemento humano, xa que proporciona satisfacción, vivencia de liberdade e autotelismo, así como o desenvolvemento de capacidades diversas (Maldonado Martínez e Cuenca Amigo, 2021). Neste senso, o ocio é entendido como “unha experiencia integral da persoa e un dereito fundamental” (de la Cruz Ayuso, 2001, p. 10), debido á súa potencialidade e capacidade para dotar de significados vitais concretos. Cuenca Cabeza, un dos académicos referentes no ámbito de estudo, define o lecer como aquela

experiencia humana complexa (direccional e multidimensional), centrada en actuacións queridas (libres, satisfactorias), autotélicas (cun fin en si mesmas) e persoais (con implicacións individuais e sociais). Tamén é un dereito humano básico que favorece o desenvolvemento e do que ninguén debería ser privado por razóns de xénero, orientación sexual, idade, raza, relixión, crenza, nivel de saúde, discapacidade ou condición económica; un dereito recoñecido xuridicamente por distintas lexislacións. (2005, p. 21).

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948) presenta no seu artigo 24 que toda persoa ten dereito, entre outros, ao desfrute do tempo libre. Esta incipiente idea, recollida de xeito diluído nos documentos estatais (Constitución Española [CE], 1978), é reforzada pola Carta Internacional para a Educación do Ocio (World Leisure And Recreation Association [WLRA], 1994), unha declaración que identifica o lecer como un dereito humano básico (igualándoo á educación, o traballo ou a saúde), xa que este se asocia a experiencias que proporcionan satisfacción personal e melloran a calidade de vida (Doistua Nebreda et al., 2020; Lázaro Fernández et al., 2018).

Segundo o exposto, cómpre aclarar que “o dereito ao ocio supón unha defensa do ocio en si mesmo, é dicir, do ocio considerado como fin, como experiencia vital diferenciada” (Cuenca Cabeza, 2004, p. 33); o que vén a describir o autotelismo que caracteriza ao lecer na súa direccionalidade máis positiva (Caride Gómez e López Paz, 2002). Neste senso, e agrupando todas estas dimensións expostas, o Instituto de Estudos de Ocio (de la Cruz Ayuso, 2001), define o lecer como unha experiencia autotélica complexa, un dereito humano fundamental e un factor de desenvolvemento persoal e comunitario.

Neste senso, numerosos estudos (Aycart Carbajo, 2019; Lázaro Fernández et al., 2019; Ortega Nuere e Bayón, 2014) constatan os múltiples beneficios que achegan as experiencias de ocio, tanto a nivel persoal (incremento da autoestima, desenvolvemento da creatividade, mellora da saúde física e mental, percepción de control e competencia, fomento da autonomía, etc.), como social, constituíndose como un espazo onde expresarse

e socializar, que potencia o sentido de pertenza, que fortalece valores comunitarios, que contribúe no desenvolvemento de habilidades sociais e que facilita as relacións interpersoais, con todo o que estas comportan de valores, normas e crenzas (Ortega Nuere e Bayón, 2014). Ao que isto respecta, Álvarez Alday et al. identifican o lecer como “unha das dimensións fundamentais na construción cotiá dos tempos sociais da poboación máis nova” (2014, p. 117), que potencia unha definición das súas identidades e a construción dunha vida autónoma. En síntese, o lecer identifícase cun “tempo de crecemento persoal, creación e participación na sociedade” (Artolazabal Albéniz, 2019, p. 13) que contribúe na construción de comunidades máis humanas, cohesionadas e desenvoltas. Cómpre destacar tamén que os tempos de lecer facilitan un maior contacto co medio natural, en tempos onde este é cada vez máis reducido (Martínez García et al., 2020).

Esta concepción do lecer correspóndese co concepto humanista do ocio, que se sustenta en tres valores fundamentais: a liberdade, a satisfacción e a gratuidade (Cuenca Cabeza, 2004); sendo este concibido como unha experiencia positiva e digna que favorece a mellora da persoa e a comunidade. Este mesmo autor (2004) afirma que, tendo como referencia o desenvolvemento humano, o ocio autotélico preséntase como a coordenada con máis impacto do lecer (coa direccionalidade máis positiva), e distingue dentro do mesmo cinco dimensións, presentadas como puntos de referencia para o desenvolvemento persoal e comunitario: a lúdica, a festiva, a creativa, a solidaria e a ambiental.

No marco do presente traballo, cómpre destacar a dimensión solidaria, que é abordada en grande medida polo caso estudado. Esta refírese a accións orientadas a colaborar coas demais dun xeito altruísta, permitindo entender o ocio “como vivencia social, comprometida e altruísta, da satisfacción enraizada no feito de axudar desinteresadamente a outros, independentemente da actividade realizada en si” (Cuenca Cabeza, 2000, p. 99). Doistua Nebreda et al. defenden que este ten “un gran valor social e unha importante repercusión no crecemento e os valores da persoal que o vivencia” (2020, p. 114).

É nesta dimensión, “cando ocio e voluntariado están chamados a compartir a súa preocupación por integrar a liberdade coa responsabilidade e o compromiso social” (Caride Gómez e López Paz, 2002, p.21), de xeito que o lecer, na súa vivencia solidaria, adquire un potencial moi relevante para o desenvolvemento das comunidades (Cuenca Cabeza, 2000). Esta dimensión adoita exemplificarse (como é o caso) en grupos de voluntariado e asociacións de ocio; entidades que, baseadas na voluntariedade e a libre elección, fundaméntanse na responsabilidade e compromiso e favorecen vínculos sociais a través dunha inusual intensidade afectiva, independente dos intereses da vida cotiá (Caride Gómez e López Paz, 2002). É preciso aclarar que, tal e como apuntan Caride Gómez e López Paz, esta invitación á solidariedade “non debería de limitar ou inhibir outras dimensións (lúdica, creativa, festiva-comunitaria, ambiental-ecolóxica) que caracterizan o ocio como unha

realidade cotiá, grata e compatible con outras formas de concretar o «uso do tempo libre» (2002, p. 21).

Estes mesmos autores (2002) apuntan que, malia que o ocio sexa considerado unha práctica contextual (Trigo, 2001), este é un dereito que debe de ser recoñecido e exercido universalmente, sen pasar por alto as condicións de desigualdade nas que se desenvolve (Doistua Nebreda et al, 2020). É nesta realidade onde se enmarca a Educación do Ocio, que parte da premisa que o lecer é unha experiencia integral complexa, que precisa de formación (Cuenca Cabeza, 2004).

A Pedagogía do Lecer é unha disciplina pedagóxica de configuración recente centrada na teoría e práctica da dimensión educativa do tempo libre. Esta nace como reacción ao ocio nocivo, e baséase no entendemento do lecer como un contexto onde adquirir aprendizaxes significativas para a vida, o que deriva nun importante desenvolvemento persoal e comunitario (Aycart Carbajo, 2019). Así, concibindo esta como unha das ferramentas máis valiosas para favorecer a educación integral, desenvolve unha educación emprendedora e creativa que implica un proceso persoal -contribuíndo a que as persoas acaden a súa máxima potencialidade (vencellada a un campo de valores, actitudes, habilidades e coñecementos)-, e comunitario, asegurando unha equidade de oportunidades e recursos e tratando de formar axentes sociais (Cuenca Cabeza, 2004). A Carta Internacional para a Educación do Ocio (WLRA, 1994) recolle tamén a importancia desta pedagogía, referíndose a esta como un proceso de aprendizaxe ao longo da vida.

Gil Calvo considera que esta pedagogía debe potenciar a adquisición de “*habitus* performativos habilitantes” (2014, p. 46), isto é, aptitudes que fagan efectiva unha autonomía persoal; posto que para o goce do ocio é imprescindible a liberdade de elección e contar con coñecementos e experiencias que permitan elixir con fundamento. Incorporar ditas destrezas para experimentar o tempo libre de forma satisfactoria (xunto con ter a disposición oportunidades de lecer), permitirá desenvolver un ocio empoderador, facéndose responsables do mesmo e permitindo así escapar da cultura *mainstream* de consumo e entretemento (de la Cruz Ayuso, 2001) e das dependencias substitutorias familiares ou de consumos recreativos e/ou aditivos (Gil Calvo, 2014). Para isto tamén é preciso que a Pedagogía do Ocio incida no desenvolvemento dun sistema de valores alleos ao consumo e a utilitariedade, que potencien a capacidade para entregarse a experiencias sen ter unha rendibilidade a cambio.

Aycart Carbajo (2019) defende que a Educación Social incidiu (e incide) nesta pedagogía a través da transferencia -non socialmente recoñecida- de coñecementos pedagóxicos derivados da experiencia (metodoloxías, valores educativos...), recollidos de xeito progresivo nos diversos proxectos de intervención socioeducativa dos tempos libres. Sumado a isto, o lecer tamén se vincula coa Educación Social pola súa achega comunitaria,

erguéndose como canle transversal para prácticas socioeducativas e de participación (Morata García et al., 2023). Así, en palabras de Cuenca Cabeza (2011), o lecer que interesa á Educación Social “é aquel que ten potencial de desenvolvemento humano” (p.28), a través da promoción de dinámicas de participación, cohesión e identificación social, baixo un pleno exercicio da liberdade individual de cara á colectividade.

Neste senso, numerosas autoras (Cuenca Cabeza, 2004; Morata García et al., 2023; Morata García e Alonso Sáez, 2019; Pulido-Rodríguez et al, 2019) destacan a responsabilidade do ocio para desenvolver un labor comunitario a través da ampliación do capital social. Esta é recollida na Declaración de Quebec que, no seu Artigo 4 expresa:

Lecer e tempo libre xogan un papel esencial no desenvolvemento da comunidade: afecta á calidade de vida e benestar das persoas, contribúe ao desenvolvemento das relacións sociais e capital social, e representa un lugar de expresión e participación na vida democrática. (World Leisure And Recreation Association [WLRA], 2008, p. 1)

Así, o apoio social e veciñal, a solidariedade, a integración na comunidade ou outras actitudes e comportamentos promovidos no lecer favorecen a inclusión e cohesión social, incrementando a relación veciñal e contribuindo a evitar o illamento social (Morata García et al., 2023). Estas mesmas autoras (2023), explican que isto incide tanto nun plano de barrio, como en aspectos referidos á cohesión social xeral, tales como a loita contra as desigualdades sociais ou a pobreza, o acceso a bens públicos ou a xeración de valores compartidos. Ademais, fundamentándose na concepción dun ocio activo, de la Cruz Ayuso (2001) defende que o lecer favorece á creación de cidadanía activa, que participa en busca do benestar colectivo, promovendo así “sentimentos e accións reivindicativas e comprometidas coa comunidade” (Morata García et al., 2023, p. 82).

Esta dupla vertente educativa e social explica que a Educación do Ocio, ou a Educación en e para o Tempo Libre, sexa considerada como un dos ámbitos de traballo por excelencia da Educación Social (Caride Gómez, 2005). Esta desenvolve un traballo socioeducativo e comunitario transversal a calquera ámbito da Pedagogía e da Educación Social, ligado especialmente aos ámbitos da Animación Sociocultural (ASC), como metodoloxía estimuladora da promoción social das persoas no territorio, e do Desenvolvemento Comunitario (DC), como fin a acadar no proceso de intervención comunitaria; pois estes non se poderán desenvolver sen ter en conta o ocio.

Metodoloxías de Acción-intervención en Ocio: a Pedagogía do Proxecto

Distínguense numerosas formas metodolóxicas para intervir educativamente no ocio. Entre todas elas, o presente estudo focalízase na Pedagogía do Proxecto, por ser esta a empregada pola entidade do caso analizado (Altair Galiza [AG], s.d.b). Trilla Bernet (1999) vincula esta pedagogía coa utilizada tipicamente polo escultimo e algunhas outras entidades

de tempo libre educativo; enmarcando a mesma dentro do modelo institucionalista, posto que sempre conta cunha entidade que a promove.

O autor caracteriza esta metodoloxía pola importancia dos vínculos e relacións dentro da mesma. Así, “o funcionamento xira sempre arredor do grupo” (1999, p. 55), en pequena escala ou na colectiva que integra ao conxunto. Cómpre mencionar que un trazo importante ao respecto disto é que estes grupos fundaméntanse na estabilidade e cohesión, materializados grazas ao alto compromiso na asistencia e implicación das participantes, que permite desenvolver un sentido de pertenza profundo.

Esta alta intensidade das relacións persoais e sociais destínase a “autodefinir e implicarse nunha tarefa ou unhas tarefas para levar a cabo” (Trilla Bernet, 1999, p. 55) dentro do marco dun proxecto. Así, destaca a existencia dun proxecto compartido que, malia poder adoptar diversas formas (distinto contido, alcance, duración, etc.), é imprescindible para a presenza do grupo. De tal xeito, os proxectos varían en función de múltiples factores, entre os que destacan a idade das participantes, a dispoñibilidade de medios ou os propios intereses do grupo; puidéndose materializar cunha vontade de descubrimento, de intervención sobre a realidade máis próxima (en termos culturais, sociais, medioambientais...), de aventura ou lúdico festiva (Trilla Bernet, 1999).

A participación activa é outro aspecto fundamental desta metodoloxía. As persoas participantes convértense en protagonistas do seu propio proceso de desenvolvemento e aprendizaxe, asumindo responsabilidades e tomando decisións na planificación, execución e avaliación do proxecto. Así, os proxectos concíbense como experiencias concretas que involucran a participación (tanto individual como colectiva) das persoas que conforman o grupo, “en tanto que «xestores»” (Trilla Bernet, 1999, p. 56), isto é, contribuíndo activamente na creación, organización, desenvolvemento e peche dos proxectos. Ao que isto respecta, Álvarez Alday et al. defenden que

a participación dos mozos na xeración e xestión dos seus espazos de ocio, entendendo como espazo o contexto no que se desenvolve a experiencia de ocio, perfílase como unha das ferramentas máis poderosas para favorecer o seu proceso de socialización e para contribuír ao seu desenvolvemento persoal. (2014, p. 108-109)

Pola súa banda, Ortega Nuere e Bayón (2014) identifican esta participación da mocidade nos procesos de ocio como unha dimensión imprescindible no desenvolvemento integral das mesmas, posto que é a través desta secuencia metodolóxica como as persoas participantes adquiren coñecementos e habilidades prácticas que poden ser aplicadas en situacións da vida real, tales como a toma de decisións, a resolución de problemas e a comunicación efectiva entre elas. Neste senso, Soler Masó sostén que os proxectos esixen “organización, implicación, compromiso e moitas veces, tamén, esforzo. Pero xustamente estes son os

valores que dan sentido ao marco educativo que propoñen e que teñen o seu principal recurso no traballo en grupo” (2011, p. 181).

Así, esta pedagogía concibe o proxecto como algo educativo e de influencia, que se formula como unha proposta de valores concretada a modo de reto das educadoras (que acompañan todo o proceso) de cara ás participantes (Trilla Bernet, 1999). Cómpre mencionar que este é de carácter propositivo, debendo ser sempre reformulado polas persoas participantes. Neste senso, a Pedagogía do Proxecto promove a autoxestión, en tanto que potencia a asunción de responsabilidades e a toma de decisións. Isto implica contar con aptitudes, tales como a autonomía ou a competencia autocrítica e reflexiva, que permitan comunicarse e traballar en equipo, planificar e administrar o tempo e recursos ou establecer metas; entre outras, características esenciais nun mundo cada vez máis cambiante e esixente (Sarea, 2019).

O traballo colaborativo que require esta metodoloxía fomenta unha aprendizaxe social entre as persoas participantes, isto é, integrar como traballar en equipo, compartir responsabilidades, comunicarse eficazmente e desenvolver habilidades de negociación e resolución de conflitos. Isto non só enriquece o proceso de aprendizaxe, senón que tamén prepara ás persoas para a súa participación na sociedade. Así, este modelo de participación proactiva e metaparticipación permite potenciar a construción de cidadanía activa e comprometida (Morata García e Alonso Sáez, 2019). Ademais, é característico desta metodoloxía que “os proxectos non teñen só unha significación interna para o grupo ou o colectivo, senón que aspiran a proxectarse cara ao exterior” (Trilla Bernet, 1999, p. 56), o que permite identificar as posibilidades de intervención na contorna máis próxima. Neste senso, a do proxecto é unha pedagogía activa cunha función social (Soler Masó, 2011).

Trilla Bernet (1999) identifica este como “o modelo que fai a aposta educativa máis dura” (1999, p. 56), facendo referencia ao impacto sostido no tempo -perdurable- que busca producir sobre as participantes. Considéraa “unha pedagogía de alta intensidade” (Trilla Bernet, 1999, p. 56), xa que o proxecto se vive de xeito continuado (Soler Masó, 2011) xerando experiencias memorables con valor educativo engadido. En numerosos casos, estas fortes vivencias persoais e relacionais favorécense aínda máis en espazos extraordinarios de convivencia, como poden ser os campamentos ou as saídas en grupo. Estes, ademais de impulsar a independencia transitoria do medio familiar e o contacto co medio natural, cultural e social, constitúense como oportunidades onde adquirir aprendizaxes para a vida cotiá, cultivando activamente dimensións da personalidade e afianzando o sentido de pertenza e vínculos dentro do grupo ao experimentar ditas vivencias de forma colectiva (Soler Masó, 2011; Trilla Bernet, 1999).

É entón así, a través da interacción continuada do grupo, o proxecto compartido e a participación activa en experiencias colectivas memorables, como a Pedagogía do Proxecto

fomenta unha educación integral que permite desenvolver habilidades persoais e relacionais e, sobre todo, establecer relacións significativas, é dicir, vínculos cunha alta intensidade afectiva que constrúen unha rede de pertenza (Caride Gómez e López Paz, 2002).

Contextos de Aplicación: o Asociacionismo

Tratando de dar resposta ao dereito a unha educación integral de crianzas e adolescencias (United Nations International Children's Emergency Fund [UNICEF], 2006) e reivindicando esta necesidade que a administración pública non estaba atendendo, as orixes da oferta de actividades de ocio e tempo libre para estas franxas de idade emprazáronse en grupos voluntarios de tempo libre que desenvolvían unha actividade continuada anual (Aycart Carbajo, 2019). A estreita relación entre o asociacionismo e a Educación do Ocio remóntase a estes inicios nos anos sesenta e setenta do pasado século e chega ata a actualidade, onde o primeiro se entende como un marco óptimo de aplicación de dita pedagogía (Morata García e Alonso Sáez, 2019).

Antes de explicar as súas potencialidades como contexto de aplicación, cómpre primeiramente abordar o propio concepto de «asociacionismo». Caride Gómez comprende este termo como a “expresión da participación da cidadanía e da articulación da denominada «sociedade civil»” (2008, p. 17), vencellándoo a aquelas prácticas que mostran unha notoria capacidade para articular á cidadanía. Estas caracterízanse pola súa diversidade (Caride Gómez e López Paz, 2002), xa que atenden a expectativas e intereses moi variados; que reflicten, á súa vez, a complexidade da sociedade e as diversas canles organizativas ás que se poden recorrer para promover a interacción e a cohesión social (Caride Gómez, 2008).

Albergando a heteroxeneidade de iniciativas (diferentes tipos, formas, características e funcións), Alberich Nistal refírese ás asociacións como aquelas “agrupacións de persoas constituídas voluntariamente para realizar unha actividade colectiva estable, con organización formal democrática, sen ánimo de lucro e independentes, polo menos formalmente, do Estado, os partidos políticos e as empresas” (2007, p. 75). A Lei Reguladora do Dereito de Asociación (Ley orgánica 1/2002), expón que este é un instrumento de participación, mediante o que se exerce un dereito fundamental que contribúe á preservación da diversidade cultural e ao fortalecemento da democracia. Esta implicación asociativa é identificada por López Cabanas e Chacón Fuertes (1997) como a máxima expresión da participación cidadá, posto que esixe dun alto compromiso das participantes en calidade de coautoras; o que permite acadar de xeito progresivo cotas de autonomía e responsabilidade social cada vez máis elevadas, respondendo así á dimensión pedagóxica da participación (Morán de Castro, 2008).

Neste senso, o asociacionismo brinda un marco adecuado para o desenvolvemento da Pedagogía do Lecer, xa que posibilita a creación de espazos de encontro e participación

onde as persoas poidan desenvolver aprendizaxes de maneira colectiva e colaborativa. Os datos presentados por Morata García e Alonso Sáez (2019) permiten exemplificar o alto impacto do tecido social na participación en actividades de ocio, que consegue superar certas barreiras de tipo económico, debido, probablemente, á proximidade e conexión co territorio, á voluntariedade da participación e ao desenvolvemento de experiencias que empregan pedagogías activas, tales como a Pedagogía do Proxecto.

Tendo isto en conta, pódese afirmar que o asociacionismo comparte moitos dos seus principios coa Educación do Ocio, como é o exemplo da liberdade para participar del ou a conformación de espazos onde compartir experiencias e coñecementos e establecer relacións significativas con outras persoas con motivacións ou intereses comúns; cuestións fundamentais para o desenvolvemento de habilidades sociais, a construción de identidade e o fortalecemento da autoestima (Álvarez Alday et al., 2014). Neste marco contextual, e como xa foi mencionado, cobra unha especial relevancia a dimensión solidaria do ocio, posto que coincide coa achega altruísta que supón a acción voluntaria ao adicar “tempo e esforzos a cooperar en tarefas polas que non recibe ningunha recompensa material ou instrumental” (Caride Gómez e López Paz, 2002, p.17).

En síntese, o asociacionismo, baseado nun compromiso solidario, proporciona un contexto favorable para desenvolver a Pedagogía do Lecer, xa que promove espazos colectivos onde, a través da participación activa e a cooperación, xéranse aprendizaxes que potencian un desenvolvemento persoal e comunitario; converténdose así nun recurso valioso para promover o benestar das persoas a través do ocio.

Marco contextual: o Proxecto Pedagóxico de Altair Galiza

Como xa foi mencionado, Altair Galiza é unha asociación sen ánimo de lucro que forma parte do Movemento Internacional Sociocultural e Educativo nos Tempos Libres Altair (Altair Galiza [AG], 2021; Altair Galiza [AG], 2020). Este é un movemento xuvenil de acción voluntaria adicado á educación nos tempos libres en aras de contribuír ao desenvolvemento integral das persoas, potenciando o desenvolvemento de habilidades e a adquisición de novos coñecementos (Altair Galiza [AG], 2012).

O proxecto constituíuse no ano 2012 como un espazo inclusivo, de aventura e educación en valores “coa vontade de fortalecer os vínculos e o coñecemento da contorna” (Altair Galiza [AG], s.d.a) da rapazada de entre 8 e 18 anos. Na actualidade, a entidade conta con 15 persoas socias (voluntarias que desenvolven un labor educativo e/ou de xestión dentro da asociación) e 51 crianzas que acoden á actividade regular, e está conformada por tres agrupamentos, definidos na Carta Constitucional como as “células básicas de funcionamento de Altair” (AG, 2012, p. 14):

- Chao de Castro: Fundado en Burela no ano 2011, foi o grupo educativo pioneiro de Altair Galiza. Actualmente está en estado latente, tras o cese indefinido da súa actividade no ano 2018 debido á falta de relevo na equipa educativa.
- Seteportas: comeza o seu funcionamento en Santiago de Compostela no ano 2014 e continúa hoxe en día con 42 familias que participan regularmente nas actividades; constituíndose como o grupo máis consolidado da entidade.
- Faro Brigantium: emprazado na Coruña, este é o agrupamento de máis recente creación. Fundouse no ano 2022 e segue en activo, mais con certas complicacións para contar cun grupo estable de asociadas.

Ademais, cómpre mencionar que Altair Galiza tamén conta cunha escola de educación nos tempos libres, que convoca anualmente cursos de formación interna e outros en aberto de monitorado e dirección, homologados pola Xunta de Galicia.

Obxectivos Sociais e Educativos, Valores e Principios

En Altair, a educación é entendida dende a súa vertente de transformación social, e enmárcase no ámbito do tempo libre como contexto ideal para a mesma. Así, a entidade sostén a súa acción no compromiso de servizo á comunidade e practica unha educación integral, de compoñente lúdica e solidaria, con especial atención á relación co entorno e o territorio. A súa meta, en definitiva, é contribuír na Educación do Ocio como instrumento de solidariedade, comprensión mutua e progreso social e cultural; constituíndose como unha proposta centrada na persoa como membro dunha comunidade e axente de cambio dentro da mesma. Neste sentido, búscase promover o dereito ao uso e goce dos tempos libres en condicións de igualdade, sen depender dos recursos económicos ou outros factores de desigualdade social (AG, 2012).

Así, defendendo o voluntariado e o asociacionismo como ferramentas de cambio social e de traballo polo ben común, ten como fins socioeducativos xerais promover grupos de educación nos tempos libres, formar a xóvenes como educadoras e dirixentes de proxectos de animación sociocultural, desenvolver a expresión artística, propiciar a democracia cultural, promover a actividade física, deportiva e lúdica desenvolvendo o contacto coa natureza e a educación para a saúde, coñecer e protexer o medio ambiente, promover a democracia e a autoxestión, desenvolver o sentido crítico, promover o voluntariado e o asociacionismo, apoiar o desenvolvemento sustentable, a eliminación da discriminación e promoción da equidade ou educar en valores. A Carta Constitucional recolle dita proposta de valores sen unha xerarquía explícita, entre os que se atopan a liberdade, a igualdade, a xustiza social, a fraternidade ou a protección do medio, entre outros (AG, 2012). Cómpre mencionar que outro dos sinais de identidade que destacan de Altair Galiza é a defensa e promoción da lingua e a cultura galega.

Organización e Funcionamento

Tendo en conta os trazos psico-sociais das infancias e adolescencias, Altair articula os seguintes grupos de idades (de agrupación flexible), que responden ás distintas etapas do desenvolvemento evolutivo:

- Pícaras (8-9 anos): aprendizaxe de destrezas, coñecementos, hábitos e valores, contando co *xogo* como elemento vertebrador.
- Insurras (10-11 anos): a través de proxectos a curto prazo *descobren* de xeito lúdico o mundo que as rodea, coñecendo técnicas, procesos e costumes.
- Aventureiras (12-13 anos): co fin de vivir a *aventura*, deseñan proxectos a medio prazo a través dun proceso colectivo de aprendizaxe e cooperación.
- Pioneiras (14-15 anos): achéganse ao capital social, cultural, político, económico... da súa contorna a través de *proxectos* a medio-longo prazo.
- Argonautas (16 a 17 anos): deseñan proxectos a longo prazo con carácter de *servizo* á comunidade.

Todos estes, desenvolven a súa actividade (salvo alteracións por vacacións) de xeito semanal no local de cada agrupamento. Así mesmo, cada ano organizan catro campamentos (outono, inverno, primavera e verán), co obxectivo de dar a coñecer novos lugares e de vivir novas experiencias, ao tempo que se fomenta a aprendizaxe e o respecto do patrimonio material e inmaterial. Tamén son frecuentes as saídas e durmidas en momentos esporádicos do ano, atendendo aos intereses dos proxectos do agrupamento. Isto, no seu conxunto, constrúe un marco estable de traballo e de vinculación continua (AG, s.d.b).

Metodoloxía Educativa Altair

A práctica educativa de Altair baséase na Pedagogía do Proxecto (Trilla Bernet, 1999), comprendendo esta como metodoloxía activa que busca dar resposta ás inquedanzas e centros de interese das participantes. Formúlase o xogo, os proxectos e os campamentos como elementos esenciais na acción educativa, que busca acadar aprendizaxes significativas dende o cotián; tendo como bases fundamentais da acción pedagóxica a mellora da calidade de vida e o elemento lúdico. Así, constitúense como trazos fundamentais da metodoloxía pedagóxica da entidade o protagonismo do grupo (estable e cohesionado) e os vínculos establecidos nel, a existencia dun proxecto compartido polo grupo, a participación plena de todo o proceso, a xeración de experiencias vitais que acrecenten valor educativo, o contacto coa realidade e a contorna e a vivencia intensa, de tipo persoal e relacional. Ademais, a metodoloxía Altair é acompañada por un cadro simbólico propio, que garante e reforza os seus obxectivos educativos (AG, s.d.b).

Marco empírico: Resultados e Discusión

Preséntanse deseguido os resultados acadados tras o estudo de campo; os cales amosan o panorama global do caso de estudo. Así, neste apartado delimítanse tres tópicos principais nos que se integra a información recollida seguindo a secuencia dos bloques temáticos dos protocolos deseñados, o que permite triangular a información obtida nas entrevistas (E1 e E2) coa dos grupos de discusión (GD1 e GD2) e os documentos revisados. Os tópicos son os seguintes: significación de Altair, impacto persoal e impacto comunitario.

Debido a unha cuestión de espazo e axilidade na lectura (tratando de evitar reiteracións), exponse xunto a esta análise descritiva dos resultados a discusión dos mesmos, que os contrasta con achegas provintes de estudos relacionados coas temáticas abordadas.

Significación de Altair

O primeiro bloque de análise fai referencia a aspectos destacados que caracterizan á entidade e que, no seu conxunto, perfilan o que esta significa para as persoas participantes do estudo.

No sentido máis pragmático, cóincídese en que Altair Galiza é un *proxecto educativo* que contén unha *proposta de valores*, comprendendo estes como “criterios de acción social” (Álvarez Alday et al., 2014, p.111). De tal xeito, enténdese como unha iniciativa de educación integral cunha “orientación clara” (F4) e compartida que complementa e reforza o labor desenvolto nas familias e que, como efecto colateral, axuda á conciliación familiar. Esta perspectiva coincide coa introducida polos grupos de tempo libre xurdidos e recuperados nos anos sesenta, quen “identificaron que dende o espazo do tempo libre se podía transmitir unha serie de valores que completaban os recibidos na escola e na familia e formaban parte dunha educación integral da infancia, adolescencia e xuventude” (Aycart Carbajo, 2019, p. 84). Así, supérase a visión limitada da educación -onde se entende como unha función atribuída unicamente ás familias e escolas-, para ampliala ás diferentes formas e procesos de acceso á cultura e ao saber (Caballo Villar, 1996); un labor que implica a toda a sociedade, e dentro do que entidades socioeducativas como Altair desenvolven un papel principal. Neste senso, e aludindo á singularidade do mesmo nun contexto no que se dá un “galopante abandono da lingua galega como vehículo usual de expresión entre nenos e adolescentes” (Rodríguez Carnota, 2020, p. 20), un dos aspectos máis valorados no GD2 é que este sexa un contexto educativo onde se empregue o galego como lingua vehicular.

Ademais, ao tratarse dun proxecto, cómpre recoller que este se basea nunha metodoloxía que require dun deseño e planificación por parte das equipas educativas (E1 e E2), que permitan ir desenvolvendo accións e iniciativas de diverso alcance, duración e temáticas (sempre en función dos intereses e idades das altaíres). O Método Pedagógico Xeral da entidade (AG, s.d.b) fundamenta esta idea, presentando as seguintes fases para o

desenvolvemento dos proxectos: choiva de ideas, elección da idea e planificación escrita (en asembleas de grupos de idade), execución, avaliación final e celebración. Esta secuencia metodolóxica é coincidente coa exposta por Dragon Dreaming (s.d.), unha filosofía sociocomunitaria provinte da sabedoría indíxena dos aboríxenes australianos occidentais.

Tendo en conta as fortes vivencias de tipo persoal e relacional (Trilla Bernet, 1999) que se xeran nun contexto cunha metodoloxía como a de Altair, a significación para as persoas participantes non se limita a estas cuestións, senón que tamén existen outras que permiten expresar as representacións máis profundas, que moito teñen que ver coa experiencia e a emoción. E2 enuncia isto de xeito sintético: “Altair eu síntoo coma un fogar. Altair son as miñas amigas, Altair é un espazo seguro, Altair é un espazo de calma, onde me sinto libre, que iso é algo que na idade moza se agradece moito”.

Neste senso, non é de estrañar que a meirande parte das persoas participantes identifiquen Altair co termo “*familia*”, referíndose a unha rede de apoio á que pertencen. Este “sentimento de comunidade” (E1) fundaméntano nun sentido de pertenza a un grupo estable, forte e comprometido, que comparte valores e vivencias e, polo tanto, se identifica como tal. Entenden ademais que este espazo de seguridade e aceptación potencia a oportunidade de socialización entre iguais e vese reforzado coa experiencia dos campamentos; o que coincide cos resultados do estudo realizado pola World Organization of the Scout Movement [WOSM] (1995), onde se afirma que os campamentos (nese caso scouts) desenvolven un papel fundamental para que as participantes se integren e se sintan integradas no grupo. García González e Belmonte Almagro (2020) reforzan esta idea, indicando que este sentimento de pertenza a un grupo conleva que as persoas que o conformen se identifiquen, socialicen e compartan aprendizaxes cooperativas e conxuntas; creando “unha identidade comunitaria e adquirindo diferentes habilidades e competencias” (p. 45).

Malia o acordo na diversidade de idades e de xéneros das persoas que conforman os grupos, cuestión que se identifica como relevante neste contexto (R3 e E2), as educadoras entrevistadas (E1 e E2) defenden a existencia dun perfil concreto de familias asociadas, “dunha ideoloxía política de esquerdas, dun nivel socioeconómico de clase media, máis ou menos, e cunha ideoloxía un pouco marcada” (E1). Ambas asocian este perfil á proxección exterior da entidade, vencellada a unha proposta de valores pública, que concorda en grande parte con círculos concretos da sociedade; no que tamén hai excepcións. Pola contra, as familias (GD2) afirman que este é un “grupo de xente diversa” (F5) no que respecta á forma de ser, ás contornas de procedencia e aos hábitos de vida das altaíres; o que valoran de xeito moi positivo. Neste senso, E2 defende que, no caso concreto de Seteportas, o perfil participante estase diversificando considerablemente debido ao aumento en masa de altaíres, mais E1 non percibe moito avance ao respecto.

Esta rede de apoio que vén sendo exposta susténtase en relacións duradeiras de equidade e confianza entre educadoras e altaíres (E2) que, a través dun proceso regular de acompañamento, ten un impacto sostido e perdurable nas participantes. Trilla Bernet (1999) defende este como un dos factores característicos da Pedagogía do Proxecto, aludindo a un funcionamento baseado no grupo (que adoita ser estable e cohesionado con base no sentido de pertenza) e nas súas relacións, desenvolvidas a través dunha asistencia regular e unha alta implicación nas tarefas. Este afecto continuado no tempo introduce o factor social-comunitario a través da vinculación profunda entre as integrantes do grupo e presenta un potencial transformador. En palabras de E2:

Creo que é unha das cousas máis importantes. Eu non sentiría unha experiencia tan transformadora, se non estivera aí cinco anos da miña vida, compartindo con persoas moi diversas, con persoas coas que levo compartindo moitos anos, non? E coa que adquirín unha bagaxe en conxunto. A miña bagaxe non sería a mesma se cada ano ou cada mes compartira experiencias con diferentes persoas, senón que o feito de construír xuntas é algo moito máis potente e cunha potencialidade moito maior.

A isto contrapónse a expresada inestabilidade de educadoras integrantes das equipas, asociada á complexa conciliación da vida laboral cun proxecto de voluntariado deste tipo (F4), que “implica moito compromiso, e hoxe en día o compromiso dilúese cada vez máis” (E1). Isto concorda co expresado por Dávila de León (2008), quen identifica a incompatibilidade por cuestións de traballo ou estudos como unha das causas principais do abandono do voluntariado.

Introdúcese así outro dos aspectos que caracterizan a esta “familia”: o compromiso. Este é entendido dende a perspectiva da contribución ao mantemento dunha entidade autoxestionada como Altair -e o esforzo persoal (E2) e familiar (F2 e F3) que isto require-, mais tamén dende a vontade de intervir na realidade que as rodea, con vistas a transformala e melloralas. Estando interrelacionadas, ambas requiren dunha implicación que “escapa dunha motivación económica” (E1), posto que se fundamenta na “vontade de estar porque queres estar” (E1). Deste xeito, amósase coherencia cun dos valores base asociados á Pedagogía do Proxecto: un compromiso libremente establecido, no que se asume “unha responsabilidade social, persoal e ética” (Cobos Chacón, 2017, p. 7). R3 exprésao do seguinte xeito: “é algo no que queres contribuír realmente”, sendo así este un espazo escollido, xa que “calquera altaíre establece un pacto libre e un compromiso con esta actividade, non? Porque quere e así o desexa” (E2).

Esta, segundo o expresado polas participantes, é unha “familia” construída e en crecemento, que conta cunha base estable para seguir avanzando e coa confianza das familias

asociadas (F3). Exemplo disto é “o agrupamento Seteportas, que inicialmente tiña 4-5 persoas e foi medrando ata hoxe en día, que temos 42 crianzas” (E1).

Seguindo a descrición enunciada por E2 recollida previamente, Altair tamén é entendido como un “fogar” polas persoas participantes do estudo. Neste senso, identifican á entidade como un espazo propio que serve como vía de escape, e no cal perciben que teñen intimidade e senten liberación; o que posibilita “espazos, actitudes, relacións ás persoas para que pensen no que senten e pensen no que precisan para ser felices, desenvolver a súa consciencia e poder auto-xestionarse como persoas na súa integridade” (Sarea, 2019, p. 20).

Así, entenden este como un espazo de confort e seguridade, que lles produce felicidade e calma (R1, R3 e R5) ao potenciar unha desconexión co mundo exterior e coas presións e agobios que senten provintes del (aspecto que se potencia aínda máis nos campamentos). De tal xeito, perciben certa emancipación que lles permite liberarse desta tensión -na que incide tamén a desvinculación transitoria do medio familiar (Soler Masó, 2011) coa diminución da presenza das familias co aumento de idade das altaíres- e que, xunto cun contacto directo coa natureza, lles potencia unha sensación de liberdade (R4, R3, F1, F3, F1, E1); configurando un espazo onde “non interpretan ningún rol, son eles mesmos” (F4) e son aceptadas como tal. Así, ao respecto disto, Pulido-Rodríguez et al. defende que o

tempo libre convértese nun espazo privilexiado para o desenvolvemento de experiencias humanas que faciliten (ou dificulten) o apoio social, a solidariedade, a predisposición a aceptar ao outro diferente como integrante da mesma comunidade ou todas esas outras actitudes e comportamentos que favorecen a cohesión social. (2019, p. 126).

Dentro desta liberdade, cómpre destacar a capacidade de decisión coa que contan as altaíres na entidade, onde adquiren un papel activo no deseño e realización de proxectos, aspecto visible na implicación organizativa amosada na descrición do desenvolvemento das iniciativas mencionadas (GD1, E1 e E2). É a través desta participación proxectiva como se toman decisións de xeito conxunto, deseñando os “proxectos en base aos intereses (sempre) das integrantes, das altaíres do grupo” (E2). Trilla Bernet (1999) identifica esta como outra das características fundamentais da Pedagogía do Proxecto, referíndose á participación (individual e colectiva) das integrantes do grupo en tanto xestoras, “no dobre sentido da palabra: por ter formado parte na xestión do proxecto (decisión, formulación, etc.) e a súa xestión propiamente dita (organización, regulación...), así como na valoración ou análise da experiencia vivida” (p.10). Este aspecto tamén é recollido nos documentos institucionais como un dos trazos fundamentais da metodoloxía pedagóxica de Altair, indicando que

tanto a nivel entre iguais de cada grupo de idade, como a nivel grupal e colectivo, debe haber unha participación plena no proceso de planificación, toma de decisións, organización e regulación (xestión) do proxecto, así como na avaliación e análise da experiencia. (AG, s.d.b, p. 7)

Altair tamén significa para as participantes “un rebumbio de emocións constantes” (E2), isto é, unha *experiencia transformadora que apela á emoción* (E2). Isto asóciano maioritariamente con dous factores: a convivencia e a oportunidade de vivir experiencias fóra da rutina, que teñen como resultado vivencias con forte implicación persoal e relacional que acaban por integrar Altair nas súas vidas diarias (E1). A convivencia é un dos aspectos que máis valoran as participantes, identificando que dela derivan “todos os sentimentos que podes pasar” (R3) pero tamén a vinculación coas demais altares. A isto engádeselle a oportunidade de experimentar espazos onde “vivir, sentir e comentar” (F2), onde os campamentos se erguen como o espazo privilexiado de Altair, o “máis potencial para o agrupamento e para a actividade pedagóxica” (E2), “onde se permite a aventura, onde se permite o descubrimento de novos estímulos, novas contornas...” (E2). Dentro destes, no GD1 destacan os roteiros, os xogos, as veladas (e en concreto os «Espazos Tabús») e os momentos de convivio. E1 resume así, o que implica para ela este espazo (extrapolable á súa percepción da entidade):

Estar de campamento para min significa, ao principio, unha xestión organizativa moi complicada, durante, a veces un pouco de inestabilidade emocional, porque tes que lidiar con moitas cousas pero, despois, unha desconexión co mundo exterior moi grande e un sentimento de comunidade e familia moi forte.

Impacto Persoal

O segundo dos bloques alude ás implicacións que ten Altair Galiza na forma de ser, de pensar e de actuar das persoas que participan del. Este impacto atinxe tanto a cuestións de desenvolvemento persoal en si mesmo, como ás relativas a un desenvolvemento persoal con proxección social, de xeito que “Altair educa no grupo, pero tamén educa na individualidade” (E2).

No que respecta ao desenvolvemento persoal destaca a *autonomía*, entendendo esta como a capacidade resolutiva a través da adquisición de “ferramentas para a vida” (E1) dende a praxe, isto é “dende o contacto coa contorna, dende o contacto coa realidade...” (E2). As participantes resaltan e valoran especialmente esta cuestión, relacionando a mesma coa participación activa e plena na cotiandade do funcionamento do grupo, responsabilizándose do mesmo e adquirindo aprendizaxes en termos de xestión. Así, tense en consideración o carácter multidimensional do ocio, que sitúa á persoa como protagonista da experiencia e responsable de transformala nunha verdadeira vivencia de ocio (Maroñas Bermúdez et al.,

2019). R1 recolle esta cuestión: “como tamén facemos nós practicamente todo; en plan, cociñamos, limpamos e tal, ensínache a ser máis independente”. Esta capacidade resolutive desenvólvese aínda máis nos campamentos: “para min estar de campamento é aprender a xestionarse. En plan, organizar todo, as tendas a un lado, a cociña nunha parte... Acostumarse ao entorno eu tamén diría. Porque chegas e non sabes exactamente como é o sitio” (R5).

Cadwell e Witt (2011), no seu estudo de revisión bibliográfica, evidencian que as experiencias de ocio contribúen directamente ao desenvolvemento da autonomía e da iniciativa, así como tamén da identidade, responsabilidade e comportamento social das adolescencias. Isto é corroborado por Artolazabal Albéniz (2019), quen afirma que estas experiencias axudan ás infancia e adolescencias a adquirir diversas capacidades que contribúen ao seu desenvolvemento integral e ao exercicio da súa autonomía. Este aumento de autonomía é identificado por Csikszentmihalyi (2001) como unha das dúas compoñentes que sosteñen un desenvolvemento humano óptimo. Acadar maiores cotas de independencia constitúese así como un dos piares nos que se fundamenta a base educativa do proxecto, concretada a través da autoxestión (AG, s.d.b e AG, 2012); e que á súa vez é coincidente cun dos obxectivos da Pedagogía do Lecer.

Dentro desta autonomía trabállase a educación emocional, na que se destaca a xestión da frustración (E1) e a mediación ante conflitos (R3 e R2). Isto materialízase a través do desenvolvemento de aptitudes e da apertura de ferramentas e espazos nos que abordar ditas situacións “a través do diálogo, a convivencia e o fomento da empatía” (AG, s.d.b), tales como o Consello da Estrela, un órgano adicado á resolución de conflitos.

As participantes tamén consideran que Altair incidiu na *vivencia de valores e principios relacionados*; aspecto que garda unha estreita vinculación coa ideoloxía e que concreta a implicación da proposta de valores identificada. Neste senso, valoran como principais:

- O sentido da responsabilidade (para unha e para as outras), corresponsabilizándose de xeito firme cos compromisos asumidos na entidade. Esta é unha cuestión que foi destacada especialmente no GD2, coincidindo coa importancia que se lle outorga no Método Pedagógico Xeral (AG, s.d.b), onde se identifican roles dentro de cada grupo de idade, que inciden na asunción da responsabilidade individual e grupal. Ao respecto disto, Cobos Chacón (2017) indica que é a asunción progresiva de responsabilidades, cunha mesma e co resto do grupo, a través da participación en diversas actividades o que potencia o desenvolvemento dun compromiso persoal libremente aceptado, no que se fundamenta o éxito do grupo.
- O cambio de acento nos ámbitos de relación, valorando e actuando sobre a comunidade local coa perspectiva de “dende o noso é para nós, sen que aspirar a transformarlle a vida a xente máis alá do próximo” (E2). Así, concíbese o “local como

base da construción social” (AG, 2012, p. 3), o que implica unha relación e coñecemento dese mundo; dimensión precisa para o desfrute dun ocio comunitario (Maroñas Bermúdez et al., 2019).

- O uso e valorización da cultura e a lingua galega, sendo Altair un espazo onde se senten máis cómodas falando na súa lingua nai (R1 e R4). Ao respecto disto, a Carta Constitucional do Movemento Internacional Sociocultural e Educativo nos Tempos Libres Altair recolle que “Altair defende a protección, práctica e promoción da cultura de cada comunidade como elemento fundamental da identidade e da cohesión social e do valor patrimonial e afectivo da comunidade” (AG, 2012, p. 3-4), permitindo así entroncar a práctica educativa no tempo libre coa súa base social, como aconsella facer Sarea (2019).
 - A interiorización de valores vencellados á xustiza social dende unha perspectiva aberta, tolerante e respectuosa, a través do coñecemento de novas realidades e contextos, que lles axudan a “entender máis ás persoas” (R5), respectalas (F2) e potencia nelas a acción en contra de temáticas como o “machismo, racismo, explotación” (R3). Estas consideracións mostran un traslado adecuado dos obxectivos educativos da entidade (AG, 2021), estreitamente vencellados co ocio solidario, debido á súa vontade de garantir a través do mesmo o dereito a unha vida digna (Cuenca Cabeza, 2005).
 - A adquisición de normas para o funcionamento e a convivencia colectiva:
 - Fun a un acampamento, e o que máis me chamou a atención foi o xeito de funcionar. Parecíame un xeito tan fácil, no que estaban as crianzas tan implicadas en todo, que alucinei. Porque me parecía algo súper fluído, en plan, chegar e ver rapazas de 8 anos cocifiando para o resto e que todo funcionase tan ben, chamar e que viñese, “vamos facer este proxecto” e faise, acábase e celébrase ao final, ter momentos de convivio, de falar... Pareceume como un mundo aparte. (E1)
- Isto potencia o sentido e a consciencia do colectivo, isto é, ter “en consideración ao grupo constantemente” (E2), e vincúlase á austeridade e á capacidade de compartir, desenvolta maioritariamente na convivencia que implican os campamentos e saídas conxuntas. Así, no seu conxunto, estas experiencias de ocio permiten ensaiar a socialización, “con todo o que esta comporta de valores vividos, asunción de normas, achegas de iniciativas e apoio ás ocorrencias doutros” (Álvarez Alday et al., 2014, p.102).
- A asunción dun compromiso social mediante a estimulación da conciencia cívica e unha perspectiva comunitaria vencellada á “cooperación, solidariedade...” (R2). Este entronca coa vontade comunitaria do proxecto, que ten como un dos piares que

sosteñen a súa acción o compromiso de servizo á comunidade, “no traballo polo fortalecemento da sociedade civil, polo ben común, pola calidade de vida das persoas e o benestar social e pola satisfacción persoal e colectiva” (AG, 2012, p.1). Neste senso, Trilla Bernet (1999) explica que este compromiso presupón o forte compromiso das educadoras cos valores expresados en forma de proxecto educativo. Isto susténtase nunha asunción de roles dentro do grupo, de xeito que canto maior é o grupo de idade, maior labor de compromiso de servizo á comunidade asume. R3 recolle esta idea do seguinte xeito “ti cando eres maior queres vir aquí para contribuír a que iso siga avanzando”, concordando co que mostra R4, cando di: “a ver, colles esa perspectiva pero... Sinceramente, eu no meu caso foi porque era o que tocaba. Somos Argonautas. E estou orgullosa diso e agradézoo, pero se non estivese non se me ocorrería”.

Dentro do plano do desenvolvemento persoal, resáltanse tamén cuestións relativas ao *autocoñecemento*, *autoestima* e *seguridade nunha mesma*, derivadas de percibir Altair como un espazo libre onde formarse e experimentar acompañada dunha rede de apoio. Por unha banda, alúdese ao coñecemento identitario e á conformación de gustos, como é o caso de R2, que di “Seteportas pois reencamiñoume e fíxome saber quen era” ou “está moi presente en como son agora”; mais isto tamén vén da man dun aumento da confianza e da autoestima, constituíndose este como un espazo onde “reafirmar as identidades en moitos sentidos” (E2) e desenvolverse acorde a elas: “agora si que son a mesma persoa en Seteportas que fóra, pero ao principio non. Ao principio era eu mesma en Seteportas e fóra era o que se supoñía que tiña que ser” (R1). Neste senso, maniféstase que esta confianza tamén potenciou aptitudes de socialización, especialmente na rapazada con máis timidez (R4 e F5).

Cúmrese así cun dos cometidos que identifica Sarea para o sector do ocio educativo, o de posibilitar procesos de autocoñecemento e “de crecemento persoal no máis profundo de cada unha das persoas” (2019, p.20) a través da conformación de espazos onde coñecerse máis e aprender a identificar, comprender e xestionar os sentimentos propios, facéndose protagonistas das súas propias vidas e posibilitando extraer o potencial de cada persoa. Así, é ao participar activamente no funcionamento do grupo, como a rapazada descubre novas aptitudes e gaña confianza en habilidades xa desenvoltas (WOSM, 1995).

Esta seguridade á que se refiren susténtase nunha superación persoal -provinte de verse capaces de desenvolver accións de xeito autónomo e superar retos (percepción de control e competencia)-, pero tamén nunha realización persoal, derivada dunha produtividade reconfortante asociada á colaboración coa sociedade, ao avance e obtención de resultados e ao recoñecemento do traballo desenvolto. En concordancia co exposto, a investigación de

Gordon e Caltabiano (1996) confirma a existencia dunha relación positiva entre a autoestima e a satisfacción e o control da experiencia de ocio. E1 exemplifícao do seguinte xeito:

Por exemplo, cando fixemos a presentación en Vilar de Santos, e foi a familia dun dos guerrilleiros que aparecía na curta e recibimos moitos halagos, déronos moitas grazas, e a xente choraba... Estaba emocionada alí unha persoa atrás que era familiar... E foi tamén moi reconfortante e fíxonos sentir moi realizadas a todas, dicir «vale, fixemos un traballo, e tivo un impacto bo para unha comunidade».

Outro dos impactos que se recoñecen no plano persoal son as *experiencias memorables con valor educativo engadido*, isto é, a experimentación de fortes vivencias de tipo persoal e relacional que xeran aprendizaxes (Trilla Bernet, 1999). Dentro das mesmas salientase o contacto con realidades alleas á vida diaria das altaíres, a través do cal se potencia un coñecemento daquelas “ cousas que non tes no teu día a día pero están aí” (R2) e, polo tanto, unha maior conciencia das mesmas. Ademais, ofrécense “oportunidades para romper coa rutina, para experimentar co novo” (Csikszentmihalyi, 2001, p.30) e achegarse vivencialmente a alternativas diversas que inciden na conformación de gustos, aficións e proxeccións laborais; e xéranse aprendizaxes arredor da historia, cultura e vivencias de ditas realidades que serven como fontes de coñecemento para dotar aos proxectos dun sentido e unha contextualización, xa que estes “non teñen só unha significación interna para o grupo ou o colectivo, senón que aspiran a proxectarse ao exterior” (Trilla Bernet, 1999) extraendo unha experiencia directa da realidade e tendo capacidade para intervir nela a través dunha acción eficaz (AG, 2012).

Destácase ademais o factor de convivio de ditas aventuras e momentos solemnes como un dos aspectos que xera tan alta implicación emocional. Neste senso, a WOSM (1995) afirma que os aspectos que teñen un impacto máis significativo no desenvolvemento das relacións entre as participantes son as experiencias vividas xuntas de xeito continuado (máis alá de accións puntuais), as responsabilidades asumidas en conxunto e un esforzo persoal sostido no tempo. Ao que isto respecta, os campamentos e a regularidade da actividade funcionan como base fundamental. Así, o feito de xerar vivencias compartidas reforza o sentimento de pertenza e os vínculos xerados no grupo, de xeito que “eses momentos intensos tamén ao final, en grupo, fan unirse máis. Porque ao final, vou abrazar a este, vou abrazar ao outro, vou consolalo... Úneste á xente moitísimo neses momentos” (R3). Neste senso, E2 afirma: “eu non vin vínculos afectivos en ningún contexto como vin no asociacionismo. Non vin experiencias vitais tan fortes e tan transformadoras en ningún contexto como vin no asociacionismo”. Así, é “a través do lúdico e da memoria” (E2) como se constrúen experiencias vitais que “marcan moito a túa vida” (R4). O Método Pedagóxico de Altair concorda con este aspecto, recollendo como un dos trazos fundamentais da súa metodoloxía a “xeración de experiencias vitais que ao final acrecentan un valor educativo”

(AG, s.d.b, p. 7), onde a memoria adquire unha proxección formativa e cohesionadora cun efecto duradeiro en termos vitais nas persoas participantes.

Noutra orde de cousas, salientan as cuestións relativas a un desenvolvemento persoal con proxección social, nas que tamén inciden as anteriormente mencionadas. Dentro destas, concédeselle unha especial relevancia ao *plano relacional*, baseado nunha rede de apoio e afectos que constitúe o lugar seguro que se identifica no bloque temático anterior. Neste senso, E1 explica que para ela Altair

non é só «teño un compromiso social», é «teño un compromiso social compartido con xente que pensa igual ca min (non en todos os aspectos) e que me apoia e que me quere». É unha rede moi forte e moi difícil de quebrar.

As vivencias e inseguridades compartidas (R4) tecen nó a nó esta rede que, no seu conxunto, é percibida como algo propio e ao que se pertence. García González e Belmonte Almagro (2020) defenden que esta pertenza potencia unha socialización, unha identificación entre os membros e permite compartir aprendizaxes cooperativas; creando unha identidade comunitaria e adquirindo habilidades e competencias diversas. Así, establécense amizades e vínculos afectivos moi fortes -“unha cousa que tal vez só se permita a través dun contexto como o ocio” (E2) pola capacidade vivencial previamente mencionada-, que traspasan o marco da entidade e se integran na vida diaria das altaíres; valorando este como un dos aspectos máis significativos para elas. Así, percíbese un sentido de pertenza ao grupo, conformado por relacións horizontais “onde ser educador non é só dar, senón tamén é recibir” (E2), co que se sente unha identificación en termos de valores, e se aprecia como algo propio onde “todo o mundo ten un papel moi importante” (R2). Neste senso, respaldado por un extenso cadro simbólico conxunto, cobra sentido o “funcionamento en volta do grupo” (AG, s.d.b, p. 7); termo referido á comprensión do propio grupo estable e das relacións que se establecen dentro do mesmo como base do funcionamento do proxecto.

Esta identificación potencia a corresponsabilidade coa entidade que, cunha actitude comprometida e resiliente, afirmase que sempre compensa “porque o que che ofrece é algo moi satisfactorio” (E2). Percíbese que “Altair é algo que se integra totalmente na túa vida diaria” (E1), e polo tanto tamén familiar (F2), identificándose como un dos aspectos máis importantes (ou o máis importante) das experiencias vitais das altaíres. Este é o caso do recoñecemento de R2 de Altair como “é a nosa vida realmente”. Ligada a esta unificación, maniféstase unha “presión por ser Altair” (R3), referida á dificultade por saír deste contexto, e que mostra certa contradición coa vontade de estar aí expresada con anterioridade. Esta vencéllase ao sentimento de pertenza ao grupo e ao alto compromiso que supón, sendo este un sentimento habitual en contextos asociativos de grande implicación (WOSM, 1995). Por último, a proxección social do desenvolvemento persoal producido polo impacto da entidade nas altaíres tamén se relaciona coa construción das mesmas como *axentes*

sociocomunitarios e líderes sociais, participando así na construción de cidadanía activa, crítica e comprometida para o ben común (Morata García e Alonso Sáez, 2019).

No relativo ás traxectorias participativas en canto a conduta cidadá, vida asociativa e compromiso social, as educadoras manifestan que aprenderon en Altair o que era o asociacionismo, adquirindo bagaxe e experiencia á hora de funcionar dentro do mesmo. Esta idea é reforzada polas achegas da rapazada, que amosan unha participación activa a nivel social e comunitario, dende unha vontade voluntaria. Neste senso, cómpre mencionar que Faro Brigantium, o agrupamento de máis recente creación de Altair Galiza, “naceu por unha rapaza que estivera en Chao de Castro” (E1), o que demostra a impronta de vocación social que deixou nela. Isto concorda co defendido por Martínez Odria, cando enuncia que a implicación en actuacións de voluntariado “resulta unha experiencia educativa valiosa para todos, e en especial para os xóvenes, ao facer posible o seu contacto con oportunidades reais de participación” (2003, p.187), considerando o voluntariado como un mecanismo básico de participación social e un contexto idóneo para a socialización e a formación dunha cidadanía activa (Petrus, 2003).

Por outra banda, afírmase que a entidade dota de ferramentas ás altaíres para a “autocrítica e para a crítica da contorna” (E2) na que se desenvolven, potenciando unha capacidade de pensamento crítico, unha actitude proactiva na busca de información e aptitudes para a reflexión e o debate (GD2). Isto acompáñase dunha maior conciencia en base a problemáticas sociais, a través do coñecemento e o achegamento ás mesmas cunha actitude crítica e construtiva. Neste senso, Cuenca Cabeza indica que o ocio “non é só tempo de diversión, senón tamén de reflexión e de coñecemento do mundo e os demais” (2005, p. 25). Neste senso, R5 afirma que “Seteportas faiche meditar sobre as cousas, en plan, sobre ti mesmo, sobre o que pensas, o que cres, sobre o que sucede ao teu redor. Pon en cuestión todas esas cosas”.

Nesta construción como axentes sociocomunitarios destaca, por último, o compromiso social. Esta vontade de servizo á comunidade é identificada como algo integrado nelas, que lles produce satisfacción e realización personal, e que perciben ter cultivado en Altair. A este respecto, Cuenca Cabeza recolle que “a reflexión sobre a acción solidaria é unha reflexión importante, que abre novas posibilidades para abordar o crecente individualismo que predomina nas experiencias de ocio das sociedades modernas” (2005, p.204). R2 enuncia, neste senso, o seu cambio de perspectiva no desenvolvemento do seu labor de servizo á comunidade:

Por exemplo, tamén se facían limpeza na praia e así, pero velo distinto dende que vas a Seteportas. Porque antes era como «bueno, mándanme ir. Vou», pero agora xa como teño máis dentro meu a necesidade de facelo, entón xa vou contenta.

Impacto Comunitario

O último dos bloques de análise refírese á incidencia que ten Altair nas realidades das contornas onde se enmarca, como proxecto sociocomunitario cun compromiso de servizo á comunidade (AG, 2012). Ao que isto respecta, destacan tres aspectos fundamentais: a cohesión social de barrio, o localismo e o servizo á comunidade.

Co fin de analizar en profundidade as cuestións relativas á *cohesión social de barrio*, focalizámonos no agrupamento máis consolidado de Altair Galiza. Seteportas-Altair emprázase no barrio de San Pedro, “un exemplo de comunidade local que xa non existe na cidade” (E2). A totalidade das persoas participantes no estudo afirman que a asociación desenvolve un contacto directo co barrio, que potencia dita cohesión. Neste senso, destácase o traballo en rede con outras entidades (maioritariamente coa asociación veciñal A Xuntanza) a través da participación e organización de actividades colectivas, tales como o Mercado do Caracol ou as festas de San Pedro, das que algunhas altaíres forman parte da comisión que as desenvolve, aínda que cunha implicación limitada (E1 e R1). Preséntase entón Altair “coma un servizo para o barrio” (E2), que coincide coa concepción do ocio como medio transversal de acción-intervención que contribúe a recuperar e aumentar as redes de solidariedade das comunidades (Maroñas Bermúdez et al, 2019).

Maniféstase tamén un contacto directo co comercio local, empregándoo de forma asidua para a dotación de materiais do agrupamento ou espazos alternativos de xuntanza. Ademais, menciónase que a entidade fai uso do espazo público de xeito asiduo, tanto para o desenvolvemento da súa actividade regular, como en actividades específicas de descuberta do barrio ou dinamización do mesmo, como é o caso do proxecto das Aquáridas (E1), dándolle “alegría” (R4) e “un toque de xuventude ao barrio” (R1). Neste senso, móstrase un contacto directo e continuo coa veciñanza da zona, co fin de formar parte da comunidade local. Malia isto, E1 expresa certo descontento co cumprimento de dito obxectivo, motivado polo descoñecemento ou falta de estruturas coas que colaborar máis alá do círculo no que se proxecta a entidade:

Ao final creo que aínda nos falta para estar totalmente integrados na comunidade local e ter un impacto forte na comunidade local. (...) Somos coñecidas no barrio, pero dentro dun círculo concreto. (...) Creo que aínda nos falta moito traballo por facer. (...) E eu creo que no barrio o facemos pero non moito, que debiamos de facelo máis.

Este aspecto garda estreita relación coa escasa identificación e coñecemento de Altair no barrio e pola xente que vive nel (F1 e F5), que se vencella ao emprazamento do seu local nunha rúa esquecida no barrio (E1), á falta da presenza na vida diaria do mesmo (E1) e á complexidade deste proxecto atípico no contexto do lecer galego (E2). Cómpre mencionar

que entre as dúas educadoras tamén existe disparidade de opinións arredor da identidade do barrio de San Pedro, contraponendo “unha veciñanza que se coñece, que vive en comunidade, que se relacionan cos servizos que se ofrecen no barrio” (E2) coa existencia dunha “comunidade veterana do barrio de San Pedro que se sinte moi lonxe do discurso da asociación veciñal” (E1), á que se ten dificultades para chegar. Malia isto, identifícase esta como unha asociación pertencente ao barrio de San Pedro e que desenvolve un labor colaborativo de cara ao mesmo (R2); unha acción que non se estende a ámbitos máis amplos, como o municipal.

Xa en termos comunitarios, e sobrepasando o límite xeográfico do barrio (aínda que gardando relación co mesmo), percíbese un impacto no cambio de acento nos ámbitos de relación, pasando do macro ao micro a través do *localismo* e a posta en valor da proximidade. Nestes termos, as participantes do estudo identifican un fomento do apoio veciñal -vencellado á apertura e compromiso social integrado a nivel persoal-, a través do establecemento de relacións veciñais e de solidariedade. Esta vinculación coa veciñanza desenvólvese en grande medida nos contextos de campamento e baséase no establecemento de diálogos coa mesma, onde a escoita se identifica como elemento central (R5). Neste senso, E1 indica que

Si que é certo que a todos os lugares aos que imos de acampamento e así, si que ese labor de traballar coa comunidade local e integrarnos e tal case sempre se consegue, e sempre que imos a algún lugar, vámonos co cariño da comunidade local normalmente.

O contacto coa veciñanza enténdese como un intercambio no que coñecer ás persoas coas que se interrelacionan e a súa contorna, pero no que tamén ofrecerse e compartir as formas de estar de Altair (R5), posto que se considera importante que todos os proxectos que se fan dende a entidade teñan un impacto positivo na comunidade (E2). Así, como defenden Ortega Nuere e Bayón este ocio baséase “no intercambio afectivo de saberes e experiencias” (2014, p.8). Neste senso, as contribucións adoitan vincularse coa dinamización dos espazos a través da organización de actividades e a presenza das propias altaíres, así como a colaboración en causas sociais do territorio, ás que as participantes se achegan a través da investigación sobre a historia do lugar e das súas persoas (R2). Isto, ademais de ofrecer espazos de socialización nunha realidade na que cada vez son máis reducidos (R4) e “onde se fomenta o individualismo, o consumismo e a competitividade” (Maroñas Bermúdez et al, 2019, p.123), potencia un coñecemento e posta en valor da sabedoría popular a través do “afondamento no uso e coñecemento da cultura como mecanismo para aumentar o benestar e a calidade de vida das persoas” (AG, 2012, p.4).

Por último, e tendo en consideración que “Altair vai do humanitario e vai do desenvolvemento das persoas” (E2), cóincídese en que desenvolve un labor de *servizo á comunidade*, seguindo a construción de axentes sociocomunitarios mencionada no bloque de análise anterior.

Por unha banda isto concrétase na oferta da entidade como un espazo de inclusión, onde todas as persoas poidan contar cun grupo de referencia ao que sintan que pertencen; compartindo con Morata García e Alonso Sáez (2019) a comprensión do ocio como un compoñente decisivo para promover a inclusión e as comunidades inclusivas. Malia amosarse isto como un principio da entidade, contraponse en certa medida ao expresado polas educadoras entrevistadas (E1 e E2) que, como xa foi mencionado, manifestan a existencia dunha certa uniformidade das altares, e ás impresións nos grupos de discusión (GD1 e GD2), onde se recoñece unha baixa participación de rapazada do barrio no que se empraza o agrupamento de Seteportas-Altair. Ademais, cómpre mencionar que Altair, como efecto colateral, oferta un espazo de conciliación para as familias.

Pola outra, destaca o labor desenvolto en Altair pola loita pola xustiza social, isto é, a acción social levada a cabo para mudar o que se considera que non está ben na sociedade; identificado como obxectivo central da entidade por parte de E2. Os métodos pedagóxicos da entidade recollen esta vontade, que se operativiza en maior medida nos grupos de idade avanzada:

Despois nas Pioneiras sempre está o carácter social máis presente... Os proxectos xa son un pouquiño máis a medio-longo prazo e sempre procuran ese impacto sobre a comunidade ou esa perspectiva sociocomunitaria. (...) E as Argonautas pois xa non funcionan por proxectos, senón que o que fan é desenvolver un servizo de voluntariado para a comunidade, facendo análise crítica sobre cales son as necesidades e que é iso que elas poden achegar á comunidade polo mero feito de suplir unha necesidade ou satisfacer o que unha comunidade pode precisar, ou unha veciña. (E2)

Dende esta perspectiva, os proxectos desenvolto tratan temáticas vencelladas á dimensión solidaria do ocio (Cuenca Cabeza, 2005), tales como medioambiente, feminismo, diversidade, inclusión ou igualdade social, entre outras. Os principios asociados ás mesmas intégranse de xeito transversal no proxecto a través da proposta de valores, de xeito que “todo isto sempre está no camiño, nunca pode ser o obxectivo dun proxecto ou dunha actividade” (E2).

Conclusións e Prospectiva

Ante o ocio predominante que se caracteriza por ser individual, inconexo e de consumo, Altair Galiza érguese como unha oportunidade singular coa que desenvolver en

profundidade o potencial educativo do lecer, facendo especial fincapé na dimensión solidaria do mesmo. Isto revélase de xeito claro nos resultados amosados, onde se identifica a forte incidencia do proxecto nas persoas que forman parte del; impactos que transcenden o plano individual para construír ás participantes como axentes sociocomunitarias, o que repercute de xeito directo no desenvolvemento das comunidades.

Altair baséase en experiencias transformadoras que, incidindo nun plano persoal e relacional, conforman unha rede de apoio recoñecida como propia e que, polo tanto, implica responsabilidades e compromisos. Isto vese reforzado por unha metodoloxía baseada na autoxesión, que ten unha clara incidencia no desenvolvemento da autonomía das persoas participantes, constituíndose este como un espazo onde dotarse de ferramentas para a vida cotiá. Precisamente este é un dos elementos característicos da Pedagogía do Proxecto, onde a participación activa das persoas que integran o grupo fai que estas sexan as protagonistas do proceso coordinando o mesmo; o que proporciona diversas competencias para a participación cidadá e o liderado social. Ademais, cómpre mencionar que estas habilidades desenvoltas contribúen na prevención de condutas de risco, tales como o consumo de drogas, un baixo rendemento escolar, un comportamento desadaptado no eido familiar ou reducidos niveis de autoconfianza e saúde mental.

Así, como se pode observar, os tres tópicos onde se expón o conxunto de información gardan unha estreita relación de interdependencia, posto que é a propia significación de Altair a que impacta persoalmente a cada individuo que participa na asociación, o que potencia ao mesmo tempo certas actitudes e valores sociais que, no seu conxunto, inciden no plano comunitario. Neste senso, mencionar que practicamente a totalidade destes aspectos están recollidos nos documentos institucionais da entidade, o que amosa un alto grao de coherencia entre estes, as accións desenvoltas e as consecuencias das mesmas.

A presenza transversal da dimensión solidaria do ocio incide de xeito directo na proposta de valores que guía toda acción das altaíres dentro da entidade. Esta tamén se estende a contextos alleos á mesma a través da integración de ditos valores polas participantes, quen poñen nun primeiro termo a xustiza social e a corresponsabilidade da cidadanía para acadala. Este é un dos aspectos máis destacables da proposta socioeducativa de Altair, posto que aproveita a cualidade lúdica do lecer para incidir de xeito construtivo na comunidade. No que isto respecta, é chave a identificación desta como unha experiencia voluntaria, que permite establecer un pacto libre sobre o que desenvolver o compromiso e gozar dun ocio autotélico; con todos os beneficios que este comporta.

Os elementos descritos, malia ser considerados notoriamente positivos no desenvolvemento integral das participantes e as comunidades nas que estas se integran, tamén trazan no seu conxunto certos retos de cara ao futuro da entidade analizada, entre os que destacan a continuidade e o crecemento da entidade. Por unha banda, a primeira refírese á capacidade

de soste a longo prazo un proxecto autoxestionado de tal complexidade como é o de Altair Galiza, o cal esixe unha complexa conciliación por parte das persoas asociadas con respecto aos demais ámbitos das súas vidas, así como dar con persoas que queiran adquirir un compromiso firme nunha época como a presente na que este se atopa cada vez máis diluído. Ademais, é imprescindible que neste proceso sempre se teña presente a escolla libre da participación na iniciativa, fuxindo de posibles presións exercidas. Pola outra banda, no relativo ao crecemento, cómpre destacar a necesaria difusión e comprensión social do proxecto e da súa importancia, aspecto no que aínda se recoñece unha ampla marxe de mellora. Dentro disto enmárcase a divulgación da entidade e conformación de novos agrupamentos, pero tamén o achegamento a unha maior diversidade de rapazada, de distintos niveis socioeconómicos, procedencia, etc. Un dos elementos que se identifican como limitantes disto é o posicionamento aberto recollido na proposta de valores que guía a entidade mais, como xa foi exposto, este debe de entenderse como unha potencialidade, posto que reforza e dá sentido a toda acción desenvolta, mais cómpre deseñar estratexias pedagóxicas para transmitilo de xeito próximo á sociedade, tendo en conta ademais que este rema en contra da tendencia social maioritaria do lecer e das sociedades actuais, polo que deberá de combater sesgos e prexuízos diversos.

Dende unha visión ampla, conformada pola combinación dos contidos teóricos recollidos coa información recabada no traballo de campo, considérase que o traballo realizado responde aos obxectivos formulados e descritos no comezo deste informe. Así, conseguiuase analizar o proxecto socioeducativo de Altair Galiza e, en base a este, a incidencia da Pedagogía do Proxecto no desenvolvemento integral das persoas como axentes sociocomunitarios (o primeiro dos obxectivos específicos), describindo os factores persoais que inciden nesta actitude e aptitude cidadá (o terceiro dos obxectivos específicos). Ademais, en base a este caso e malia o limitado apoio institucional, érguese o asociacionismo coma unha oportunidade ante ao ocio consumista, pasivo e/ou nocivo predominante na actualidade, recoñecéndose este espazo voluntario e autoxestionado como un lugar de e para o ocio que potencia a dimensión educativa do mesmo (acadando o segundo dos obxectivos específicos propostos). Deste xeito, no seu conxunto, este informe pon en valor o proxecto de Altair Galiza, o que podería -contando cunha fase posterior de difusión de resultados á sociedade- contribuir a sensibilizar á cidadanía no coñecemento de iniciativas que favorecen a adopción dun compromiso de servizo á comunidade (como é o caso) e así animar á participación nas mesmas ou á creación doutras semellantes, tratando así de fomentar un ocio saudable e beneficioso en termos individuais e colectivos.

Finalmente, con vistas a contribuir na mellora da calidade da Educación do Ocio e, polo tanto, no exercicio e desfrute do mesmo, propóñense unha serie de recomendacións dende a Pedagogía-Educación Social, tendo esta de referencia os criterios de actuación propios da

Pedagogía do Lecer e de cara a encamiñarse ao acceso equitativo a un ocio humanista fundamentado na experiencia e o autotelismo.

Ao que isto respecta, considérase preciso ampliar a oferta de lecer, xerando e dando a coñecer iniciativas e proxectos onde desenvolver un ocio de calidade, que supere a mera asistencia como forma de participación, para conformar espazos de encontro onde as persoas sexan as responsables de construír as súas propias experiencias de lecer e de vida. O emprego de metodoloxías de ocio que potencien a autonomía das persoas, como pode ser o caso da Pedagogía do Proxecto ou a Pedagogía do Medio, facilitará a conformación destes espazos; que permitirán ampliar as competencias individuais e relacionais de cara a xestión destes tempos sociais. Neste senso, é importante que estas iniciativas contén cunha difusión efectiva, que permita achegárllelas ao conxunto da poboación.

Outro dos aspectos importantes de cara á mellora da calidade da Educación do Ocio é a continuidade das iniciativas, posto que a constancia das mesmas é imprescindible para establecer vínculos relacionais profundos e o desenvolvemento dun sentido de pertenza. Así, deberase de fuxir do tallerismo intermitente para desenvolver iniciativas que perduren no tempo, dentro das cales o proceso educativo acada un maior impacto.

Por último, é oportuno xerar canles de colaboración e participación conxunta por parte das axentes comunitarias, das que derivar iniciativas de lecer que poñan nun primeiro plano a súa dimensión solidaria, fomentando valores e actitudes asociadas á mesma e que contribúan no desenvolvemento comunitario. Neste contexto, as profesionais da Educación Social teñen moito que achegar, tratando de favorecer a autonomía persoal e comunitaria e procesos endóxenos e horizontais de participación e colaboración.

Para rematar, cómpre identificar ademais as limitacións que mostra o presente estudo, entre as que destaca a superficialidade na que finalmente se puideron abordar algúns aspectos; unha cuestión que -en parte- vén motivada pola extensión prefixada para a redacción do informe así como polo tempo establecido para desenvolver a investigación, enmarcada na materia do Traballo de Fin de Grao. Nesta liña, a modo de prospectiva, sería convinte ampliar a mostra seleccionada a outros axentes sociais que gardan relación con Altair Galiza, como pode ser a propia veciñanza dos barrios onde se emprazan os seus agrupamentos ou algunhas das entidades coas que adoitan colaborar. Do mesmo xeito, en investigacións futuras sería de interese analizar este proxecto socioeducativo en clave de boa práctica, cos criterios que se identifican para tal fin (Gradaille Pernas e Caballo Villar, 2016), con vistas de valorar a súa posible incorporación a bancos de boas prácticas.

Referencias Bibliográficas

- Alberich Nistal, T. (2007). Asociaciones y Movimientos Sociales en España: Cuatro Décadas de Cambios. *Revista de Estudios de Juventud*, (76), 71-89. <https://www.injuve.es>
- Albert Gómez, M^a. J. (2007). *La investigación educativa: claves teóricas*. McGraw Hill.
- Altair Galiza [AG]. (12 de setembro de 2021). *Estatutos da Asociación Altair Galiza*. [//est.gal](http://est.gal)
- Altair Galiza [AG]. (18 de outubro de 2020). *Regulamento Interno da Associação*. [//altair.gal](http://altair.gal)
- Altair Galiza [AG]. (20 de outubro de 2012). *Movemento Internacional Sociocultural e educativo nos tempos libres*. <http://altair.gal>
- Altair Galiza [AG]. (s.d.a). *Quen somos*. <http://altair.gal/quen-somos/>
- Altair Galiza [AG]. (s.d.b). *Método Pedagógico Xeral*. <http://altair.gal>
- Álvarez Alday, M., Fernández-Villarán Ara, A. e Mendoza, M. L. (2014). Ocio como ámbito de socialización juvenil en C. Ortega Nuere e F. Bayón (Coords.), *El papel del ocio en la construcción social del joven* (pp. 97-122). Universidad de Deusto.
- Artolazabal Albéniz, B. (2019). Prólogo en I. Alonso Sáez e K. Artetxe Sanchez (Eds.), *Educación en el tiempo libre: la inclusión en el centro* (pp. 13-14). Octaedro.
- Asociación Estatal de Educación Social [ASEDES]. (2008). *Documentos profesionalizadores*. Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia. <https://ceesg.gal>
- Aycart Carbajo, E. (2019). El lugar de la educación en el tiempo libre en la educación social en I. Alonso Sáez e K. Artetxe Sanchez (Eds.), *Educación en el tiempo libre: la inclusión en el centro* (pp. 83-90). Octaedro.
- Bernardo Carrasco, J. e Calderero Hernández, J. F. (2000). *Aprendo a Investigar en Educación*. RIALP.
- Caballo Villar, M. B., Candia Durán, F. X., Caride Gómez, J. A. e Meira Cartea, P. Á. (1996). *131 conceptos clave de educación social*. Universidade de Santiago de Compostela.
- Cadwell, L. L. e Witt, P. A. (2011). Leisure, recreation and play from a developmental context. *New Directions for Youth Development*, (130), 13-27. <https://www.researchgate.net>
- Caride Gómez, J. A. (2005). *Las fronteras de la pedagogía social*. Gedisa.

- Caride Gómez, J. A. (2008). Introducción. O asociacionismo como tema de estudo e indagación social en P. Á. Meira Cartea e P. Montero Souto (Coords.), *Asociacionismo e cidadanía. Unha análise do movemento asociativo-cultural na provincia da Coruña* (pp. 17-27). Deputación Provincial da Coruña.
- Caride Gómez, J. A. e López Paz, J. F. (2002). Introducción. Ocio y voluntariado social: Solidaridad y acción cívica en el tiempo libre en Caride Gómez, J. Á. e J. F. López Paz, *Ocio y voluntariado social. búsquedas para un equilibrio integrador* (pp. 9-34). Universidad de Deusto. <https://dialnet.unirioja.es>
- Cobos Chacón, D. (2017). Ser Scout. Objetivo: cambiar el mundo. *Padres y maestros*, (371), 6-10. <https://dialnet.unirioja.es>
- Constitución Española [CE]. Art. 43.3, 50 e 148. 29 de decembro de 1978 (España). <https://www.boe.es>
- Csikszentmihalyi, M. (2001). Ocio y creatividad en el desarrollo humano en M. Csikszentmihalyi et al., *Ocio y Desarrollo. Potencialidades del ocio para el desarrollo humano* (pp. 17-32). Universidad de Deusto.
- Cuenca Cabeza, M. (2000). *Ocio Humanista. Dimensiones y manifestaciones actuales del ocio*. Universidad de Deusto.
- Cuenca Cabeza, M. (2004). *Pedagogía del Ocio: modelos y propuestas*. Universidad de Deusto.
- Cuenca Cabeza, M. (2005). *Ocio solidario. La experiencia en grupos de jóvenes y jubilados*. Universidad de Deusto.
- Cuenca Cabeza, M. (2011). El ocio como ámbito de la Educación Social. *Educación Social. Revista de Intervención Socioeducativa*, (47), 25-40. <https://raco.cat>
- Dávila de León, M. C. (2008). Abandono del voluntariado. Tasas de abandono y causas más frecuentes. *Comunicación e cidadanía*, (5), 1-12. <https://eprints.ucm.es>
- Declaración Universal de Derechos Humanos. Artículo 24. 10 de decembro de 1948. <https://www.ohchr.org>

de la Cruz Ayuso, C. (2001). Prólogo en M. Csikszentmihalyi et al., *Ocio y Desarrollo. Potencialidades del ocio para el desarrollo humano* (pp. 9-13). Universidad de Deusto.

Doistua Nebreda, J. Lazcano Quintana, I. e Madariaga Ortuzar, A. (2020). El valor del ocio: significado y evolución en M. Silvestre Cabrera (Coord.), *Valores en la era de la incertidumbre: individualismos y solidaridades. Quinta encuesta europea de valores en su aplicación a España* (pp. 86-112). Los Libros de la Catarata.
<https://www.utadeo.edu.co>

Dragon Dreaming. (s.d.). *Dragon Dreaming. Diseño de Proyectos*. Dragon Dreaming.
<https://dragondreaming.org>

García González, M. e Belmonte Almagro, M. L. (2020). Educación no formal en los grupos scouts. *Hekademos: revista educativa digital*, (28), 43-54. <https://dialnet.unirioja.es>

Gil Calvo, E. (2014). El «framing» del ocio y la dependencia familiar en C. Ortega Nuere e F. Bayón (Coords.), *El papel del ocio en la construcción social del joven* (pp. 33-48). Universidad de Deusto.

González García, J. M^a., León Mejía, A. C. e Peñalba Sotorrío, M. (2014). *Cómo escribir un trabajo de fin de grado. Algunas experiencias y consejos prácticos*. Síntesis.

Gordon, W. R. e Caltabiano, M. L. (1996). Urban-rural differences in adolescent self-esteem, leisure boredom, and sensation-seeking as predictors of leisure time usage and satisfaction. *Adolescents*, 31(124), 883-903. <https://ncbi.nlm.nih.gov>

Gradaille Pernas, R. e Caballo Villar, M. B. (2016). Las buenas prácticas como recurso para la acción comunitaria: criterios de identificación y búsqueda. *Contextos Educativos*, (19), 75-88. <https://publicaciones.unirioja.es>

Kahneman, D. (2012). *Pensar rápido, pensar despacio*. Debate. <https://pensampenal.com>

Lázaro Fernández, Y., Doistua Nebreda, J. e Romero da Cruz, S. (2018). El ocio a lo largo de la vida: un elemento de cohesión social en A. Madariaga Ortuzar e A. Ponce de León Elizondo (Coords.), *Ocio y participación social en entornos comunitarios* (pp. 61-75). Universidad de La Rioja. <https://dialnet.unirioja.es>

- Lázaro Fernández, Y., Lazcano Quintana, I. e Doistua Nebreda, J. (2019). Aprender disfrutando, disfrutar aprendiendo. Un ocio que impacta positivamente en la salud en P. Ayala Almécija, R. Dalouh e A. J. González Jiménez (Coords.), *Re-inventando la investigación en salud y educación para una sociedad transcultural: propuestas de acción* (pp. 96-104). Editorial Universidad de Almería.
- Lázaro Fernández, Y., Madariaga Ortuzar, A., Lazcano Quintana, I. e Doistua Nebreda, J. (2012). El derecho al ocio: un derecho humano en ocasiones desconocido. *Revista Siglo Cero*, 43(1), 1-13. <https://sid-inico.usal.es>
- Ley orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora del Derecho de Asociación. Martes 26 marzo 2002. BOE Núm. 73. <https://www.boe.es>
- López Cabanas, M. e Chacón Fuertes, F. (1997). Participación ciudadana, movimientos sociales y asociacionismo en M. López-Cabanas e F. Chacón, *Intervención psicosocial y servicios sociales: un enfoque participativo* (pp. 127-161). Síntesis.
- Maldonado Martínez, G. A. e Cuenca Amigo, J. (2021). Espacios de ocio para el desarrollo humano. *Terra: revista de desarrollo local*, (8), 628-644. <https://ojs.uv.es>
- Maroñas Bermúdez, A., Martínez García, R. e Gradaílle Pernas, R. (2019). Educación del ocio en y con la comunidad. Aportes desde la pedagogía social. *Perfiles educativos*, 41(163), 111-126. <https://www.scielo.org>
- Martínez García, R., Caballo Villar, M. B. e Varela Crespo, L. (2020). El ocio en el medio natural como promotor de la conexión emocional con la naturaleza. Un estudio en clave ambiental con adolescentes pontevedreses (Galicia-España). *Pensamiento Educativo: Revista de Investigación Educativa Latinoamericana*, 57(2), 1-16. <https://pensamientoeducativo.uc>
- Martínez Odria, A. (2003). Las actuaciones voluntarias como cauce de participación social. El interés de su inclusión en el sistema educativo formal. *ESE: Estudios sobre educación*, (5), 181-190. <https://dadun.unav>
- Maykut, P. e Morehouse, R. (1999). *Investigación cualitativa: una guía práctica y filosófica*. Hurtado.

- Morán de Castro, C. (2008). A práctica social da participación cidadá en P. Á. Meira Cartea e P. Montero Souto (Coords.), *Asociacionismo e cidadanía. Unha análise do movemento asociativo-cultural na provincia da Coruña* (pp. 189-192). Deputación Provincial da Coruña.
- Morata García, T., Alonso Sáez, I., Palasí Luna, E. e Berasategi Santxo, N. (2023). Ocio educativo y acción sociocultural, promotores de participación y cohesión social. *Bordón: Revista de Pedagogía*, 75(2), 67-86. <https://recyt.fecyt.es>
- Morata García, T. e Alonso Sáez, I. (2019). El tiempo libre educativo, clave en la construcción de identidades personales, ciudadanía activa y sociedades inclusivas en I. Alonso Sáez e K. Artetxe Sanchez (Eds.), *Educación en el tiempo libre: la inclusión en el centro* (pp. 37-51). Octaedro.
- Olabuénaga, J.I (2007). *Metodología de la investigación cualitativa*. Bilbao: Universidad de Deusto. <https://metodologiadelainvcualitativa.pdf>
- Ortega Nuere, C. e Bayón, F. (2014). Introducción en C. Ortega Nuere e F. Bayón (Coords.), *El papel del ocio en la construcción social del joven* (pp. 9-14). Universidad de Deusto.
- Petrus, A. (2003). Voluntariado y participación ciudadana en T. Montagut (Coord.), *Voluntariado: la lógica de la ciudadanía* (pp. 51-80). EUNSA.
- Pulido-Rodríguez, M. Á., Marzo Arpón, R. López Jiménez, P. e Morata García, T. (2019). Apoyo vecinal como motor de cohesión social de barrio. El caso de Bellvitge en I. Alonso Sáez e K. Artetxe Sanchez (Eds.), *Educación en el tiempo libre: la inclusión en el centro* (pp. 113-127). Octaedro.
- Pulido-Rodríguez, M. Á., Marzo Arpón, T., López Jiménez, P. e Morata García, T. (2019). Apoyo vecinal como motor de cohesión social de barrio. El caso de Bellvitge en I. Alonso Sáez e K. Artetxe Sanchez (Eds.), *Educación en el tiempo libre: la inclusión en el centro* (pp. 113-127). Octaedro.
- Rodríguez Carnota, M. (2020). *Lingua, poder e adolescencia no proceso de substitución lingüística. Análise crítica do discurso nun centro de ensino secundario dunha vila*

- galega* [Tese de doutorado, Universidade da Coruña]. Repositorio Universidade da Coruña. <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/7602851.pdf>
- Sarea, A. (2019). Orígenes y retos del ocio educativo en I. Alonso Sáez e K. Artetxe Sanchez (Eds.), *Educación en el tiempo libre: la inclusión en el centro* (pp. 15-33). Octaedro.
- Soler Masó, P. (2011). Infància i temps lliure en P. Soler Masó e J. Invernó i Curós (Coords.), *L'Animació sociocultural: una estratègia pel desenvolupament i l'empoderament de comunitats* (164-187). Editorial UOC.
- Stake R. (1995). *The art of case study research*. Sage Publications. <https://books.google.es>
- Trigo, V. (2001). Contextos de ocio y desarrollo humano en M. Csikszentmihalyi et al., *Ocio y Desarrollo. Potencialidades del ocio para el desarrollo humano* (pp. 217-222). Universidad de Deusto.
- Trilla Bernet, J. (1999). Tres Pedagogías del ocio y otra más. *Educación social: Revista de intervención socioeducativa*, (11), 54-71. <https://raco.cat/index.php>
- United Nations International Children's Emergency Fund [UNICEF]. (2006). *Convención sobre los derechos del niño*. <https://www.un.org>
- Walker, R. (1983). La realización del estudio de casos en educación: ética, teoría y procedimientos. En W. B. Dockrell e D. Hamilton (Coords.), *Nuevas reflexiones sobre investigación educativa* (pp. 42-82). Narcea.
- World Leisure And Recreation Association [WLRA]. (1994). *Carta Internacional para la Educación del Ocio*. <http://www.asociacionotium.org>
- World Leisure And Recreation Association [WLRA]. (2008). *Declaración de Quebec: Ocio y tiempo libre, esencial para el desarrollo comunitario*. <https://www.worldleisure.org>
- World Organization of the Scout Movement [WOSM]. (1995). *A research report. The educational impact of scouting: three case studies on adolescence*. World Scout Bureau. <https://scoutsecuador.org>
- Yin, R. K. (2018). *Case study research and applications: Design and methods*. SAGE Publications.

Anexos

Anexo I. Autorizacións e compromisos de confidencialidade



Autorización e compromiso de confidencialidade

Eu,, con DNI, dou o meu consentimento a Aida Raíndo Vázquez, con DNI 45958613-J, para a gravación, emprego e reprodución do audio recollido con motivo do grupo de discusión conformado por familiares de altares, co obxectivo de recompilar información relevante sobre a experiencia en Altair dende a perspectiva dos principais actores implicados.

Todas as opinións van ser tratadas de forma anónima e a información recadada só será empregada con fins académicos, seguindo a normativa de confidencialidade da Universidade de Santiago de Compostela e cumprindo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

Entendo que o emprego da información e do audio recollidos será para fins académicos, e se me informará e solicitará o seu uso para calquera outro fin diferente do mencionado con anterioridade. Entendo, ademais, que non existe límite temporal na vixencia da presente autorización.

Sinatura:

Nome:

En, o de de 20.....



Autorización e compromiso de confidencialidade

Eu,, con DNI, dou o meu consentimento a Aida Raíndo Vázquez, con DNI 45958613-J, para a gravación, emprego e reprodución do audio recollido con motivo do grupo de discusión conformado por altares, co obxectivo de recompilar información relevante sobre a experiencia en Altair dende a perspectiva dos principais actores implicados.

Todas as opinións van ser tratadas de forma anónima e a información recadada só será empregada con fins académicos, seguindo a normativa de confidencialidade da Universidade de Santiago de Compostela e cumprindo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Entendo que o emprego da información e do audio recollidos será para fins académicos, e se me informará e solicitará o seu uso para calquera outro fin diferente do mencionado con anterioridade. Entendo, ademais, que non existe límite temporal na vixencia da presente autorización.

Sinatura:

Nome:

En, o de de 20.....



Autorización e compromiso de confidencialidade

Eu,, con DNI, dou o meu consentimento a Aida Raíndo Vázquez, con DNI 45958613-J, para a gravación, emprego e reprodución do audio recollido con motivo da entrevista a persoas da equipa educativa, co obxectivo de recompilar información relevante sobre a experiencia en Altair dende a perspectiva dos principais actores implicados.

Todas as opinións van ser tratadas de forma anónima e a información recadada só será empregada con fins académicos, seguindo a normativa de confidencialidade da Universidade de Santiago de Compostela e cumprindo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Entendo que o emprego da información e do audio recollidos será para fins académicos, e se me informará e solicitará o seu uso para calquera outro fin diferente do mencionado con anterioridade. Entendo, ademais, que non existe límite temporal na vixencia da presente autorización.

Sinatura:

Nome:

En, o de de 20.....

Anexo II. Protocolo e transcripción de entrevista a E1

O presente protocolo foi deseñado para a elaboración do Traballo de Fin de Grao (TFG) “A implicación da Pedagogía do Proxecto no desenvolvemento integral das persoas e as comunidades: o caso de Altair Galiza”. O obxectivo do grupo de discusión é recompilar información relevante sobre a experiencia en Altair dende a perspectiva dos principais actores implicados.

Para tal fin, como informantes de referencia solicítase a vosa colaboración e permiso para gravar en audio a entrevista. Todas as opinións van ser tratadas de forma anónima e a información recadada só será empregada con fins académicos, cumprindo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Moitas grazas pola vosa colaboración.

1. Funcionamento e metodoloxía de Altair Galiza

1.1. Como funciona Altair? Como vos organizades?

Altair Galiza é unha asociación que ten unha asociación maior, que é Altair Fundacional e, dentro de Altair Fundacional, está o que funciona, que é Altair Galiza. Altair Galiza ten agrupamentos, que son Seteportas, en Santiago de Compostela... Realmente o inicial foi Chao de Castro, en Burela, pero está inactivo agora mesmo porque non hai educadoras. No tocante a crianzas sempre foi un pouco inestable ese agrupamento en moitos sentidos, pero bueno, foi un proxecto así medio piloto do que foi, e tamén como que a implicación das súas educadoras foi moi grande, ao nivel de que agora seguen implicadas en Altair tamén elas, e como que nunca deixaron atrás a idea de volver retomar ese agrupamento; o que creo que di bastante de como inflúe na vida da xente Altair.

Despois, está Seteportas, que naceu en 2014 (creo). Que houbo, se non lembro mal, un acto no salón teatro de Santiago de Compostela no que presentaron a Altair Fundacional Altair Galiza. Encheuse o salón teatro, e aí é onde conseguiron os socios, que é como se financia agora mesmo Altair Fundacional. Cada ano, en Xaneiro, entran unha serie de cotas dos socios e é unha parte de como teñen cartos Altair Fundacional. Mediante ese acto conseguiron eses socios, e entón púidose crear o agrupamento Seteportas, que inicialmente tiña 4-5 persoas e foi medrando ata hoxe en día, que temos 42 crianzas.

Despois está o outro agrupamento de Altair Galiza, que é Faro Brigantium, na Coruña. Que de feito naceu por unha rapaza que estivera en Chao de Castro (de Burela), [nomea a unha educadora de Faro Brigantium], e iso tamén di bastante da implicación que tivo nesa rapaza o proxecto, que retomou e iniciou un agrupamento na Coruña, atopáronse outras dúas educadoras voluntarias, e naceu Faro Brigantium; que reflexa un pouco que a este proxecto lle custa un pouco tomar motor para diante,

porque aínda non teñen moitas crianzas. Tamén di moito de que é un proxecto potente, que as educadoras levan xa case un ano sen conseguir moitas crianzas (porque é complicado chegar ao público) e seguen aí ao pé do cañón. Entón pois paréceme bastante relevante.

Seteportas funciona por grupos de idade. É unha asociación formada por crianzas e educadoras, e as familias, que tamén forman parte da comunidade educativa, coas que tamén temos contacto. Queremos afianzar un pouco máis o contacto con elas creando unha Comisión de Familias, que xa existe pero que aínda non funciona moito. Pero iso, é basicamente as educadoras, que somos todas voluntarias e entramos basicamente por contacto con xente que está dentro da asociación, por charlas informativas, etc. Normalmente é un perfil de xente estudante interesada un pouco nos tempos libres e na educación. Ese é un pouco o perfil que entra aí. E despois están as crianzas. E funcionamos por grupos de idade. Hai 5 grupos de idade e cada un ten a súa metodoloxía.

1.2. Que rol desempeñades as educadoras?

O rol das educadoras dividiríao en dúas partes, que é a parte máis organizativa (non burocrática), de funcionamento do agrupamento a nivel máis externo, e despois a nivel máis interno, que é o traballo coas crianzas.

Creo que temos un papel complicado, porque somos educadoras pero que estamos moi integradas tamén na vida das crianzas, no sentido de que non somos profesoras, senón que guiamos procesos, acompañamos procesos. Entón penso que iso nos diferencia un pouco do rol de “monitora al uso” no resto dos tempos libres. Eu por exemplo, cando vou a campamentos e así, non sinto que estea ensinando nada a ninguén, senón que vas acompañando procesos, estrutúralos un pouco, pero non é que sexas ti, digamos, a... En ningún momento vas coa idea de ensinarlle algo a alguén, sabes? Médiase en conflitos... Obviamente a nivel organizativo tes moito máis peso porque tes que organizar proxectos, acampamentos... o que sexa. Pero si que é máis ese rol de ir acompañando.

Despois o traballo de organización é moi grande, porque ao final tes que seguir un método e iso ten o seu traballo. Despois a nivel máis burocrático, pois tesouraría, secretaría... para que funcione todo guai, pois a educadora tamén ten un papel importante.

1.2.1. E a nivel educativo, nese traballo coas crianzas, que función desenvolvedes? É dicir, como se materializa ese acompañamento do que falas?

Materialízase, por un lado, a parte máis educativa, que é, ti tes unha metodoloxía para traballar coas crianzas, entón ti deseñas o que queres facer con elas. En plan “eu teño este obxectivo, que é traballar isto, entón imos deseñar este proxecto”. Dependendo da metodoloxía... Coas pequenas

xogas. No meu caso pois intentamos detectar un problema social, por exemplo. E o que fago eu, como o resto das educadoras, é intentar detectar os seus intereses e a partir de aí, pois deseñar un proxecto. Pero intentamos non ser nós quen dirixan ese proxecto, senón que de guialas un pouco.

E despois tamén está o tipo de acompañamento máis persoal, que é pois entrar un pouco en crises existenciais que poidan ter ou mediar conflitos entre elas. Están esas dúas partes: a parte máis educativa, no sentido de proxectos, e a parte máis de compañeiras.

1.3. Que significa o ocio para vós?

A verdade é que a min cambioume bastante a perspectiva do ocio dende que entrei en Altair. Eu o ocio tíño asociado máis a algo non tan incorporado no meu día a día, digamos. Tíño máis como algo que fago... Estaba como a miña vida, e despois, aparte, o ocio. Pois se quero algún plan de ocio tíño que planealo coas miñas amigas ou case nunca facía plans de ocio coa miña familia, por exemplo, porque case nunca o consideraba como ocio. En cambio, cando entrei en Seteportas, vin unha perspectiva máis ampla do ocio. Podo incorporalo na miña vida diaria e mesmo me sentía unha persoa que o pasaba mellor. Como facer da vida cotiá, por exemplo nun acampamento, que a todo lle poder dar unha perspectiva máis de ocio, nos momentos de comer, nos momentos de levantarse... Cambioume moito esa perspectiva, como que antes tíño moito máis como algo en plan lúdico no meu tempo libre e agora véxoo como algo máis integrado no meu día a día, e foi gracias un pouco a Seteportas.

1.4. Que potencialidades consideras que ten o tempo de ocio como contexto educativo?

Para min o ocio axudou moito a levar a situacións, a xestionar calquera tipo de situación que xurde na vida diaria. Paréceme unha oportunidade de resolver algún tipo de conflito, ou tratar algún tema, ou ver os roles que ten cada persoa dentro dun grupo... Como que che da a oportunidade de xestionar moi ben as situacións.

A nivel educadoras facendo, por exemplo, unha dinámica de ocio, ti podes ver moitas cousas; estilo "que rol ten esta persoa, como reaccionou ante isto, como non, como xestionamos isto...". Pódelle dar valor a unhas cousas, a outras, etc. De dinámica de grupo sobre todo. Pero é todo, porque tamén ves moitas características da persoa individuais, segundo como se comporta nunha dinámica, ou como trata ás súas compañeiras nunha dinámica. Pois moitas veces, ves como reaccionan moitas rapazas ante un estímulo nun xogo e ti dis "igual lle pasa isto, igual lle pasa o outro...". Creo que te pon nunha situación, moitas veces extraordinaria, ante a que tes que reaccionar de formas que non o farías na túa vida cotiá, entón como que che da pé a poñerte en moitas situacións, en moitos contextos... E te pon en situacións, non límite, pero en contextos moi variados, que non vives na túa

vida diaria e que ao mellor non che saen diariamente entón non te tes que enfrontar a eles, pero nestes casos si.

No que máis axuda Altair é a funcionar ben no teu día a día, a xestionar situacións no teu día a día. Polo menos a min, e o que vexo nas crianzas, é no que máis vexo que afecta. A resolver cuestións na vida diaria, gañar autonomía, moita máis autoxestión, unha toma de decisións moito máis eficaz... Para min iso é fundamental, e vouno vendo moito nas crianzas, que aprenden a funcionar e non só de xeito individual, senón tamén en grupo, porque ven que as decisións que toman ao final repercuten no resto.

Eu, por exemplo, dicíalle a [menciona a R5] cando me dicía que na súa casa se tiña que levantar a preparar o zume para a súa familia, “pero ti concibes nun acampamento non levantarte pola mañá para non preparar o almorzo?”. E el dicíame “non, non, claro... Como non me vou levantar para preparar o almorzo?”. Porque sabe que a súa decisión vai repercutir en todo o mundo, entón... Si que me chamou moito a atención cando entrei aquí que a xente xa tiña asimilado que tiñan que facer algo porque repercutía no resto do grupo. Entón que me chamou moito a atención que non houbera esas queixas tan individualistas que poden saír moito na casa, senón que isto ten un potencial a nivel moi grande. E que ao final implican moitos valores.

1.5. Existe algún perfil concreto de rapazada que participa na entidade? Se é así, por que?

Si que existe un perfil bastante claro, eu creo. Tamén é porque o discurso da nosa asociación (tan relacionado con valores), que nós proxectamos ao exterior, creo que chega a un determinado público ao que lle interesa ou ten na súa mente unha pedagogía máis de educar en valores. Entón creo que chega a un determinado público que realmente lle interesa desenvolver isto porque ten unha preocupación na educación das súas crianzas.

Eu penso, por exemplo, cando eu era pequena, á miña nai lle presentaban este proxecto e igual non lle chamaba tanto a atención, porque para ela estábame educando como ela quería e xa está. Non precisaba nada externo para ela educarme en valores.

Entón penso que hai un perfil concreto de familias dunha ideoloxía política de esquerdas, dun nivel socioeconómico de clase media, máis ou menos, e cunha ideoloxía un pouco marcada. Porque tamén é o discurso que nós proxectamos cara fóra, entón ao final chegamos a un público ao que lle interesa e que se achega máis ao noso discurso. Que hai excepcións, hai moitas excepcións, pero son poucas. E eu creo que un dos desafíos da asociación é chegar máis alá diso.

1.5.1. Pensas que é algo que foi mudando ao longo do tempo?

A verdade, nese sentido, sendo sincera, non vexo moito avance realmente. Porque tamén, ao final, os proxectos que se fan son nuns ámbitos moi determinados. Por exemplo, na cidade de Santiago de Compostela traballamos con asociacións tamén moito da nosa ideoloxía e que tiran moito para os nosos valores, entón pois os proxectos que sacamos e que visibilizamos sempre son nun mesmo círculo.

Por exemplo, eu que traballo con maiores, houbo unha vez que fixemos un voluntariado en Cáritas, e houbo moita controversia se deberíamos facer un voluntariado cunha entidade relixiosa. E o discurso da maioría da xente era que non, que era unha entidade relixiosa e iso ía en contra dos nosos valores. E a miña opinión é un pouco contraria a iso. Ao final é un sector da sociedade, que eu creo que elas teñen que coñecer e estarán máis ou menos a favor do que fan, pero teñen unha labor humanitaria importante. E podemos ter as nosas críticas cara iso, pero creo que non deberíamos pechar a nosa opción a un determinado grupo ideolóxico dentro da cidade. Que hai que ir máis alá, para coñecer diferentes realidades. E ao mellor queres intervir nesa realidade porque non che parece correcta ao mellor segundo os teus valores e queres facer calquera cousa, respectándoa obviamente. Pero nese sentido penso que si que hai que mellorar, de non restrinxirnos só a un círculo. Que é difícil tamén porque ao final é onde nos sentimos nós cómodas e sentimos máis a vontade de participar e relacionarnos con esas persoas, pero...

2. Percepción e experiencia en Altair

2.1. Por que decidiches comprometerte como educadora en Altair? Que che impulsou a formar parte?

Eu coñecía a unha das persoas que impulsou o proxecto, e a min realmente chamábame traballar nas idades polas que eu entrei (11-15 anos) e o que me chamou a atención foi o tipo de proxectos que facían.

Eu entrei nun acampamento. E o que me fixo quedarme foi... Realmente entrei por afinidade coa persoa que o impulsou, e non sabía moi ben a onde entraba, onde ía... Sabía que era un proxecto do que todo o mundo me falaba moi ben, que me ía aportar moitas cousas e gustábame moito o tema de traballar por proxectos. Xa coñecía esa metodoloxía da carreira e entón chamábame moito a atención. E entrei, fun a un acampamento, e o que máis me chamou a atención foi o xeito de funcionar. Parecíame un xeito tan fácil, no que estaban as crianzas tan implicadas en todo, que alucinei. Porque me parecía algo súper fluído, en plan, chegar e ver rapazas de 8 anos cociñando para o resto e que todo funcionase tan ben, chamar e que viñese, “vamos facer este proxecto” e faise,

acábase e celébrase ao final, ter momentos de convivio, de falar... Pareceume como un mundo aparte.

E despois a oportunidade de traballar con adolescentes temas que a min me interesaban socialmente pero que non sabía como implicarme neles. Ou sexa, parecíame moi complexo meterme nunha asociación feminista, outra de voluntariado con xente en risco de exclusión social, outra de traballar con adolescentes, outra de medio ambiente... Cousas que me interesaban moito pero que non podes estar en todo. E Seteportas ofreceume poder intervir en moitas realidades diferentes pero nunha. E sentía que era útil nese sentido, porque traballaba con adolescentes, vía a súa perspectiva... E iso foi o que me fixo quedar, unha sensación de realización persoal porque estou traballando un pouco todo o que a min me interesa. Algo máis integral, non simplemente “vou a esta asociación feminista a facer isto”.

2.1.1. Nesa vontade de participar en algo con compromiso social hai algunha persoa referente que tivera unha influencia en ti?

Un referente claro: [nomea a un dos fundadores de Altair]... O discurso que el tiña a min como que me atrapou moito, digamos. Era o que dicía antes, atopei no discurso de [nomea a un dos fundadores de Altair]... Que sona forte dicir que é un referente, pero para min é un referente e en moitos niveis. Deulle moito sentido a moitas carencias que eu sentía no meu día a día, de non sentirte realizada. O seu discurso, de unha educación máis integral en moitos sentidos, pois deulle sentido a “vale, aquí pódome sentir ben e plena”, sabes? Porque tamén te sintes moi querido. Non é só “teño un compromiso social”, é “teño un compromiso social compartido con xente que pensa igual ca min (non en todos os aspectos) e que me apoia e que me quere”. É unha rede moi forte e moi difícil de quebrar.

2.2. Que é para ti Altair? Por que?

Para min Altair... Sempre o definimos así (é o típico que se di), pero para min é un espazo de confort en todos os sentidos. Quero dicir, aínda que a veces non sinta confort (porque temos discusións na equipa educativa, porque non funciona ben o grupo de idade...) é un lugar seguro. Seguro a nivel... podo facer ou dicir ou ter calquera situación na miña vida que vou sentir apoio. Voume sentir comprendida. Sei que se teño algo na miña cabeza que o van levar a cabo e o van apoiar ou me van dicir “non tires por aí”. É como unha rede moi forte de apoio. É unha sensación que non sinto ao mellor noutros círculos da miña vida, sabes? Que sintes que é un espazo de confort absoluto.

2.2.1. Como te fai sentir?

Realizada. E ás veces frustrada tamén pero é unha frustración que me gusta tamén. Ou sexa, é unha frustración que moitas veces na miña vida estou frustrada e escapo e deste proxecto non, porque sei que sempre me vai dar máis do que creo que vou perder. Entón faime sentir moi realizada a nivel persoal. A nivel educativo pódome meter noutras cousas, pero a nivel persoal moi realizada. Como que me ensinou a xestionar tamén a frustración, porque moitas veces os proxectos non saen, as nenas marchan entón dis “é culpa miña porque non o estou facendo ben...”. Hai moitas frustracións pero creo que tamén che ensina a xestionalas.

2.3. Que proxectos desenvoltos en Altair foron importantes para ti? Por que? Como se desenvolveron?

É complicado eh, porque todos teñen un algo... Para min igual o máis importante foi o documental *Ophelia*. Igual porque foi o primeiro... Buff... Non sei... Realmente o que máis me marcou foron as *Aquáridas*, porque foi moi complicado de xestionar. Foi un proxecto que fallou, que saíu mal, pero no que houbo moitas xestións polo medio a nivel grupo. Houbo unha implicación organizativa por exemplo de parte de [menciona a tres altaíres, entre as que se atopa R3] moi grande. A elas motiváballes moito o tema da música e implicáronse moitísimo no tema da organización. Despois outras que non as motivaba tanto implicáronse menos. Despois deixei as a elas soas xestionar a comunicación cunha asociación, que non funcionou... Digamos como que había un sector moi motivado co proxecto, e polo tanto traballando moitísimo, pero outro non tanto, polo que non funcionou. Entón, foi como unha serie de cousas que saíron mal para un proxecto... Houbo moitas xestións que saíron mal pero das que ao final aprenderon, a posteriori tamén debatindo que saíu mal. Entón, foi un proxecto que non tivo unha repercusión como puideron ter outros que saíron moi ben, que houberon moitas presentacións deses proxectos, pero creo que tamén aprenderon un pouco a “vale, por que saíu mal? Ante quen nos temos que desculpar? Quen nos debe unha desculpa a nós?”. Eu tamén vin aí que, como educadora, non detectei unha motivación a tempo, faltou organización pola miña parte... Vin todas as eivas que pode ter o traballo por proxectos e aprendín tamén onde tería que mellorar iso, entón para min marcouse bastante. Pola frustración que sentín e por como despois o xestionei con elas... Como unha rapaza que meteu moito traballo, que foi [menciona a unha altair], despois se sentía decepcionada... Bueno, para min foi marcante porque saíu mal e aprendemos moito diso.

Despois, *Guerrilleira* é o que máis impacto tivo e aí si que se pode facer unha análise de como os nosos proxectos afectan ou teñen un impacto na comunidade local. Por exemplo, cando fixemos a presentación en Vilar de Santos, e foi a familia dun dos guerrilleiros que aparecía na curta e recibimos

moitos halagos, déronos moitas grazas, e a xente choraba... Estaba emocionada alí unha persoa atrás que era familiar... E foi tamén moi reconfortante e fíxonos sentir moi realizadas a todas, dicir “vale, fixemos un traballo, e tivo un impacto bo para unha comunidade”.

2.3.1. Poderías explicar cal é ese proxecto e como se foi desenvolvendo?

Esto si que foi un proxecto, proxecto, proxecto. Foi nun acampamento de verán. Eu, que era educadora con outro educador que estaba naquela altura, informámonos sobre a historia da serra onde fomos acampar. Baseada nun libro que se chama “A Edreira, o último bastión da resistencia” fixemos unha escenificación disfrazándonos de guerrilleiros [menciona ao outro educador] e eu, sobre a historia e o que acontecera. Resulta que había a historia dunhas mulleres guerrilleiras que botaran da guerrilla. Entón, fixemos a representación ante as mozas do noso grupo de idade, que tiñan entre 14 e 16 anos, e despois deixámoslles a elas que querían facer con esa historia, que proxecto querían facer. Xa levabamos un pouco na cabeza facer unha curta, levábamos unha cámara, pero era realmente o único material que tiñamos. E elas pensaron en facer a curta.

Dividíronse por grupos, unhas fixeron o guión, outras conseguiron roupa... Entón traballaron por pequenos grupos para montar ese guión e ver como podía facer. Buscaron os lugares onde podían gravar... Tivemos a sorte de contar con outro educador, que foi [menciona a E2], que ata lles deu un pequeno obradoiro de “plano non sei que, plano non sei canto...”. E gravouse durante 15 días do acampamento. Foi toda unha experiencia, de pedirlle ás veciñas lugares para... eu que sei, un forno para ir gravar, a escola unitaria para poder gravar, etc. Foi todo un proxecto, que empezou e culminou alí. Despois montouse e houbo varias presentacións. Sempre con ese respaldo histórico, que era verídico. Á xente gustáballe moito que fose baseado nunha historia real. E ese proxecto funcionou moi, moi ben e elas sentíanse tamén moi realizadas, porque tiñan unha resposta tamén cada vez que había unha proxección. Ese proxecto foi 10/10, pero bueno, o que saíu mal tamén marcou.

2.3.2. E as *Aquíridas* que proxecto é?

A intención do proxecto era ofrecer unhas xornadas, un día enteiro, para ofrecerlle á comunidade local do barrio unhas alternativas de ocio. Entón a idea era organizar nós obradoiros que englobasen todas as xeracións, é dicir, para as crianzas pero tamén para xente maior. Por iso había obradoiros de regueifa, despois de... de varias cousas. Café feminista... Que mesmo non se lle quería chamar “café feminista” para que puidese chegar a máis persoas, porque xa a palabra feminista non chegaba igual á xente maior do barrio... Entón, esa era a idea, organizar uns obradoiros e pola tarde uns concertos, para chamar así máis á mocidade. Que pasa? Non houbo unha difusión axeitada disto, os obradoiros non se prepararon ben... Basicamente non se comunicou á xente do barrio, houbo unha organización

bastante precaria de todo cunha serie de malos entendidos coa asociación da Xuntanza, que había unha contraprogramación porque querían facer un mercado ese día, o Mercado do Caracol... Houbo líos coa asociación, que é a asociación veciñal do noso barrio, e despois había unha serie de grupos que confirmaron e que ao final non viñeron. Despois viñeron unha serie de grupos que non se axeitaban moito aos nosos valores, que actuaron e... estaba todo un pouco descontextualizado. Entón despois había sentimentos de culpabilidade por todas partes, por parte das educadoras, por parte das nenas... Foi complicado de xestionar, pero ao final houbo reflexións posteriores que nos levaron a buen puerto.

2.3.3. E como pensas que iso influíu no grupo e na dinámica das Argonautas?

Ao principio como que houbo máis cohesión de grupo porque estaban en plan “bueno, nós non o fixemos tan mal, non sei que e non sei canto”, e estaban un pouco á defensiva co resto da equipa educativa, porque se sentían atacadas de que foran elas quen o fixeran mal. Pois ao principio houbo a mítica cohesión de grupo á defensiva, pero despois foi guai porque mesmo nos reunimos coa equipa educativa e falouse do tema e chegouse a unha especie de consenso entre todo o mundo. E tivo moitas máis implicacións, máis que falar que fallou, si que reflexionaron moito de que “igual nos tiñamos que ter implicado máis ou ter comunicado antes que non nos motivaba tanto este proxecto”, sobre todo xente como [menciona unha altair] ou [menciona a R2], que realmente non as motivaba tanto. Si que houbo reflexións estilo “é que non nos gustaba tanto este proxecto, igual o tiñamos que ter comunicado antes”, “non nos gustou, [menciona unha altair], como xestionaches isto porque non nolo comunicabas”... Houbo moita reflexión sobre como funcionaba o grupo.

2.3.4. Pensas que esa reflexión puido fortalecer o grupo?

Tampouco o teño moi claro porque despois ese grupo xa non funcionou máis como grupo, xa se dividiron por cuestións organizativas. Tampouco o fortaleceu demasiado. Pero tamén porque houbo outras cuestións persoais entre elas, eu creo.

Era un grupo xa bastante cohesionado. Non é que o proxecto rompese o grupo, senón que serviu para reflexionar como funcionan elas como grupo ante os proxectos. E nese sentido si que mellorou, porque despois intentaron sacar adiante outro proxecto e xa eran máis sinceras, en plan “isto non nos motiva”, “isto non nos gusta”... Entón si que vexo que se adiantou a nivel comunicativo de dicir como nos xestionamos ante un proxecto, iso si. Despois xa a nivel grupo, máis persoal, máis ou menos, non cambiou moito a cousa.

2.4. Falabas agora de proxectos que teñen que ver coa dinamización do barrio, feminismo, etc. Entendo entón que, nese sentido, desenvolvestes algún proxecto que

contribúa a causas solidarias (por exemplo, traballo con persoas en risco de exclusión, protección do medio ambiente, persoas dependentes...). É así?

Adoitan ser as temáticas que traballamos, si, xusto as que dixeches ti. Con animais tamén se fixo algún tipo de voluntariado. Traballamos moito o tema do rol da muller na sociedade... É do que máis temos traballado realmente porque é algo que a elas lles interesa moito, porque son adolescentes (eu pilleinas na adolescencia) e é un dos temas que máis lles tira, digamos.

2.4.1. Que outros temas traballades ademais do feminismo?

Tratamos temas medioambientais moito tamén. Temos feito voluntariados en parques naturais e así, e si que é certo que unha vez preguntándolles a elas cales eran os seus intereses dixeron “é que estamos fartas de facer proxectos de teor social, queremos algo máis medioambiental”. Iso foi como un requirimento delas. Despois fixemos algo medioambiental e non lles gustou moito, pero bueno, digamos que si que pediron iso. Pero máis ou menos sempre causas sociais, persoas en risco de exclusión social, machismo, racismo, consumismo...

2.5. Que significa para ti estar de campamento?

Estar de campamento para min significa, ao principio, unha xestión organizativa moi complicada, durante, a veces un pouco de inestabilidade emocional, porque tes que lidiar con moitas cousas pero, despois, unha desconexión co mundo exterior moi grande e un sentimento de comunidade e familia moi forte; que é como que se volve unha especie de oasis, como unha pequena comunidade dentro “de la nada”. Non sei como explicalo... Quero dicir, é unha xestión emocional complicada pero sempre compensa, porque estableces vínculos moi fortes con todo o mundo e aprendes a xestionar cousas moi complicadas, porque aparecen situacións adversas sempre moi complicadas, a nivel equipa e coas crianzas e entre as crianzas; pero sempre compensa, sempre se soluciona, sempre buscas ferramentas para funcionar en todos os casos.

2.5.1. E que destacarías? Que dirías que é o que máis che marca dos campamentos?

A min o que máis me marca son os momentos de convivio coas crianzas, digamos. Cando despois dunha actividade estás cunha crianza nun momento de tempo libre falando sobre a actividade. E aí é cando che da o impulso de “bua, que bonito foi”. Unha vez pasas ese traballo máis de ter que xestionar nós como equipa. Para min pois o momento de... estase facendo de noite e a xente está preparando a cea, e falas ao mellor coas crianzas sobre como foi o día... Aí ves o potente que foi,

porque ves o que implicou para elas, que se lembran de todo, que fan bromas sobre iso... e entón é como que dis “vale, ten sentido”.

2.6. Que significa o asociacionismo para ti?

Pois a verdade é que antes de entrar aquí para min o asociacionismo era algo aparte da miña vida. En plan, eu estaba en asociacións sobre todo políticas, eu que sei, Galiza Nova, comités ou nalgunha asociación cultural da miña vila. E era algo como... teño a miña vida e dentro desa vida estou nesta asociación, pero era algo aparte da miña vida. E Altair é algo que se integra totalmente na túa vida diaria, digamos. Descubrín un tipo de asociacionismo que realmente me fai sentir parte de algo, non como un complemento de “son así, así e así e fago isto”. Non. Sínteste que formas parte de algo. Como un asociacionismo non como unha pegatina, senón como algo que repercute realmente na miña vida.

2.6.1. E como entendes ti esa acción voluntaria?

Ao final o que buscas con calquera tipo de asociacionismo é unha realización persoal. Máis alá dun compromiso social, que eu creo que o temos todas, eu creo que ao final buscamos algo que nos toque un pouco máis alá. Eu creo que, por exemplo, se o resto das educadoras non foran as miñas amigas e non se implicaran tanto conmigo ao mellor eu non seguía aí, sabes? Porque a miña conexión a nivel persoal ou emocional non sería tan, tan forte. E ao final son voluntaria e fágoo de forma voluntaria porque creo que, se non, se houbese algún tipo de motivación económica, pois xa se perdería... Non sei como explicalo... esa vontade de estar porque queres estar. Igual se corrompe dalgún outro xeito, non só a nivel asociación senón a nivel conmigo mesma, sabes? Que che pode xerar algún tipo de conflito de “máis, menos”, “porque si, porque non”, “aquele si, aquele non”... É como algo que todo o mundo o fai desinteresadamente entón non vai a haber ningún conflito de... Hai conflitos a nivel do tempo que lle dedica cada persoa, porque cada un ten unha situación, pero nunca vai haber un conflito de “a min me dan máis a ti te dan menos”. Todos estamos aí porque queremos, non porque temos que estar, senón porque queremos entón vamos estar aí.

3. Impacto persoal

3.1. Que te achega Altair a nivel persoal?

Un pouco todo o que fun comentando... Amigas e cariño [risas].

4. Impacto comunitario

4.1. Que papel desenvolvedes con Altair no barrio de San Pedro?

A ver... pouco. Ou sexa, é un discurso que é practicamente o discurso maioritario e o noso obxectivo principal, que é formar parte da comunidade local. E ao final creo que aínda nos falta para estar totalmente integrados na comunidade local e ter un impacto forte na comunidade local. Tamén porque somos unha asociación que acaba de coller forza, digamos. Entón somos coñecidas no barrio, pero dentro dun círculo concreto. Por exemplo, un círculo como o que falaba antes, máis politizado e así. Creo que aínda nos falta moito traballo por facer.

Si que é certo que a todos os lugares aos que imos de acampamento e así, si que ese labor de traballar coa comunidade local e integrarnos e tal case sempre se consegue, e sempre que imos a algún lugar, vámonos co cariño da comunidade local normalmente. E sempre nos integramos guai e intentamos facer cousas por eles, e notas que funciona nese sentido. Por exemplo, neste campamento, de inverno, o feito de que cando marchásemos no bus a señora da tenda onde lle mercabamos saíra correndo para darnos un panetone é significativo de “vale, estivemos 6 días aquí pero non en vano. Fixemos algo por ti, fixémosche unha compra grande alí, por exemplo, e non fomos a comprar á vila do lado ao Eroski”, sabes? Como que iso tamén é importante, que fagas algo pola comunidade. E eu creo que no barrio o facemos pero non moito, que debiamos de facelo máis.

4.1.1. E que tipo de cousas facedes no barrio?

Pois facemos algunhas actividades, a veces, no barrio. Eu que sei... Podémosnos implicar nas festas facendo algún tipo de actividade. Mmm... que máis facemos? Nada máis. Podemos mercar a nivel local algunhas cousas moitas veces, pero xa está. Creo que iso poderíamos melloralo bastante. Tampouco estamos presentes a moitos máis niveis...

Traballamos con algunha asociación do barrio. Quero dicir, por exemplo, as maiores traballan coa asociación A Xuntanza, que é a asociación de veciños, pero bueno, tampouco están implicadísimas. Aí si que nos falta traballo por facer.

4.2. Que potencialidades pensas que pode ter o ocio a nivel comunitario?

Pois ser un referente para a comunidade, en plan, “estas están aí e podemos contar con elas para isto e poden contar con nós para isto outro”. A nivel... sabes que están aí e que podes contar con eles e que lle dan vida a iso nalgún sentido.

Eu creo que aínda nos ven a nós moi lonxe, que tes que estar presente na vida diaria dese barrio, nas datas máis marcadas estar sempre facendo algo, a este problema implicámonos e temos que ir ao concello porque pasa algo, pois vai alguén da nosa asociación, estar máis presentes na asociación veciñal..., que tamén creo que é unha asociación que non chega a todo o barrio propiamente, por

exemplo. A Xuntanza eu creo que é unha asociación un pouco endogámica tamén, que non chega a todo o barrio de Sen Pedro, chega a un sector. Entón eu creo que aí está un pouco o... no noso barrio concreto, un problema. Iso tamén sería interesante para nós facer... Hai unha comunidade veterana do barrio de San Pedro que se sente moi lonxe do discurso da asociación veciñal, por exemplo. Entón, nese sentido eu creo que tamén nos faltaría algo.

4.2.1. Que pensas que afasta a que o impacto de Altair sexa ese?

É que son tantas cousas... Eu creo que realmente a asociación aínda tampouco fixo... Como que non tivemos as ferramentas aínda para saber chegar a esa comunidade, sabes? Por exemplo, cando foi o das *Aquáridas*, obviamente á comunidade local non lle interesou o obradoiro de regueifas, sabes? Fáltanos un pouco saber como chegar... Que eu aínda non o sei moi ben porque é un barrio tamén complexo... Un barrio urbano, que a min ás veces se me escapan un pouco tamén as dinámicas. Pero non sabemos ben aínda como chegar, eu creo. Tampouco hai estruturas ás que achegarse máis alá, por exemplo, desa asociación e de implicarse no comercio local. Tampouco hai moito por onde tirar, sabes? Igual, por exemplo, nós falabamos coa señora da tenda e preguntabámoslle “que cambiarías do barrio?” e dicía “ah, pois esta rúa, a do Home Santo, está olvidadísima porque nunca fan nada nesta rúa”. E nós dixemos “vale, pois vamos facer as *Aquáridas* aquí nesta rúa en vez de en San Pedro”. Ás *Aquáridas* non foi ninguén. Non sei... Facer máis un traballo de como achegarnos a esta comunidade local, que non o temos feito e creo que estaría interesante facelo. Porque agora mesmo non che sei unha análise... Tería que pensalo máis de por que non chegamos tanto a esa comunidade. Tamén é unha comunidade moi variopinta, porque non é unha comunidade... Quero dicir, hai moito estudante, moita xente que acaba de chegar... Non é que digas que a xente leva vivindo aquí moitísimos anos, sabes? É un barrio difuso.

5. Valoracións e propostas de mellora

5.1. Como valoras a experiencia de formar parte de Altair? Que é o que máis che gusta? E o que menos?

Nunha balanza, moi positiva... moito. O que máis me gusta é iso, que sexa un espazo como de confort, que da moita estabilidade... Obviamente a realización persoal a nivel compromiso social, sempre. E sentirte parte dunha comunidade; eso é o que máis valoro.

E despois, as eivas... Xustamente esa, un pouco, que sinto que é un proxecto moi restrinxido a un círculo e creo que deberíamos de traballar para ampliálo un pouco máis.

Creo que o tipo de discurso que exportamos -que eu entendo que non temos que cambiar o noso discurso porque é o discurso que queremos exportar-, pero non chega a todo o mundo... Chega a un círculo moi restrinxido, entón é moi complicado ampliar sen modificar o teu discurso. Entón creo que o proxecto si que se restrinxe a... Implica moito compromiso, e hoxe en día o compromiso dilúese cada vez máis, entón tes que estar moi convencido de que queres estar aí para adicar tanto tempo a estar aí. Tamén a nivel familia, sabes? Eu sei que moitas familias de fóra dese círculo non se comprometerían a todos os sábados renunciar a facer determinados plans para que “o meu fillo vaia todos os sábados”. Só o fan familias que entenden o valor deste compromiso, de educar nestes valores e darlle esa importancia á educación e á crianza das túas fillas, sabes? E eu noto que hai outras familias máis fóra dese ámbito que non lles chega o noso discurso porque non teñen esa prioridade.

Eu véxoo no meu caso propio persoal, por exemplo, que á miña familia cústalle moito assimilar “por que lle dades tanta importancia a desenvolver estes valores se hai cousas moito máis importantes”, sabes? En plan, “eu a ti eduqueite e non sei que e saíches ben”, sabes? Que son “gañanadas” que se poden dicir e tal, pero se a unha familia como a miña, que é un pouco da nosa ideoloxía, non lles chega o noso proxecto... Se á xente do noso círculo lle costa entender o proxecto moitas veces, como vamos chegar aínda máis alá? É complicado. E a min paréceme este un dos retos máis grandes que temos que afrontar: como chegar á xente, e como facer entender á xente que é importante desenvolver estes valores e que non só traballamos para desenvolver estes valores, que vai moito máis alá. Que non é só compromiso social, que é sentirte ben, crear rede, crear apoios... non sei. Tamén creo que é moi diferente, por exemplo, nun contexto urbano que nun contexto rural. Eu creo que realmente en Santiago fan falta asociacións como esta para crear este tipo de comunidade e sentido comunitario. Eu por exemplo trasladoo á viña vila, e eu creo que á xente teríalle menos sentido moitas veces, porque xa hai unha comunidade máis unida.

5.2. Cres que é importante que existan espazos coma este? Por que?

Eu creo que é importante que existan, sobre todo a este nivel, a nivel nunha cidade, a nivel urbano. Non coñezo un espazo coma este a verdade. Coñezo... Eu que sei, por exemplo, na miña vila había asociacións que fan actividades de tempo libre do estilo das que podemos facer nós, pero o feito de ter esta continuidade, non facer acampamentos sempre coas mesmas persoas, nin esixir este compromiso fai que, ao final, pois sexan actividades de tempo libre e xa está, que non sintas ese sentido máis comunitario. E creo que ten sentido que existan, sobre todo aquí, pero a nivel nun contexto máis pequeno ou máis rural, vai perdendo máis o sentido, porque ao final os lazos

comunitarios aí son máis fortes, entón eu vexo que lle dan menos importancia a ese sentido de comunidade porque están máis... Aquí está máis diluído.

5.2.1. Refíreste a que vai perdendo o sentido do proxecto ou pensas que para a xente ten menos sentido?

Para a xente ten menos sentido. Para min ten moito sentido o proxecto a todos os niveis, en calquera lugar ten moito sentido. Pero para a xente creo que ten menos sentido noutros espazos. Aquí hai máis necesidade de ter ese sentido comunitario porque non existe, e iso... pois sempre nos fai ben pertencer a algo. Pois iso, e vexo como que en algo máis pequeno como que xa hai ese sentido comunitario, entón que para a xente ten menos sentido explicalo.

No Incio, por exemplo, esas nenas xa xogaban todos os días, xa ían todos os días... Porque se tes 15 nenos na aldea ao final xúntaste con eses 15, e fas todo con eses 15, e xa hai ese sentido de “vou á túa casa”... Coñécense todas as familias... Xa hai máis ese rolo que se intenta crear aquí en Altair. A outro nivel, pero digamos que Altair tamén intenta un pouco recrear eses lazos comunitarios que se foron perdendo. Ás veces sinto un pouco que queremos crear unha comunidade imitando como... Non sei como explicalo... pero si, que non é orgánico, que é unha construción. Que Altair é máis construír algo imitando a un algo que é máis como máis orgánico e a nivel social que se forma, sabes? Por eso ás veces o sinto un pouco... Por eso ás veces a miña familia non o entende e é como “pero que queres facer aí?”, “¿Es una secta?”. En plan, “que estades construíndo?”, “por que tendes simboloxía?”, “por que tal?”... Porque non é orgánica; é construír “a estrela vai ser a nosa simboloxía”. Que ao final toda cultura é construída, o que pasa é que de xeito máis progresivo... “de los siglos por los siglos”.

Anexo III. Protocolo e transcripción de entrevista a E2

O presente protocolo foi deseñado para a elaboración do Traballo de Fin de Grao (TFG) “A implicación da Pedagogía do Proxecto no desenvolvemento integral das persoas e as comunidades: o caso de Altair Galiza”. O obxectivo do grupo de discusión é recopilar información relevante sobre a experiencia en Altair dende a perspectiva dos principais actores implicados.

Para tal fin, como informantes de referencia solicítase a vosa colaboración e permiso para gravar en audio a entrevista. Todas as opinións van ser tratadas de forma anónima e a información recadada só será empregada con fins académicos, cumprindo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Moitas grazas pola vosa colaboración.

1. Funcionamento e metodoloxía de Altair Galiza

1.1. Como funciona Altair? Como vos organizades?

Altair é unha entidade... É unha asociación sen ánimo de lucro que se dedica á educación nos tempos libres. Os seus obxectivos son o desenvolvemento integral das súas persoas... das persoas que forman parte de Altair. E tódalas actividades, digamos, que se desenvolven nos tempos libres en Altair teñen o obxectivo central de que teñan un impacto sobre a comunidade e de que... pois poidamos así construír un mundo mellor, non? Observar esas inxustizas ou iso que non vemos que está ben na sociedade, na nosa contorna local... e pois facer acción social para mudar iso, non? Eu penso que ese é o obxectivo central de Altair.

A Asociación, iso, é unha entidade sen ánimo de lucro certamente autoxestionada, sen diñeiro público; que se financia coas familias participantes. Altair Galiza, que é unha entidade que traballa en base a un movemento educativo que aspira a ser internacional, de cooperación internacional, que é o Movemento Educativo Internacional Altair, e... dentro diso está Altair Galiza, e Altair Galiza funciona promovendo agrupamentos no territorio galego. Neste momento, está Seteportas e mais Faro Brigantium.

Seteportas, que é o agrupamento do que eu formo parte, pois é o seu agrupamento con máis tempo en actividade, que segue en activo e que esta no seu mellor momento a nivel de participación. En Altair funciónase mediante a Pedagogía do Proxecto, en base ao xogo libre e as participantes divídense por idades en grupos. Cada sábado temos actividade regular e con certa periodicidade, Nadal, Semana Santa e verán, facemos acampamentos, ou ben por grupo de idade ou todo o agrupamento xunto. E as súas educadoras, que é algo central, son voluntarias. Funciónase en base ao voluntariado.

1.2. Que rol desempeñades as educadoras?

A equipa educativa ten unha función organizativa, é dicir, garantir que a metodoloxía pedagóxica e os encontros se poidan levar a cabo; cales son e divídense as tarefas para xestionar o espazo, para xestionar as actividades que se organizan... E a equipa educativa, aparte de ter un grupo de idade asignado e desenvolver a actividade pedagóxica con ese grupo de idade, pois tamén hai roles, pois iso, de xestión e organización, dado que todo se basea na autoxestión e a equipa educativa, digamos, que é o órgano dirixente máis importante dentro de Altair e que debe garantir, pois iso, que todos os elementos básicos e a proposta de valores de Altair se leve a cabo en todas as actividades que se desenvolven no marco da asociación.

1.2.1. Moi ben... Iso é en relación ao nivel organizativo. A nivel da relación coas crianzas, que rol desempeñades as educadoras?

Coas crianzas pois... desenvolvemos actividades baseado, como dixen, na Pedagogía do Proxecto fundamentalmente ou en centros de interese, dependendo das idades e da pedagogía que Altair diseña en función da idade. Ao longo da actividade regular desenvólvese cun obxectivo... Normalmente en base a obxectivos educativos... que se quere conseguir, que precisa na individualidade calquera dos membros que forman o grupo, cales son as necesidades de cada un dos membros... É dicir, Altair educa no grupo, pero tamén educa na individualidade, Non? De aí que haxa un deseño de ratios en función a esta proposta. E o grupo, normalmente, como digo, pois diseña proxectos en base aos intereses (sempre) das integrantes, das altaires do grupo.

Digamos que é unha relación de equidade, é unha relación de confianza, a que a educadora establece coa altair. A educadora ou "alentadora" ten unha función de acompañamento, de guía; facendo que a propia crianza, dentro de que se funciona en grupo, e que pode desenvolverse sempre en volta do grupo en relación ás súas compañeiras, a educadora acompaña ese proceso nas actividades que realiza.

1.3. Que significa o ocio para vós?

O ocio en Altair enténdese como ese tempo escollido, ese tempo onde as crianzas participan porque queren, pola súa vontade. E por iso se entende que en Altair... calquera membro, calquera altair, establece un pacto libre e un compromiso con esta actividade, non? Porque quere e así o desexa. O que non significa que que sexa un tempo libre, non poida implicar unha aprendizaxe, non? E ao final o tipo de actividades sempre teñen un carácter máis informal, máis cotián e... as relacións que se establecen poden chegar a ser moi próximas, non? Establecer amizades, vínculos afectivos moi fortes... E iso é unha cousa que tal vez só se permita a través dun contexto como o ocio. E en

contextos formais, como pode ser educación formal ou outras actividades máis regradas, son contextos, non? Vínculos... É unha rede que, tal vez, non se poida establecer da mesma maneira. Entón iso o que fornece é un contexto moi propicio para desenvolver certas habilidades, para desenvolverse en grupo e individualmente en certos contextos da sociedade... De aí que nós sempre pois... tentamos estar en contacto e ao servizo da comunidade e en contacto con esas realidades que os contextos organizados ou do día a día non nos permiten. E iso danos unhas aprendizaxes que só son posibles neste contexto de educación informal ou ocio.

- 1.4. Entendo que aí estás falando un pouco das potencialidades que pode ter o ocio como contexto educativo, non?

Iso é...

- 1.4.1. Ves algunha outra potencialidade que poida ter como contexto educativo o feito da experiencia do ocio?

A ver, unha que non dixer... Paréceme fundamental a que dixer, non? Que ao final é un contexto que tamén pode ser educativo que nos presenta en contextos polo feito de que nós queremos estar neles. Entón iso é unha cousa... A vontade para min é fundamental. E despois e... ía dicir outra cousa... Ummm... Reformúlame a pregunta, porfa.

- 1.4.2. Que pode achegar o ocio como contexto educativo?

Si, o que... É iso... É que se fornecen espazos educativos e que se fornecen situacións que teñen moito que moito máis que ver coa realidade, non? Sempre é dende a praxe, dende o contacto coa contorna, dende o contacto coa realidade... e iso ao final o que dá é ferramentas para a vida. Todo o mundo de Altair coincide... En calquera das experiencias, non? Tanto sendo educador ou educadora... Que é moi importante entender que o lecer, o ocio, ten que ser unha experiencia e unha vivencia tamén para a educadora, non? Eu como educador sinto que a min me achega moitas vivencias e moitas ferramentas para a vida. Entón supoño que iso é a potencialidade máis grande, non? Que, ao final, a cotiandade o que nos dá é ferramentas para a xestión das nosas propias vidas e de como nós nos queremos relacionar e estar no mundo e... ferramentas de xestión, organizativas tamén.

- 1.5. Existe algún perfil concreto de rapazada que participa na entidade? Se é así, por que?

Eu penso que ao gañar número en masa, a través, por exemplo en Seteportas, si que estamos diversificando moito o perfil participante, non? Eu penso que é un perfil de clase media, en xeral. Si que hai algún perfil de clase alta, por exemplo. Tamén hai algún perfil de clase baixa, non? Eu creo

que a cuestión de clase é moi importante que sexa diversa e... A cuestión de xénero é moi diversa tamén a día de hoxe, que é tamén moi relevante neste contexto. E despois, obviamente, hai unha proposta de valores que é pública, que nós levamos por diante, que é moi visible ou iso intentamos, a través de... pois elementos simbólicos ou iso... simplemente o xeito de facer as cousas ou de estar no mundo fai ver de Altair unha proposta de valores que pra moita xente pode non ser explícita, non? Pero iso dá un perfil de xente que concorda con ese xeito de facer, con ese xeito de estar no mundo e con eses valores que son importantes, pois ao mellor tamén no nivel familiar ou nun nivel persoal, da educación que cada familia escolle para a súa crianza. Entón, si que hai certos perfís de familias que escollen Altair, entendo eu, porque existe unha proposta de valores coa que concordan. Pero penso que tamén é moi importante fornecer un espazo diverso onde a participación sexa diversa tamén. E penso que... iso, que a Seteportas, en concreto, o que lle está dando a diversidade é a masa. É dicir, gañar membros e que Altair se vexa como un espazo aberto e diverso, que pode acoller e transformar a vida das persoas de calquera índole. Creo que houbo máis ese perfil concreto de familia interesada polo proxecto polos seus valores, pero que agora é algo máis diverso.

2. Percepción e experiencia en Altair

2.1. Que che impulsou a formar parte de Altair?

Pois a verdade é que foi algo casual. É dicir, eu descubrín Altair a raíz de entrar nel. Eu formeime cun Altair, como educador, e foi aí onde se me comunicou a necesidade de reforzar unha equipa educativa como Seteportas. Entón, eu entrei no agrupamento nun momento de bastante debilidade e... a min as experiencias vitais que me deu na primeira etapa, pois fixeron que eu quixera quedarme, non?

2.1.1. Esa viña a ser a miña seguinte pregunta... [risas] Por que decidiches comprometerte como educador en Altair?

Eu viña de ser un neno acampado, tamén, de vivir as miñas experiencias como persoa acampada, e eu sempre tiven moi claro que quería ser educador. Non no sentido en que Altair me descubriu despois e... pois que é... pois algo moitísimo máis persoal, moitísimo máis transformador... onde se ofrece, pois iso, unha visión onde ser educador non é só dar, senón tamén é recibir, non?. Entón, no momento en que eu dentro do proxecto comecei a recibir xa no nivel persoal, pois foi o que a min me fixo sentir... sentirme parte dun lugar e... nun momento coma son os dezoito anos, pois... reafirmarme na miña identidade en moitos sentidos, sentir que hai xente que pensaba dun xeito semellante a min, non? E incluso formar os meus valores, que nese momento da vida aínda podían estar pois... en formación ou inestables, ou con moita seguridade, non? Entón... supoño que foi todo

isto, non? Tanto as experiencias vitais que un acampamento che pode dar e todas as amizades e vínculos afectivos que xeras dentro dun contexto así, como a propia perspectiva do proxecto e a proposta do proxecto, non? No que eu a nivel persoal me sentín moi identificado dende o primeiro momento. E despois a experiencia vital que che da o avance. Sentir que ti estás sendo parte de algo que medra, de algo que se comproba unha e outra vez que ten un sentido... que o que propón é algo que ten un efecto, non? Que realmente pode ser transformador e vives experiencias transformadoras... que che fan sentir que queres estar aí.

2.2. Que é para ti Altair? Por que?

Pois para min Altair... Xa no nivel persoal... Altair eu síntoo coma un fogar. Altair son as miñas amigas, Altair é un espazo seguro, Altair é un espazo de calma, onde me sinto libre, que iso é algo que na idade moza se agradece moito, non? O feito de sentirte parte, en xeral, é algo moi difícil, especialmente no tempo en que vivimos... onde a xente mira por si, non? É unha.... Vivimos na individualidade constante. E bueno, a min no nivel persoal... o que levo é aprendizaxe para a vida, amizade, sentirme parte dunha comunidade estable, forte, comprometida e.... supoño que iso, que calquera experiencia transformadora no nivel persoal fai... faiche sentir que ten un sentido, faiche sentir válido, que ti tes algo que achegar ao mundo... E isto é o que diría que é Altair para min....antes de llorar [risas].

2.2.1. Como te fai sentir?

Pois supoño que Altair é un rebumbio de emocións constante, porque require dun esforzo persoal moi grande e... Sempre dependendo do momento da vida, non? Porque algo que tes que compaxinar con outras facetas da túa vida, non?

O que sentes cando dedicas tanto tempo da túa vida a un proxecto así é que... hmm... un beneficio... Aprendes a valorar a autoxestión, supoño, non? E o grupo autoxestionado e o pequeno grupo e... á comunidade local, e que dende o noso é para nós, sen que aspirar a transformarlle a vida a xente máis alá do próximo, non? Que é algo que valoras, que empezas a valorar moi forte ao ver que ten... que ten un sentido. A min Altair faime sentir como que cando unha cousa boa, en base a sete esforzos fai que compense, non? Porque o que che ofrece é algo moi satisfactorio. Entón... claro, poden ser moitos meses de cero resultados, pero cando existe un resultado, cando se camiña cara á estabilidade, cando lle transformas a vida a unha persoa, cando unha crianza consegue superar algo que era unha dificultade... pois supoño que é algo que... que te enriquece o suficiente como para sentirte extremadamente ben, non? Despois de terte sentido mal moitas veces ou moi agobiado e.... Porque require moito esforzo persoal.

Pero para min é moi importante esta concepción tamén de que o esforzo persoal ten que ser por outras persoas, tamén non? Que estamos sempre moi afeitas a que o avance sexa por e para nós: estudo, traballo... “Teño que traballar por min para poder acadar este espazo...”, non? Eu creo que nunca me vou repetir de dicir que houbo momentos da miña vida onde eu dedicaba quince horas semanais a este proxecto e non o facía por min. Facíao por unha xente e porque obviamente, a min persoalmente me daba moitas cousas, non? Pero diría que iso é moi importante.

2.3. Que proxectos desenvoltos en Altair foron importantes para ti? Por que?

Pois para min foron moi importantes aqueles proxectos onde o proxecto aínda non era un proxecto tan estable como é hoxe, non? Onde era moi difícil comprender aínda como se facían as cousas en Altair porque a súa estrutura era máis feble, non? E...eu lembro perfectamente cando conseguimos facer un proxecto coas súas eivas por primeira vez...

2.3.1. Poderías poñer o exemplo concreto? Explicar cal é ese proxecto e como se foi desenvolvendo...

Si, que foi *Ophelia*, das Pioneiras de hai cinco anos... catro anos. Que era basicamente un documental que falaba sobre inxustizas sociais, facía unha análise con perspectiva de xénero. E realmente eu non era educador desas crianzas, non? Pero... con moitas eivas (a nivel organizativo e tal), na actividade regular antes da pandemia foron quen de ir desenvolvendo un proxecto que eu, pois... durante o confinamento, intentei materializar nunha curtametraxe, axudando na posprodución sempre máis en base ás ideas que elas tiñan, non? Entón claro, foi a primeira vez que nós puidemos ensinarlle ás familias o que facíamos. E esa sensación foi increíble. Eu lembro que as educadoras estabamos en pandemia en videochamada reuníndonos igualmente e eran todo sorrisos na equipa educativa cando vimos a reacción das familias. Porque sentiamos que por primeira vez conseguíamos algo que sabíamos que tiñamos que conseguir, pero non sabíamos como chegar aí.

Entón eu lembro ese momento moi... como algo moi emocionante, a verdade. É dicir, é posible facelo, e é realmente potente... é dicir, eu ata que recibín o feedback da xente... Obviamente eu sabía o que é Altair, sabía o que eu estaba materializado na curtametraxe... pero o sentir como as crianzas despois o presentaron e como o recibiron as familias... e como che facían sentir que o que estabamos facendo valía moito a pena... foi ei unha sensación brutal. Brutal. E lembro esa, en concreto como algo moi potente, a verdade.

2.3.2. E algún outro que che marcara moito?

Uhhmm... Gústame moito cando os proxectos en Altair teñen unha perspectiva social. Gústanme moito os proxectos que teñen desenvolvido as Pioneiras de Altair, por exemplo... Houbo sempre exposicións fotográficas facendo análise dunha contorna e... Despois, as Argonautas, os seu servizo á comunidade, velo materializado por primeira vez, que sempre era como un soño, un obxectivo moi lonxano de Altair, non? Algo tan simple como é botar unha man a unha veciña, velo por primeira vez... O efecto que podíamos ter nunha comunidade á que imos... pois era algo como moi potente.

Despois... Supoño que tamén me quedo con experiencias máis lúdicas, que ao final Altair é o lúdico tamén. E debe ser o centro, non? As experiencias... A través do lúdico e da memoria construímos experiencias que quedan para toda a vida, non? Entón eu que sei... Grandes andainas ou facer un grandísimo xogo na neve en base a ter construído unha zorra nós no local... Son cousas que non se van esquecer nunca. E que son experiencias máis ben lúdicas, non? Que o que crean é un recordo de eso ao que ti lle deches tanto valor ou do que formaches parte nesa parte, nese momento da vida, non? Entón, eu creo que é moi importante que a través disto tamén xeremos experiencias para o recordo porque... Porque ao final é o que nos vai dar a memoria, sabes? É o que nos vai facer sentir que sentimos... que fomos parte de algo cando tiñamos vinte anos. E podemos seguilo lendo toda a vida, non? Pero... supoño que as grandes experiencias son o que quedan e o que te van facer sentir ben dentro de moitos anos, cando penses que formaches parte disto.

2.3.3. E os proxectos que desenvolvedes como se adoitan organizar? Ou sexa, como adoita ser o proceso de desenvolver un proxecto?

Pois... A ver, a través... É dicir, hai... Os grupos de idade de menor idade traballan en base a centros de interese máis ben. Actividades máis ben a curto prazo, non? Con obxectivos máis pequenos. Pero cara ás Aventureiras os proxectos xa empezan a ter un carácter onde hai unha fase de desenvolvemento, unha fase de execución e unha fase de celebración e de amosar o resultado, de exhibición... Onde xa teñen os seus intereses moito máis claros, non? Estamos falando dende a partir de 13 anos... E onde elas deseñan e poñen na mesa os seus intereses, e en base a iso deseñan como queren que sexa o seu tempo libre, non?

Nas Aventureiras, por exemplo, desenvólvense actividades de aventura nos acampamentos e na actividade regular o que se fai é, pois... en base ao pequeno grupo ou ao grupo de idade (se non é moi numeroso), establécense unha serie de roles, en base tamén aos intereses, non? E eses roles deseñan diferentes partes do proxecto. En conxunto establécese... calendarízase, non? E o grupo comprométese con ese... con ese documento, con ese calendario que desenvolve e aos pouquiños

pois vaise avanzando, avaliando tamén e rectificando pois esas cousiñas que non se poideron cumprir. Normalmente todo ten que ver co espazo máis privilexiado de Altair, que son os acampamentos, especialmente nas Aventureiras, non? É como o espazo onde se permite a aventura, onde se permite o descubrimento de novos estímulos, novas contornas... Onde se pode xogar en novas contornas...

Despois nas Pioneiras sempre está o carácter social máis presente... Os proxectos xa son un pouquiño máis a medio-longo prazo e sempre procuran ese impacto sobre a comunidade ou esa perspectiva sociocomunitaria. Ás veces é complicado que asuman que é o seu deber como altares, non? Pero... acaban entendendo que iso é Altair, non? E que os proxectos e todo o que facemos dende Altair poden ter un impacto, non? Que iso é algo moi importante.

E supoño que é que iso, non? Respectar as fases do método pedagóxico de Altair... E o máis importante é cando as cousas saen, poder celebralas e poder amosalas para que as altares se sintan satisfeitas, sintan que ten un sentido e sobre todo... o satisfactorio é cando se demostra que pode ter un impacto sobre outras persoas.

E as Argonautas pois xa non funcionan por proxectos, senón que o que fan é desenvolver un servizo de voluntariado para a comunidade, facendo análise crítica sobre cales son as necesidades e que é iso que elas poden achegar á comunidade polo mero feito de suplir unha necesidade ou satisfacer o que unha comunidade pode precisar, ou unha veciña. É moi importante saber que a escala pode ser moi pequena e podemos facer grandes cousas na nosa contorna.

- 2.4. Polo que vas contando, entendo que hai moitos proxectos que se dirixen a unha causa solidaria. Por exemplo, de atender necesidades relacionadas coa desigualdade de xénero ou con necesidades que poidan ter persoas en risco de exclusión, etc. Son temáticas sobre as que adoitan xirar os proxectos ou non sempre?

Si... O que pasa é que hai unha proposta de valores que é transversal. É dicir, normalmente nós nunca faremos unha actividade sobre xénero, senón que o xénero sempre estará de xeito transversal en todo o que fagamos. Iso é algo moi importante en Altair. Nós podemos facer algo que, a priori, poida ter un impacto sobre un grupo moi pequeno de persoas, non? Pero nese proceso... No proceso en que alguén deseña un cartaz, no proceso en que alguén vai quitar unha fotografía ou facer unha entrevista... Todas estas consideracións e reflexións teñen que estar no camiño, non? Si que pode haber unha tendencia máis marcada, non? Pode haber, pois... algo que teña que ver moito máis directamente co xénero, pero nunca haberá a reivindicación, por exemplo, de que Altair é feminista porque se entende coa súa proposta de valores, non? Nunca poñerá esa reivindicación diante do seu... como poñéndoo por diante, senón que se entende que todo iso debe ser transversal,

igual que a inclusión da diversidade e... Todo isto sempre está no camiño, nunca pode ser o obxectivo dun proxecto ou dunha actividade.

A nivel medioambiental, ecoloxía, feminismo, perspectiva de xénero e... E despois cuestións que non están tan á orde do día... Cuestións de clase, igualdade social, xustiza social... Todo iso debe estar integrado como valores dentro das educadoras para poder, simplemente, no xeito de compartir, non? Xa se materializa dese xeito.

2.5. Que significa para ti estar de campamento?

Pois volvo a responder que é un rebumbio de emocións para... Eu sempre dixen, para min o contexto de estar de acampamento é, posiblemente, un contexto onde máis oscilación emocional pode haber, non? Porque todo é moi intenso, non? Sintes responsabilidades e... ao mesmo tempo pois tamén é unha vivencia persoal moi forte, non? Ás educadoras tenlles que gustar estar de campamento, tamén.

E despois sentes esa responsabilidade con que é ese momento, ese contexto, máis potencial para o agrupamento e para a actividade pedagóxica. Entón sentes que é aí onde todo o previsto se ten que materializar, non? Despois é moi satisfactorio cando ves que se materializa, cando ves que todo o agrupamento se sente parte coma ti, non? Entón é nese momento onde máis compartes e supoño que... onde se xeran as vivencias máis potentes do proxecto.

2.5.1. E que destacarías? Que dirías que é o que máis che marca dos campamentos?

Non sei, a min impáctanme moito... as comidas cando son en grandes grupos, non? É moi potente o feito de cocinárnos, non? O feito de ternos en consideración ao grupo constantemente, especialmente cando somos un grupo moi grande, non? E de que todo o mundo sabe ata onde pode chegar, porque somos un grupo moi grande, non? Ata onde podemos comer... A min iso paréceme algo súper potente. E despois as noites; son a miña parte preferida: as ceas, as veladas, os xogos da noite son as cousas que nunca esqueces na vida. E... eses grandes ritos que Altair establece como moi importantes, porque non os esqueces. É algo moi solemne, non? É algo que queda da memoria das crianzas e da túa e... supoño que iso. E despois as reunións da equipa educativa posteriores tamén é algo que a min me gusta moito, a verdade.

2.6. Que significa o asociacionismo para ti?

Pois eu aprendín en Altair o que era o asociacionismo. Eu levo participando toda a vida en asociacións, pero o asociacionismo non é só participar nunha asociación, supoño. O asociacionismo ten... Eu creo, para min, o máis importante é que sexa sen ánimo de lucro. A vontade e máis o feito

de que o capital non estea no centro (como en todas as facetas da vida) fan que se poida xerar algo realmente persoal, humanitario e comunitario, que o capital non permite directamente, non? Entón para min é como a parte máis importante, non? Eu non vin vínculos afectivos en ningún contexto como vin no asociacionismo. Non vin experiencias vitais tan fortes e tan transformadoras en ningún contexto como vin no asociacionismo. Entón, para min é a parte máis importante: que o capital non forma parte do centro, non? É simplemente un recurso. E é iso é moi importante porque é o que permite realmente que poidamos ser parte do grupo en equidade e dende a vontade.

2.6.1. Nesa vontade de participar en algo con compromiso social hai algunha persoa referente que tivera unha influencia en ti?

Supoño que son referentes de Altair fundamentalmente. É dicir, eu hai referentes de Altair que cando coñecín souben que quería estar aí. E... xente da Fundacional de Altair. E... é que realmente foi o que me descubriu Altair: o que era o asociacionismo e o que era a vontade de formar parte dun grupo e da acción voluntaria.

3. Impacto persoal

3.1. Antes comentabas que a experiencia de participar como educador supoñía para ti unha experiencia transformadora, non? Nese sentido, que te achega Altair a nivel persoal?

Claro... A min implícame un reforzo dos meus valores, de saber como quero estar no mundo, implícame sentirme parte dun grupo, implícame tecer redes, implícame un grupo de amizades, implícame habilidades e o desenvolvemento de habilidades para a vida e para saber como eu quero estar no mundo e, sobre todo, implícame unha capacidade crítica e reflexiva sobre como eu vexo o mundo, non? Moitas veces sinto que non podo facer a miña vida como me gustaría, pero sei que Altair me da unha capacidade crítica. É dicir, estou facendo isto, pero non é como a min me gustaría, non? Entón para min é unha cousa moi importante: a conciencia. Máis conciencia... Fíxome estar máis concienciado en base a problemáticas sociais e faime observar o mundo dende esa perspectiva, que para min é algo importante, non? Ter ferramentas para autocrítica e para a crítica da contorna na que me desenvolvo.

4. Impacto comunitario

4.1. Que papel desenvolvedes con Altair no barrio de San Pedro?

Pois... tecemos rede con outras asociacións, con asociacións veciñais, coa comisión de festas... Tentamos que as crianzas e as altaíres teñan relación pois... co comercio local do barrio e con estas

entidades asociativas... E para nós, é certamente o barrio de San Pedro un exemplo de comunidade local que xa non existe na cidade, é dicir, nin en Compostela, nin en grandes cidades. Pérdese a comunidade local e o barrio segue funcionando medianamente, non? É moi afectado pola turistificación, pero segue funcionando en base á definición do que é un barrio, non? Que é unha veciñanza que se coñece, que vive en comunidade, que se relacionan cos servizos que se ofrecen no barrio, non? E supoño que é un exemplo que nós, simplemente desenvolvendo actividade no barrio, dicindo "aquí estamos tamén coma un servizo para o barrio" e trasladándolle ás crianzas que ese é o modelo no que Altair cre, pois... que é o contexto perfecto para desenvolver as actividades de Seteportas, non? Penso que é iso, que nós temos moito para darlle ao barrio e que o barrio tamén nos da moito a nós.

4.1.1. E con respecto a outras comunidades?

Por exemplo, indo de acampamento tentamos estar en contacto coa veciñanza dese lugar, coñecer á xente deses lugares e... que Altair lle poida ofrecer algo a ese lugar, que lle poida ofrecer algo á xente deses lugares e que a xente vexa o que é Altair, xa só por como nos relacionamos coa comunidade ou coa contorna, non? Que ten que ser dun xeito responsable, tanto social como e medioambientalmente, non? En Altair sempre dicimos que cando imos a un lugar, o lugar ten que ser mellor cando Altair se vaia, non? E... supoño que isto, non?

4.2. Que potencialidades pensas que pode ter o ocio a nivel comunitario?

Pois penso que á comunidade o lecer pódelle ofrecer novos espazos... Pode ofrecer espazos de conciliación, por exemplo, pode ofrecer... inclusión para familias en risco de exclusión social, pode ofrecerlle, pois iso, un grupo do que formar parte, por exemplo persoas migrantes, non? Xente que chega nova a un lugar ofréceselle unha porta aberta onde integrarse, non? Intenta incluírse a calquera persoa independentemente do seu xeito de estar no mundo ou do seu lugar de procedencia ou... deixando á marxe cuestións interseccionais, por exemplo, non? Supoño que é iso, que ten unha potencialidade de ofrecer un servizo moi amplo que ten que ver, pois iso, con inclusión, con conciliación, con ofrecer unha experiencia transformadora para as crianzas e non só para as crianzas; senón tamén para as familias, xente moza, xente que teña a necesidade de formar parte dunha asociación como Altair ou coma unha entidade sen ánimo de lucro, non? Penso que estas son máis ou menos as potencialidades...

4.2.1. Pensas que esa concepción coincide co impacto dos proxectos desenvoltos?

Home, sempre queda traballo por diante... Eu penso que podemos facelo moito mellor, non? Pero o esforzo é mirar atrás dáche pra ver que é posible, que podemos seguir avanzando e que hai unha

parte moi estable construída moi... moi forte que nos permite seguir avanzando, porque hai algo moi forte que xa está conseguido, non?

4.2.2. Ou sexa, cres que se vai cumprindo con esa...?

Si, si, pouco a pouco... É dicir, Altair é unha proposta moi ampla, non? Entón a nós permítesenos avanzar pouquiño a pouco, ir medrando, ir asumindo novos retos, non? Cando eu entrei en Altair eran nove altaíres neste agrupamento de Seteportas... Entón, ver que podemos adquirir un segundo espazo porque xa somos moitas, ver que podemos facer a reforma dun local para que se acomode máis pedagoxicamente ao que nós facemos, ver que os proxectos poden saír adiante, que a metodoloxía Altair se pode facer efectiva porque somos máis xente e porque as educadoras adquirimos bagaxe e experiencia (somos conscientes de como debemos funcionar, non?)... Supoño que iso son chanzos aos pouquiño ao pouco podemos ir aspirando, non? E creo que podemos seguir avanzando nese sentido.

5. Valoracións e propostas de mellora

5.1. Como valoras a experiencia de formar parte de Altair?

Eu valoro a experiencia moi positivamente, posiblemente como a experiencia máis importante da miña vida. Valoro Altair na miña vida como unha experiencia certamente transformadora e valoro moito que sexa un proxecto no que ao formar parte poidas achegar ao mundo, non? Simplemente iso. Valoro toda a experiencia vital que a min me deu, valoro todas as experiencias e vivencias cunha xente que sei que vai formar parte da miña vida para sempre dun xeito ou doutro e que... que dubido moito que eu poida ter unha experiencia como Altair algunha vez na vida, a verdade.

5.1.1. O que máis che gusta xa o estás dicindo agora co que valoras. E o que menos che gusta?

O que menos me gusta é que... supoño que é que é un proxecto complexo, no sentido de... non é un proxecto apoiado polas administracións, non é un proxecto cunha perspectiva moi habitual. Entón é como que ás veces temos moitas dificultades para estar, non? Para a visibilidade ou para que se entenda o que facemos. Pero bueno, é un traballo que se pode conseguir, non? A autoxestión é algo moi... moi difícil, pero no que creo que todo Altair acreditamos moito niso e que os resultados están á vista. Entón pois... que é un xeito, pois iso, inusual, non? E iso implica dificultades e falta de ferramentas, pero no que cremos e é un modelo polo que seguiremos loitando.

5.2. Cres que existen outros espazos coma este?

Existen espazos de ocio pero falta pois... tal vez, neses espazos, o factor comunitario que nós contemplamos, non? O feito da regularidade e de que nós construíamos unha comunidade que avanza e que permanece unida, é algo que falta. E nós vemos un potencial transformador precisamente neste aspecto, non? De que podemos conseguir moito máis se estamos xuntas durante un tempo e avanzamos xuntas... un grupo, un mesmo grupo de persoas, non? Supoño que é o que pode diferenciar Altair doutros proxectos.

Creo que é unha das cousas máis importantes. Eu non sentiría unha experiencia tan transformadora, se non estivera aí cinco anos da miña vida, compartindo con persoas moi diversas, con persoas coas que levo compartindo moitos anos, non? E coa que adquirín unha bagaxe en conxunto. A miña bagaxe non sería a mesma se cada ano ou cada mes compartira experiencias con diferentes persoas, senón que o feito de construír xuntas é algo moito máis potente e cunha potencialidade moito maior.

5.2.1. Cres que é importante que existan espazos coma este?

Si, eu creo que si. Creo que Altair pode chegar moito máis lonxe. Creo que Altair pode aspirar a ter moitos agrupamentos en todo o mundo e.... xa temos a proba, é dicir, xa temos a proba de que é algo realmente transformador e para o que fai falta moi pouco. E de que os seus obxectivos están á vista que se poden cumprir e levar adiante en calquera lugar, independentemente de cuestións culturais... Porque vai moito máis alá diso, non? Vai do humanitario e vai do desenvolvemento das persoas. Entón... penso que é un espazo moi necesario.

Anexo IV. Protocolo e transcripción de grupo de discusión con altaíres

O presente protocolo foi deseñado para a elaboración do Traballo de Fin de Grao (TFG) “A implicación da Pedagogía do Proxecto no desenvolvemento integral das persoas e as comunidades: o caso de Altair Galiza”. O obxectivo do grupo de discusión é recompilar información relevante sobre a experiencia en Altair dende a perspectiva dos principais actores implicados.

Para tal fin, como informantes de referencia solicítase a vosa colaboración e permiso para gravar en vídeo o grupo de discusión. Todas as opinións van ser tratadas de forma anónima e a información recadada só será empregada con fins académicos, cumprindo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Moitas grazas pola vosa colaboración.

Datos previos

R1: rapaza de 17 anos. Vive en Fontiñas. Leva en Altair dende 2018.

R2: rapaza de 17 anos. Vive en Muros. Leva en Altair dende 2014.

R3: rapaza de 18 anos. Vive en Padrón. Leva en Altair dende 2014.

R4: rapaza de 17 anos. Vive no barrio de Vista Alegre. Leva en Altair dende 2014.

R5: rapaz de 18 anos. Vive no barrio de San Pedro. Leva en Altair dende 2020.

1. Perfil das participantes

1.1. Cantos anos levas en Altair? Por que comezaches a participar nesta entidade?

R1: Eu levo dende 2018, que son 6 anos. Levo un montón... E empecei porque me dixo miña nai “non tes nada que facer os sábados polas mañás. Vas ir un sitio onde ides facer proxectos” e xa [risas]. Ao principio non me gustaba nada eh, pero despois quedeime.

R2: Non sei contar, pero creo que case nove...

R3: Ya?

R1: Eu levo 6 anos eh... Levades máis ehh...

R2: Porque miña nai estaba nunha asociación que se chamaba Itaca, que moitos dos que estaban alí pois como que tiveron a iniciativa tamén de facer Seteportas. Entón pois meteume aí.

R4: Eu acabo de mirar, levo 8 anos. Empecei con 8 cara 9, porque empecei no 2015 máis ou menos. E comecei porque lembro do meu pai que dicía “hai un sitio, para os sábados pola mañá, onde facer xogos e así. Se queres ir...”. E eu “vale”. E xa está.

R3: Pues yo empecé con 9 años, creo. Sí, con 9 años. Porque mi tía estaba con una mala situación con mi primo, tal... Bueno, estábamos la familia bastante mal... Y para que yo desfogara en algún sitio y no estuviera muy atenta a esa situación pues buscó un sitio donde yo poder estar bien. Y una amiga suya le dijo "van a empezar una asociación llamada Seteportas, tal...". Y ahí empecé. Encajé bien con la gente y ahí quedé.

R5: Yo creo que llevo ya casi 3 años. Entré en Seteportas porque mis padres me hablaron de que hacían campamentos... y que... bueno, así también estaba con gente de mi edad y que iba a disfrutar. Entonces empecé... O sea, fui al campamento de verano, pero antes estuve... fui dos sábados. Empecé a conocer a la gente y me gustó, estuve cómodo y seguí.

2. Funcionamento e metodoloxía de Altair Galiza

2.1. Como funciona Altair? Como vos organizades?

R4: Pues... Hai distintos grupos de idade...

2.1.1. Refíreste a Altair ou a Seteportas?

R4: Ahh, vale. Estamos hablando de Altair...

2.1.2. A pregunta refírese a Altair, pero podedes concretar en Seteportas se vos resulta máis próximo...

R3: Bueno, es que realmente en Altair hay también otros grupos.

R4: Sí.

R3: Cuántos había? 3. En Burela ya no está, pero hay uno en Cabo Verde.

R4: En Cabo Verde sigue. E despois...

R3: Nosotras y Faro Brigantium.

R4: Pois si, eso. Seteportas divídese en grupos de idade e cada grupo de idade fai distintos proxectos ou actividades. Hai educadores e educadoras...

R2: Pero como quieres enfocar esta pregunta?

2.1.3. Vós imaxinade... Alguén que non coñeza Altair, como lle explicaríades o que é e como funciona?

R4: Proxecto educativo... [risas]. Non... Eu sempre digo “é unha asociación onde facemos actividades os sábados pola mañá”.

2.1.4. E neses sábados que facedes?

R1: A ver, nós agora estamos facendo de educadoras, pero antes nós quedabamos os sábados a tomar algo e falabamos das actividades de voluntariado que facemos pola semana.

R4: Iso este ano.

R1: Este ano, porque somos “Argonutrias”.

R4: Que é totalmente distinto aos anos anteriores.

R1: Si, cando éramos Aveneiras facíamos *fancines*, por exemplo.

R4: Documentais... proxectos. Moitos proxectos e horta.

R2: Pois iso, está organizado por grupos de idade, e segundo o grupo fanse tipos de actividades distintas. As dos máis pequenos enfocadas máis a xogar e así, e canto máis maior eres pois máis un voluntariado para a xente do exterior.

2.1.5. De que xeito participades vós?

R4: Pois indo os sábados e indo aos campamentos.

R2: Colaboramos co barrio.

R3: Hacemos voluntariado.

R4: Socializamos...

R1: Facemos festas para o barrio.

R4: Entrevistamos a xente... Bueno, máis antes, pero nos campamentos facémolo moito. De ir un pouco investigando como vive a xente, os lugares aos que imos...

R1: Aprender sobre o sitio ao que vamos.

R4: Si, sobre todo rural. Saber como viven no rural, e se queren máis xente ou non...

R5: Nos damos a conocer tamén al resto de personas. O sea, conocer a la gente y darnos nosotros a conocer tamén.

3. Percepción e experiencia en Altair

3.1. Que é para vós Altair? Por que?

R3: Que preguntas máis intensas... [risas].

R4: Es mi casa [entre risas].

R3: Pues sí, realmente sí. Realmente es un sitio donde puedes venir a desconectar realmente de la mierda que tienes fuera. Por ejemplo, los estudios te agobian y tal, tú vienes a Seteportas y desconectas, porque estás haciendo un proyecto que te gusta y estás con gente que lo pasas bien. Es una segunda familia realmente, si no no quedabas aquí años y años.

R4: Si, é sobre todo pola xente. Tamén o que fas pero encontraste xente coa que conectas bastante ben (moitas veces con gustos parecidos), aprendes moitas cousas... E é agradable pasar as mañás dos sábados aquí.

R5: Es como una especie de hogar. En plan, un sitio acogedor. No es como, por poner un ejemplo, un campamento de la Xunta. Aquí hay una convivencia intensa. Colaboramos entre nosotros, nos ayudamos, intentamos entender al resto de personas, en plan, con las que estamos. Si estamos en un pueblo intentamos entender el resto de los que viven en el pueblo.

R2: Pois, aparte de ser unha familia, pola xente que hai, e tamén polos monitores diría eu, é como que está moi presente en como son agora. Porque aprendín moito, transmitiume moito e... moi importante de como son agora influíume Seteportas.

R1: Seteportas é un sitio ao que ti vés e dis "xa estou ben". É por toda a xente e por todo. E tamén falar galego, porque dos meus amigos ningún fala galego, e iso estrésame un montón. Entón é como vir aquí e falar galego con absolutamente todo o mundo, porque practicamente todos falamos galego; entón é como mellor... diferente.

3.1.1. E como vos fai sentir?

R3: Puf... Depende en la época en la que la vivas...

R1: A min tranquilidad.

R3: Por ejemplo, cuando eres más pequeño es ese momento de venir aquí a jugar con mis amigos y tal. Después, cuando creces, ya es más distinto. Piensas, y dices "vale, es mi familia y tal", vienes los sábados, disfrutas, pero es distinto; lo ves de otra forma.

3.1.2. En que sentido?

R3: No se explicarlo... A ver, es que cuando eres más pequeño no eres consciente realmente de lo que es Seteportas en si. Eres consciente, obviamente, porque ya los monitores se encargan de decir "Seteportas é un proxecto pedagóxico que..."

R2: pero non o tes tan interiorizado.

R3: Eso.

3.1.3. Que significa telo interiorizado para vós?

R4: É que de pequenos íamos como se íamos ao parque a xogar con amigos. É dicir, era un sito máis onde ir xogar, pero mellor porque era máis organizado entre actividades e tal. Agora... Non sei, é que é máis ca iso. Non sei... Non sei como describilo tampouco.

R3: Es algo en lo que quieres contribuir realmente. Porque tú te vas creando en unos... no se, en unas cosas que te enseñan aquí, que te acaban gustando. En plan, tú te acabas formando como persona aquí porque te enseñan unas vías por donde ir. Si te gustan estás aquí y si no te vas, porque... Y, es verdad, a ver. Y... Tú cuando eres mayor quieres venir aquí para contribuir a que eso siga avanzando. Cuando eres más pequeño vienes para disfrutar y dices "vale, vengo a pasármelo bien". Que tú también vienes a pasártelo bien, pero de otra forma.

R2: Ao ter como máis interiorizado, como funcionan as dinámicas de Seteportas e o traballo que hai detrás, pois como que o vives distinto.

3.1.4. A que tipo de dinámicas te refires?

R2: O feito de que os monitores están aí porque queren e non por...

R1: Dinero.

R2: ...por gañar cartos nin nada. Senón porque lles gusta o proxecto e confían no proxecto en si. Entón ti despois velo distinto, porque dis "o traballo que ten detrás...". É máis... é como unha familia, non sei.

R1: E tamén o traballo nos campamentos. En plan, eu cando era máis pequena iba aos campamentos e dicía "bah, tampouco debe de ser tan difícil". Pero claro, unha vez [nomea a E1] nos conta "si, temos que facer non sei que, non sei canto..." velo doutra maneira e dis "bua, ten moito chollo facer isto".

R2: Valórase tamén máis o traballo dos monitores, entón tamén queres contribuir a que funcione.

3.1.5. Entendo... Volvendo á parte de emocións, como diríades entón que vos fai sentir?

R2: Pois non sei... cooperación, solidariedade...

R4: Productivos.

R1: A min tamén me produce felicidade e tranquilidade.

R5: Alegría, quizás.

R3: Si, a ver realmente... tranquilidade, felicidade... Realmente en Seteportas pasas por todos los sentimientos que puedes pasar. También pasas por rabia, enfado... muchas veces.

R2: Pero non por nada de... proxecto.

R3: No por nada del proxecto, es la convivencia al final.

R4: Claro, estás con moitas persoas, entón sempre...

R2: Intensidade [risas].

R3: Bua, intensidad si, en todos los niveles...

R2: Emotivo...

3.2. Que proxectos desenvolvidos en Altair foron importantes para vós? Por que? Como se desenvolveron?

R3: *Ophelia*, el documental. Porque desde fuera cuando lo hacías dices “estamos haciendo una mierda impactante” pero después, cuando lo montas y a la gente le gusta, dices “por algo será”. Ah! Y *Kánsome*, a mi *Kánsome* me marcó mucho. *Kánsome* fué el que más me impactó porque realmente explotaron algo de mí que yo no explotaba individualmente. Y fui consciente de que realmente era buena en algo de lo que antes no me decían que era buena. Y bueno, se desarrolló, en plan... Era confinamiento, queríamos hacer voluntariado y queríamos llevar la música a residencias y tal. Cosa que tuvimos complicado, porque claro, confinamiento y tal, al final no pudimos tocar en residencias ni nada, pero acabamos haciendo un grupo de música que acabó tocando en las fiestas del barrio y pues con canciones que realmente nos gustaban porque promovían unos valores que dentro de Seteportas también se promovían.

R5: Voluntariado, por ejemplo, de ir al centro sociocultural allí a dar clase a otros niños. Al principio te da como algo de pereza, te cuesta un poco... Tratar con los niños. Porque son niños más pequeños

que tú y se revelan bastante. Algunos no se saben comportar bien, algunos no hacen caso... Y bueno, otros no hacen la tarea o no traen nada y se ponen a jugar. Pero, cuando va pasando el tiempo y vas dedicándote con alguno de ellos (porque cada uno de los voluntarios está con un niño), vas viendo más o menos como progresa el niño. Puede ser un progreso lento, otros van más rápido. Y se va viendo según su comportamiento y la tarea que va haciendo. Por ejemplo, el último día, nos vinieron las madres a dar las gracias, y algunas de ellas nos dijo el gran progreso que hizo su hijo; y la verdad, eso... o sea, llena bastante.

R1: Eu para min *Ophelia*, pero máis que nada porque é do que máis me acordo. Porque foi como o máis... O sea durante a gravación foi divertido e gracioso, porque claro, estabamos con xente e [menciona a un antigo educador] era graciosísimo. E facer as cousas que nos mandaban facer, pois ti eso velo dende fóra e dis “que?”, pero despois velo todo montado e dis “bah, ten algo de sentido o que estabamos facendo”. Foi un dos proxectos que me fixo quedar en Seteportas en verdad, e por iso é dos máis importantes e ademais ver que os pais dicían “bua, pois está moi ben”, échete e dis “tivo sentido o que fixemos”.

3.2.1. E como desenvolvíchedes ese proxecto?

R1: Pois viñamos aquí os sábados e gravábase cousas que, ti míralas por separado e non tiñan sentido ningún, pero que despois... Ou sexa, facíamos parodias de anuncios e tal e era para dar a ver algo que moita xente non vía e segue sen ver, que era o machismo interiorizado e os micromachismos.

R4: A min gustárame moito a curta que fixéramos en San Mamede. Esa gustoume moito e si que me marcou, non sei porque. Despois comecei a interesarme moito polo tema dos audiovisuais e cine e aprendín moito. Pero tampouco foi un proxecto como dos que falan elas que durou moito, foron 2-3 días do campamento.

R3: Todo el campamento escribir el guión, bueno, medio campamento fue.

R2: É que os que xa dixeron o resto... É que non sei cal foi... Un que me marcou foi cando fomos facer un voluntariado a unha tenda para recoller alimentos para os animais. Bueno, alimentos e tamén area para gatos e cousas así. Colaboramos cunha asociación que se chama Amigos Peludos e entón tiñamos que estar alí na tenda, informarlle do que estabamos facendo a cada persoa que entraba e intentar que colleran algo para os animais. E nada, a min gustoume moito porque chama moito a atención ver como persoas, que xa van comprar un montón de cousas porque xa teñen moitos animais, acábanche comprando para a asociación moitísimas cousas e kilos e kilos de comida.

E ao final xente que che dicía “si, si” e non che compraba nada. E nada, era curioso ver que había tanta xente humilde.

3.2.2. Estes proxectos que estabades dicindo, como se organizaron? Como xurdiron?

R4: [Menciona a E1].

R2: Fomos motivadas polas educadoras.

R4: A organización variaba dependendo do proxecto. Nos voluntariados son sobre todo [menciona a E1] que di “bueno, imos facer un voluntariado aquí” e nós dicimos “veña, vale” e, antes de ir, organizámonos un pouco, organizamos xogos para despois que saian ben... O voluntariado en si está organizado por [menciona a E1].

R1: Non, a ver, está concertada a cita cos vellos, por exemplo, ou con quen fagamos o voluntariado, pero despois nós falamos o que imos facer.

R4: E despois, por exemplo, o do documental foi un proceso de moitos sábados e incluso dun campamento. De andar falando, de reflexionar, de apuntar cousas, de ter ideas...

R2: ...de entrevistar a xente...

R4: Si, foi un proceso moito máis longo e distinto que cando facemos os voluntariados.

R1: A verdade é que non me acordo de como foi que xurdiu o documental, pero eu xuraría que foron [menciona a E1 e a un antigo educador] que dixeron “pois vamos facer un documental” e...

R4: Si, non sei, non me lembro.

R2: Si, sobre todo dannos ideas de cousas que podemos facer e despois nós decidimos. E intentábamnos darlle unha volta e crear un proxecto a raíz dunha idea.

R3: En el caso de *Kánsome* realmente no. En este caso dijeron “bueno, tenéis que buscar un proyecto que hacer” (realmente era para hacer un voluntariado). Y nuestro voluntariado era para llevar música realmente a junto de cualquier persona y... pues empezamos a hacer canciones, nos gustó y al final se acabó llevando a fiestas... y bien. Realmente nos organizábamnos siempre nosotros. [Menciona a E1] si que ayudaba, pero no mucho realmente. Nosotros buscábamnos sitios donde ensayar (lo pagábamnos nosotros, todo hay que decirlo) y al final siempre fue organizado por nosotros todo. A ver, los monitores ayudaban para decir “bueno, pues tengo un contacto aquí. Podéis participar aquí para cantar y eso”.

R5: Yo lo veo igual.

R2: Dende fóra *Kánsome* foi un proxecto moi guai porque como que crearon de repente a idea, e ían facendo cancións con temáticas increíbles...

3.2.3. Con que tiñan que ver as temáticas?

R2: Había varias... consumismo...

R3: Machismo, racismo, explotación...

R2: Si, bueno, valores que... Temas que se tratan en Seteportas. E velo dende fóra, e ver como fixeron todo iso, e a donde chegaron... porque foron a unhas festas bastante importantes. E ver como todo o mundo dicía “bua, que ben está”, estaba moi guai.

R1: Si, foi increíble.

3.3. Que proxecto estades desenvolvendo actualmente?

R4: Este curso non viñamos moito os sábados ou viñamos a última hora para falar dos voluntariados que estamos facendo durante a semana. Bueno, [menciona a R2] non porque vive en Muros, pero as demais... Bueno eu trataba de ir sempre que podía a ASDEGAL, unha asociación para axudar a nenas e nenos que lles custaba un pouco algunha materia ou facer os deberes; e nós axudabamos. Éramos voluntarios porque a maioría das familias non se podían pagar unha academia para os seus fillos e fillas.

R2: Coa falta de monitores agora que hai moitísimos nenos, os monitores quedáronse cortos e necesitaban da man de máis xente, pois dixéronnos ás Argonautas se queríamos axudar, botar unha man, cos grupos de idade e tomalo como un voluntariado dunha asociación que precisa axuda. E... Pois nada, cada unha está nun grupo de idade, e os monitores infórmanos do que imos facer e pois intentamos estar aí e axudar; colaborar co proxecto.

R5: Yo también estaba en ASDEGAL. Aunque bueno, ya terminó.

R1: Eu ía a ASDEGAL pero ía os mércores e faltei un montón, pero era reconfortante.

R4: Eu tamén.

R1: E facemos voluntariado... [Menciona a E1] dinos “este día hai un voluntariado en non sei onde” e imos a ese voluntariado.

R2: Podo contar o proxecto que máis me gustou? Acábome de lembrar! O dos Reis Magos.

R1: Bua, que top!

R2: Foi o mellor que fixen na miña vida... Pois chamáronnos os da residencia de San Marcos...

R1: Non, foron as de ASDEGAL.

R2: Si, para ir á residencia de San Marcos para ir de rei mago ou de paxe (isto foi o 5). O que fixeron foi, á xente que quería colaborar adxudicábaselle unha persoa da residencia e preguntábaselle a cada persoa un pouco os seus gustos e comprábaselle un regalo e despois dábaselle a cada persoa da residencia o seu regalo. E encantoume, porque ver a felicidade dos vellos de que lle deran o seu regalo, de que moitos igual non tiñan unha familia aí detrás que lle fora dar o regalo e a ilusión que lle facía ter un regalo. E ademáis regaláronlles moitísimas cousas eh... E había moitísimos señores que se puxeron a chorar da emoción e foi moi reconfortante e moi bonito.

R1: Si!

3.3.1. Estades falando de moitos proxectos que teñen unha relación coa comunidade ou un grupo en concreto de fóra da asociación. Que sentido lle vedes a iso?

R3: Pues trascender. Realmente es llevar los valores que llevamos desarrollando desde que entramos en Seteportas a fuera de Seteportas y darnos a ver y dar a ver lo que pensamos sobre la sociedad y lo que queremos cambiar de ella.

R4: Si... Coñecer un pouco máis á sociedade...

R2: Ver outras realidades, porque ao final aquí tamén hai moitas que ver, pero se vas de campamento a non sei onde, tamén igual hai... Eu que sei... por exemplo, o das redeiras ou cando fomos a un campamento e había un encoro...

R1: Belesar.

R2: Si, Belesar. Pois ir a cada sitio e aprender un pouco do que hai alí.

R4: Coñecer o mundo.

R1: Si, non só ir por alí. Simplemente, en Santiago... ver a realidade dos vellos que están metidos nunha residencia e que as súas familias non os van visitar, porque ou non teñen ou porque non van, pois é un choque de realidade que dis "pois pobre xente".

R2: Si, son cousas que non tes no teu día a día pero están aí.

R5: Sí... Más o menos como dijeron. Por exemplo, hace dos jueves tuvimos una reunión en el voluntariado y también se ve... para tener también una opinión, o sea... la experiencia sirve para saber qué es lo que sucede en la sociedad y más o menos tener una opinión. Por ejemplo, hablaban de madres que llevaban a sus hijos allí y como que no se hacían cargo, les daba igual lo que hacían, como que pasaban de ellos. Entonces también eso te hace pensar que es lo que quieres cambiar también, como quieres colaborar.

R2: E apoiar causas tamén. Por exemplo, Seteportas un dos valores que defende é o comercio local e o sentimento de barrio, non? Entón colaborar tamén por exemplo coa Xuntanza, que é unha asociación do barrio no que estamos. Entón apoiar tamén causas.

R1: E tamén en plan, darlle alegría a persoas que probablemente na súa vida diaria non as teñan. Outra vez, por exemplo, os vellos que están metidos nas residencias non teñen moito que facer e ir ti alí a facer calquera cousa xa lles alegra o día.

3.4. Que significa para vós estar de campamento?

R4: Síntome *hippie* [risas].

R1: Quitando as camiñatas que te matan, despois é un sentimento de liberdade. De estar no campo, con xente que che importa. E bueno, como tamén facemos nós practicamente todo; en plan, cociñamos, limpamos e tal, ensínache a ser máis independente.

R4: Si...

R1: Porque por exemplo, nos campamentos da Xunta (que eu fun a algúns), ti na hora da comida colles, colles o teu plato, séntaste, bótanche a comida, despois deixas o teu plato nun sitio e límpancho eles. Entón non aprendes a facer nada por ti mesmo. Entonces en Seteportas ensínanche a ser independentes e tal. E tamén é como moi liberador. Estar no campo durmindo en tendas de campaña.

R4: Si, son días do ano que marcan moito e que non te vas esquecer deses días. Marcan moito a túa vida e despois vas recordar a túa xuventude... "bua, íbamos a uns campamentos moi guais". E non sei, hai moitas experiencias e... e que xa é unha rutina para min, porque levo moitísimos anos e non só é en verán, tamén hai en inverno, primavera... Entón como que xa estou súper acostumada a ir de campamento e o paso moi ben. Sempre teño despois depresión post-campamento, de que quero seguir aí. Pero si, é como afastarse da sociedade. A ver, que non estamos afastados da sociedade porque despois tamén...

R3: Bueno, pero realmente si eh...

R1: Si, si, si.

R4: É dicir, que despois socializamos con xente ao mellor de por aí para facer algunha cousa, pero estamos afastados da sociedade. E despois cando volvo sempre miro a todo o mundo vestido normal e digo “Dios mío, que pijos” [risas]. Pero é unha desconexión, e que despois non queres volver á cidade cando estás de campamento.

R1: Si, totalmente.

R2: Sobre todo, o que máis marca é o tema da convivencia que, pois dá momentos moi positivos e tamén negativos, e hai que aprender a lidar cos dous. Positivos... Pois non sei... Por exemplo, ao final dos campas, bueno, ao final e ao longo, pois facémonos cartas e dicímonos no que nos aportou no campamento e tamén no que levamos de asociación. E tamén non só como asociación, porque ao final moitas veces tamén as amizades sácanse fóra de Seteportas. E nada, facemos tamén outras actividades nas que nos dicimos cousas bonitas e así. E negativas, pois non sei... Sempre tes algún conflito con alguén. Son 15 días, son moitos días nos que poden pasar moitas cousas. Pódeste enfadar por tonterías, podes ter un día malo.

R3: Para mí estar de campamento realmente significa desconexión. Ahora no tanto, pero yo antes nunca llevaba el teléfono. Hasta el último campamento yo nunca llevé el teléfono. Y claro, realmente si que desconectas de todo. Desconectas de tus amigos de fuera, desconectas de tu familia realmente. Y desconectas de... Yo cuando vuelvo a casa me dicen “murió Fulanito, murió no sé quién”. Y yo digo “bueno, en 15 días no sé lo que pasó”, ¿sabes? Sirve para estar con la gente que quieres. Es verdad, es muy intenso emocionalmente. Tú acabas los campamentos y llegas a casa y puedes dormir dos días seguidos. Sí que hay ese echar de menos al final. Yo cuando acabé el último campamento caí en depresión totalmente. Dije “joe, no voy a estar nunca más de campamento con estas personas” en tono niña, en monitora puede que sí. Pero te aporta mucho realmente todo. Porque los sábados sí, vienes unas horas y tal... Si, pero 15 días estar de campamento. A ver, los otros campamentos; 3 días ya son intensos también eh... pero cuando vas 15 días, convives con esas personas que realmente te aportan muchas cosas.

R5: Para mí estar de campamento es aprender a gestionarse. En plan, organizar todo, las tiendas a un lado, la cocina en una parte... Acostumbrarse al entorno yo también diría. Porque llegas y no sabes exactamente como es el sitio. Después esa aventura de andar alrededor del campamento y ver como es todo tu entorno. Y dices “bua, por ahí hay un camino, hay unas tremendas vistas por ahí...” y “bua, pues por ahí encontré un campo enorme”. Más o menos eso.

3.4.1. Que destacaríades dos campamentos?

R4: Hai moito...

R2: Eu o final das rutas.

R3: Liberación...

R2: Non, ao final a meta... non vir de volta. É moi satisfactorio.

R3: Si la hay, porque hay veces que no la hay o no llegas a la meta... pero aún así [risas].

R1: Os xogos, en plan... Os xogos normalmente facémolos e teñen que ver co sitio, entón como que aprendes que pasou nese sitio ou que pasa nese sitio. Entonces é unha fonte de coñecemento tamén interesante.

R4: Si... Os espazos tabú a min me gustan moito. É que moitas veces ao final é como unha... non terapia, pero si chegas a falar moito das túas inseguridades. Non só con actividades, senón despois coas compañeiras. E que máis cousas... As veladas pola noite. É que moitas cousas... O feito de non ter baño... [risas].

R3: Bueno, eso no es tan bueno si tienes gastroenteritis eh... [risas] Yo creo que realmente los momentos más especiales de los campamentos, aparte de las actividades, que están muy bien, las caminatas y tal, es cuando estamos todos juntos. Cuando estás con los monitores también. Es un momento que dices "bua, estás compartiendo con gente como eres tú normalmente". Y eso es lo más bonito realmente. Porque no solamente con niños de 8 años, con niños... con todos realmente. Y con monitores de 20, 23... la edad que sea. Realmente conectas con todos genial y es un momento bonito. Porque te puedes llevar genial tanto con una niña de 8 años como con un monitor de 21, y es muy bonito ver que puedes conectar con ambas cosas.

R1: Franxas de idade, si...

R4: O tempo libre está moi ben, cando nos xuntamos e tocamos a guitarra con todos...

R3: Los cotilleos, verdad? Es lo más guay... [risas].

R5: Yo destacaría... Es complicado... Cuando preguntamos. Cuando estamos con la gente del pueblo y les preguntamos, sobre su pasado o el pasado del pueblo, les viene así como una nostalgia y ves su reacción también. Destacaría eso, pero hay muchas más cosas que ahora no se me ocurren.

4. Impacto persoal

4.1. Que vos achega Altair a nivel persoal? Que impacto tivo en vós dende que entráchedes ata agora?

R3: Buf... Realmente te formas como persona aquí. Tanto en valores, forma de ser, aprender a convivir... en todo. Porque tú fuera de casa... Por exemplo, yo, que soy hija única. No aprendí nunca en casa a ser, a estar con outras personas y compartir con esas personas mis sentimientos o la comida que... por exemplo, a mí no me llega la comida, pues le doy más comida a otra persona. Eso fuera realmente no se aprende como se aprende en un campamento o los sábados en Seteportas.

R1: O sea, eu cheguei sendo unha persoa tremendamente insegura, sen ter absolutamente nin idea de quen era, e en Seteportas como que dime conta de quen era e... conseguín formarme como unha persoa decente.

4.1.1. Falas de formarte como persoa, pero a que aspectos te refires?

R1: En absolutamente todos. En todo, en plan, nas miñas ideoloxías, na miña forma de comportarme, en como son... en plan, eu se non estivera en Seteportas probablemente acabaría sendo e... "la persona más pija de este planeta, votante de Vox promedio" [risas]. Non creo que chegaría a eses extremos, pero por aí andaría. Porque eu era unha persoa que me influenciaba demasiado o que pensara o resto, o sea, non tiña os meus gustos formados... Non tiña absolutamente nada. O sea, se eu era amiga desta persoa e esta persoa escoitaba rap, eu poñíame escoitar rap. Se estaba con esta persoa e esa persoa dicía "viva el rey", eu dicía "viva el rey". E claro, ao estar en Seteportas formeime, e dixeron "vale, se esta persoa escoita rap, a min dame igual porque eu escoito outra cousa", se esta persoa di "viva el rei" pois eu digo "pues no" [risas].

R2: Eu diría sobre todo que... Por exemplo, nos campamentos e así, ao ser tanto tempo, ao final mostras quen eres ti 100% e ao final eso tamén o fas os sábados. E non sei... É un sitio no que sempre podes ser ti mesmo, e ao final, eu por exemplo, era como distinta aquí que fóra, pero realmente eu era aquí e fóra era outra persoa totalmente influenciada polos demais. E nada, Seteportas pois reencamiñoume e fíxome saber quen era. Despois en tema valores é unha pasada... Porque a ver, obviamente eu creo que tería uns distintos. E aprendes moitísimo de socializar cos entornos dos campamentos e así. Pero sobre todo en valores.

R5: Yo diría que Seteportas te hace meditar sobre las cosas, en plan, sobre ti mismo, sobre lo que piensas, lo que crees, sobre lo que sucede a tu alrededor. Pone en cuestión todas esas cosas. También me ayudó, yo diría, a entender más a las personas. Pues... mismamente lo del embalse de Belesar,

que quedaron sus casas inundadas, sus campos donde plantaban y así... Y igual hay personas que no saben del todo que ahí había casas y que se inundaron, y que esos habitantes tuvieron que irse. Entonces también el daño que se causa a las personas te ayuda a entender que a ti igual te puede suceder algo así o a alguna persona cercana.

R4: Eu creo que madurei bastante -a ver, xa unha persoa madura crecendo- pero eu penso que son máis grazas a Seteportas, son máis madura, e ao mellor podo argumentar mellor as cousas que se non fose. Porque ao final aprendes moito sobre valores da sociedade e son capaz de criticar máis as cousas, de dicir “mm... esto non está ben”. Eu creo que aprendín a socializar mellor tamén... Eu antes era moi tímida, de pequena. A ver, eso xa o notei como en 6º de Primaria e tal, que me empecei a abrir un pouco máis, pero si, abrinme máis. E tamén a ideoloxía un pouco, aínda que xa co meu pai xa tiña un pouco esta ideoloxía, pero aquí estou... non influenciada, pero todos temos unha ideoloxía parecida. E tamén grazas a ir a Seteportas pois como que... sei que é unha ideoloxía que me gusta, non? Que digo “si, é que esto é o que me parece que está ben” e... non digo de política, digo de ver as cousas.

R3: De política también.

R4: Tamén, porque ao final iso se aplica á política.

4.1.2. Antes falabades de que tiñades amizades que fixestes aquí e que tamén tendes fóra. Nese sentido tamén vos influenciou?

R4: Si... moitísimo. Teño máis amigos. É que ademais no instituto... É dicir, lévome ben con moita xente pero tampouco... É dicir, aquí quero moito á xente. Estou orgullosa dos amigos que teño aquí.

R2: O mesmo digo.

4.2. Participades noutras iniciativas/experiencias cunha vontade de compromiso de servizo á comunidade? Cales?

R4: A do barrio. A Xuntanza.

R1: Ah, é verdade, que estamos na comisión de festas!

R4: A ver, o de ASDEGAL... Os voluntariados que fomos mencionando antes.

R2: Eu en Muros, onde vivo. Chámase O Rumián, e é unha asociación veciñal que... bueno, está un pouco en decadencia agora, pero vou falar un pouco do que se facía máis antes. Primeiro actividades... Eu que sei, pandeireta, gaita e así, para os veciños, e despois tamén festas, romerías...

Eso organizábase. E... Pois nada, os meus pais están na directiva, entón tamén diso sei como funciona.

4.2.1. Credes que formar parte de Altair puido favorecer isto dalgún xeito?

R2: Non sei, nesa asociación ía estar igual. Somos catro gatos, quero dicir... está todo o mundo. Pero si que é certo que non sería capaz de entender esa asociación se non tivera estado nesta; na que obviamente non funciona ben como tal, pero si.

R4: Si, o caso dos voluntariados vén de Seteportas, si. Se non non estaríamos. Cada vez que lle digo a alguén o do voluntariado ese dos nenos, que vou a axudar a nenos e a nenas cos deberes, din “[menciónase a si mesma], ostras...”, e eu “si...” [risas].

R1: A ver, a min dinme que está súper ben e non sei que e tal, pero... a ver, a elas non se lles pasaría pola cabeza.

R4: Non... A min non se me pasaría pola cabeza.

R1: A min tampouco. A min, se non fora por Seteportas, probablemente estaría na miña casa así [cruza os brazos] sen facer absolutamente nada.

4.2.2. Por Seteportas referídesvos porque se contacta con esas entidades a través de Seteportas ou porque estar en Seteportas vos potenciou unha perspectiva de servizo á comunidade?

R1: Tamén si...

R4: A ver, colles esa perspectiva pero... Sinceramente, eu no meu caso foi porque era o que tocaba. Somos Argonautas. E estou orgullosa diso e agradézoo, pero se non estivese non se me ocorrería. Ao mellor un pouco máis maior, pero agora sendo estudante, que ninguén fai iso (ninguén anda con voluntariados da miña idade), máis tarde si... Porque ademais éramos os únicos tan novos aí, estaban todos facendo a carreira ou eran xa máis adultos...

R1: Si...

R3: Yo si que participo en outra entidade, pero por familia realmente. En la asociación ASANOG, que es la asociación de mi tía, sino no estaba tampoco realmente. Pues Seteportas... Es que yo no llegué a hacer voluntariados, pero porque no nos dejaban hacerlos.

R4: Pola COVID...

R1: Si... A ver, yo, evidentemente, si llego a participar en un voluntariado es por Seteportas, si no no creo. No daría el paso.

4.2.3. Con ese “por” refírestes a “a través” de Seteportas ou polo que che implicou Seteportas?

R3: Yo creo que ambas. Es mucho más fácil que te guíe una persona a hacer un voluntariado que decir “bueno, mira, hoy voy a hacer un voluntariado porque sí”. Pero evidentemente si que tuvo una influencia en mí para valorar o ver esa necesidad de compromiso con la comunidad.

R4: Si, porque é como a única experiencia que teño respecto a iso. No instituto... Non sei, ao mellor algunha vez fixemos algo, pero creo que non. Ou... Coa miña familia non se nos ocorre “veña, vamos facer un voluntariado”. Home, algunha vez algunha axuda a algo si, pero non deste estilo.

R2: Eu o que dicía da asociación esta de antes... Por exemplo, tamén se facían limpeza na praia e así, pero velo distinto dende que vas a Seteportas. Porque antes era como “bueno, mándame ir. Vou”, pero agora xa como teño máis dentro meu a necesidade de facelo, entón xa vou contenta.

R5: Yo colaboro así un poco con la CUD, pero poco. Y... ahora pues estoy pensando en meterme en lo de Aldeas Infantiles, porque me preguntaron si quería colaborar con ellos para hablar con niños que tienen problemas familiares, que se separaron de sus padres, y... o sea, que los niños son los que tienen que decidir si irse con una familia de acogida o no. Entonces dar yo... en plan, hablar de mi experiencia e intentar ayudarlos; porque son niños que tienen algo de miedo, entonces se echan para atrás. Entonces bueno... Pensar en querer hacerlo pues también creo que parte es gracias a Seteportas, ¿sabes? Ver... Entender qué es lo que pasa.

5. IMPACTO COMUNITARIO

5.1. Implicádesvos dalgún xeito a través de Altair no barrio de San Pedro? Que papel desenvolve Seteportas no barrio?

R4: Pois darlle alegría...

R1: Eu creo que lle da vida, porque en Seteportas hai moito neno e no barrio... Ou sexa, eu vou por aquí e a única persoa nova que coñezo é un rapaz que vén na miña clase e o seu irmán. En plan, non coñezo a moitos rapaces que vivan por aquí. Entón Seteportas como que lle da un toque de xuventude ao barrio.

R3: Colaborativo realmente, ¿no? Colaboras para que se dea a ver el barrio, y haces actividades dentro del barrio para que venga más gente al barrio...

5.1.1. E noutras comunidades?

R2: A donde vamos de campamento, por exemplo.

R3: Ah, pues sí.

R2: Moito.

5.1.2. E de que xeito?

R3: De la misma forma.

R4: Si, de entretener á xente que vive aí. E, por exemplo, agora máis co tema... agora a xente está máis metida dentro dos seus fogares, polo tema da tele... E antes íase máis pra fóra, organizábanse máis cousas... Había máis maneiras de entreterse pola rúa, entón.. Como si, darlle máis vida... Poder socializar fóra.

R3: Sí... Cuando vas a por ejemplo pueblos en los que realmente son todos mayores, les encanta ver a niños. Y dicen “ay, qué alegría ver a niños por aquí”, tal... Siempre. Y al final das alegría. No sé... Llevarlos a una época en la que seguía habiando niños allí. Te cuentan una historia de “ay... un niño aquí...”. ¿Sabes? Al final les llevas a esos momentos felices de su vida.

5.1.3. E que facedes nesas comunidades para transmitir esa alegría?

R5: Hablar con la gente de allí...

R3: Actividades con ellos.

R2: Aprender sobre a historia do lugar.

6. Valoracións e propostas de mellora

6.1. Como valorades a experiencia de formar parte de Altair? Que é o que máis vos gusta?
E o que menos?

R4: Chachi! É que non sei como empezar... É que hai moitísimas cousas.

R3: Es que hay cosas muy buenas de ser Altair y cosas muy malas de ser Altair. Porque realmente... Sí, buenas, porque te aporta todo lo bueno que te dijimos, y... es precioso... Si no yo no me haría un tatuaje en el pie ni nada. Pero hay malas como... Puf... No sé cómo decirlo. Hay una presión por ser Altair realmente. Tú cuando acabas en Altair dices “vale, yo quiero seguir colaborando en Altair”, pero existe esa presión de decir “vale, si ahora mismo...”. Yo este año, por ejemplo, no estoy en Altair, y yo

sentí esa presión de decir “estoy siendo juzgada -no por todo el mundo eh- por ciertas personas de Altair por no estar ahí”. Que igual no es así, pero yo me sentía así, me sentía presionada a ir, y que no se entendía mi caso. Y, te sientes presionada porque dices “vale, yo Altair lo considero como parte de mi vida”. Yo en algún momento voy a acabar dentro de Altair, y lo dije mil veces. Pero como que me sentía presionada a hacer esa labor ya de ya. Y sientes presión realmente.

R2: É como que estás moi dentro...

R3: Claro, es que no sabes como... Es que claro, la gente dice “una vez entras en Seteportas, no sales” y realmente es así eh. Porque...

R4: É dicir, cando te metes metes...

R2: Tanto como por voluntad propia como...

R4: Si, cando te metes metes ao final... si... como que...

R2: É que é a nosa vida realmente.

R3: A ver, nunca sales de todo de Seteportas, porque tú realmente vas a seguir teniendo contacto con los monitores, con lo que hacen, qué campamento van, qué... Tú sigues dentro, pero de otra forma.

6.1.1. Entón como valoras a túa experiencia?

R3: A ver yo buenísima. Menos este año que me sentí presionadísima, yo genial. Es parte de mi vida. La gente que tengo en mi vida es gracias a Seteportas. A ver, ciertas personas, hay más gente en mi vida que Seteportas, pero... lo valoro como algo bueno en mi vida.

R2: Moi ben... 9,56 [risas]. Sendo realistas a min o que máis me gusta de Seteportas son as amizades. Agora neste punto. Porque, quero dicir, non sei... Gustábame máis xogar. E o que menos non xogar.

R4: Si... estou de acordo. É que molaban os xogos eh...

R1: Non, é que unha vez que vas crescendo como que van cambiando as dinámicas e en vez de xogar pasas a facer cousas como máis... digamos técnicas. En plan “vamos facer un voluntariado en non sei onde”, “vamos axudar a non sei quen”... Entón como que non xogas. É como unha parte mala, pero por outra dis “pois estou facendo algo que me gusta e me enche”. Entónces pois...

R4: Virtude.

R2: Podo nombrar unha cousa dos monitores?

6.1.2. Si, claro...

R2: En plan, que non son como monitores de... Non son... Son como amigos. Non son como... O sea, obviamente vanche ensinar e educar en moitas cousas, e guíanche, pero ao final non os ves tanto como "monitores"...

R3: Pero para lo bueno y para lo malo eh...

R2: Si, velos como parte de nós.

R4: Amigos.

6.1.3. En que sentido?

R3: Porque... tú cuando ves un monitor, en otros casos, por ejemplo en otros campamentos, dices "vale, es un monitor y ya está". Es el que me manda, es el que está ahí por si acaso y tal. Pero, en Seteportas, en lo bueno, es una persona en la que puedes contar tanto dentro como fuera.

R2: Si.

R3: Que necesitas apoyo de esa persona en cualquier cosa y vas a tener a esa persona sí o sí, porque realmente están aquí porque quieren, no porque le den dinero (como decía [menciona a R2] antes). Y en lo malo pues... otra vez. Un amigo... Tú te puedes sentir juzgado por un amigo por hacer esto o no hacer esto. Y pues sientes esa presión por no fallar a ese amigo, es eso.

R2: Si, totalmente.

R5: Mi experiencia diría que es muy positiva. Tanto porque haces amigos, colaboras con la sociedad, aprendes de otros sitios... diferentes maneras de pensar. Y... no sé, te diviertes, diría también.

6.1.4. [Diríxese a R5] e que é o que menos che gusta?

R5: Pues alguna vez creo que hubo alguna discusión pero... alguna vez así...

R4: Si... A ver, moi positiva, porque vaime marcar moito na miña vida e... A ver, é a miña infancia e adolescencia Seteportas ao final porque os campamentos marcan moito e... Despois bueno, tamén sempre houbo moitas cousas que non me gustaron. Non se falou do ano que estivemos na horta obrigados [risas].

R3: Esclavizados [risas].

R2: Vós víchedes tan duro ese ano? Sempre o dicides... que víchedes súper duro ese ano...

R4: Si... Non me gustaba... En plan, eu tiven épocas que non me gustaba vir a Seteportas.

R3: A mi no me gustaba.

R2: A min tampouco, pero non o vin tan...

R3: A ver yo tampoco.

R1: A min tampouco me gustaba, pero máis que nada porque xa o fago na casa. É como “jo, fágoo na casa e teño que facelo aquí outra vez...”.

6.1.5. E nesas épocas que non vos apetecía vir por que seguíades vindo?

R3: Por las amistades.

R4: Si, polas amizades e tamén un pouco polo meu pai, que apoia bastante este proxecto... [risas]. Non, pero si, polas amizades e porque, a ver, non quería saír de Seteportas, non quería deixar de ir.

R3: Bueno, yo tuve épocas de decir “voy a dejar Seteportas sí o sí”.

R4: Eu casi o deixo tamén.

R3: Yo por ejemplo, cuando marcharon... Hubo una desvandada de monitores, yo dije “Seteportas ahora mismo va a ser una puta mierda. Yo me quiero ir”. Quedé aquí, no sé, por las amistades realmente. Pero... A ver, hay momentos muy buenos y momentos en los que dices “yo no quiero seguir aquí”.

6.2. Credes que é importante que existan espazos coma este?

R3: Si.

R2: Si.

R4: Si.

R1: Si.

6.2.1. Por que?

R4: Para mellorar á sociedade. É dicir, para abrir a mente á xente, ou para que se sinta máis segura e coñeza a máis xente... Porque o recomendo, porque me gustou a experiencia, entón pois... gustaríame que máis xente a experimentase [asinten todas coa cabeza].

6.2.2. Compartides esa opinión?

R2: Si...

R3: Si, realmente...

R5: Si...

R1: Si. É que fan falta sitios no que a xente poida ser el mesmo, sabes? En plan... O sea, eu non son... Bueno, agora si. Agora si que son a mesma persoa en Seteportas que fóra, pero ao principio non. Ao principio era eu mesma en Seteportas e fóra era o que se supoñía que tiña que ser.

R2: É como que se non viñéramos aquí estaríamos máis influenciados polo que vemos fóra, e ao final iso tamén é as redes sociais e esas cousas. E ao vir aquí tes outros tipos de influxos.

6.3. Xa non teño máis preguntas, se queredes engadir algo...

R4: A min tamén me influenciou moito na música que escoito.

R2: Queres que falemos do rito de paso?

6.3.1. Como vós queirades...

R3: Buf, que momento máis intenso eh... El último es... Porque se sofre ehh... Yo sufro mucho en el rito de paso. Cuando no te vas no evidentemente, porque te la suda subir y...

R1: No, si, é como pasar de curso... En plan, a min pasar de primeiro a segundo da ESO é como "bah".

R3: Claro, pero es que el último es como tu graduación, y dices "bua, que momento más intenso. No voy a pasar más tiempo con estas personas". Y claro, te llegan 80 cartas de niños, 80 cosas... y dices, "jo, soy importante dentro de Seteportas" y te hace reflexionar sobre todo el paso de Seteportas y tal... Se sofre ehh...

R2: Si, como que todo o mundo ten un papel moi importante en Seteportas, e no rito de paso iso demostrase. Todos teñen a súa... Dáselles a súa pulseiriña e teñen o seu momento. Ou tamén no...

R1: No "sen ti nunca seríamos nós". Como se chama iso?

R2: O rito de admisión. Que... Bueno... sempre se ten moi en conta en Seteportas, a todas as persoas diría eu.

R3: Yo siempre acabo llorando ahí... Pero, a ver, porque también hay momentos en plan, se va una monitora, se dice en el rito de paso, ¿sabes? Hay momentos intensos... Pero esos momentos

intensos también al final, en grupo, hace unirse más. Porque al final, voy a abrazar a este, voy a abrazar al otro, voy a consolarlo... Te unes a la gente muchísimo en esos momentos.

R2: Si, si.

R1: Si...

Anexo V. Protocolo e transcripción de grupo de discusión con familias

O presente protocolo foi deseñado para a elaboración do Traballo de Fin de Grao (TFG) “A implicación da Pedagogía do Proxecto no desenvolvemento integral das persoas e as comunidades: o caso de Altair Galiza”. O obxectivo do grupo de discusión é recompilar información relevante sobre a experiencia en Altair dende a perspectiva dos principais actores implicados.

Para tal fin, como informantes de referencia solicítase a vosa colaboración e permiso para gravar en vídeo o grupo de discusión. Todas as opinións van ser tratadas de forma anónima e a información recadada só será empregada con fins académicos, cumprindo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Moitas grazas pola vosa colaboración.

Datos previos

F1: muller de 48 anos. Nai de R1. Non participou en proxectos similares.

F2: muller de 55 anos. Nai de R2. Participou de nena en actividades da parroquia e en Itaca de moza.

F3: muller de 43 anos. Tía de R3. Non participou en proxectos similares.

F4: home de 53 anos. Pai de R4. Non participou en proxectos similares.

F5: muller de 39 anos. Nai de R5. Participou de nena en actividades da parroquia.

1. Funcionamento e metodoloxía de Altair Galiza

1.1. Como é o funcionamento de Altair? De que xeito participades as familias?

F5: Eu persoalmente como familia... pouca participación, pero creo que é máis unha cousa nosa que do propio proxecto, non? Que si que ten chamado á participación varias veces. Pero bueno, eu tamén, no meu caso, empezamos fai tres anos, e [menciona a R5] xa era bastante grande tamén, entón bueno, pois tamén deixarlle ese espazo máis para el, non? Que si estamos aí presentes, pero bueno, é distinto ao ser máis maior. Non sei, creo que tiña 14 anos ou 15 cando empezou, entón bueno, non sei, como deixar así ese espazo. Pero si que o que eu vexo é que Altair chama á participación das familias e é moi importante, non? Sobre todo cando facemos o convivio do campamento, pois bueno, é así un momento tamén bonito, non? De participación, de ver como os rapaces están no campamento, como viven tamén a experiencia... Bueno, a min é algo que me gusta moito.

F4: Bueno, eu máis ou menos concordo tamén. Claro, nós levamos máis tempo pero... ao principio si que... Bueno, tiñamos como máis... Bueno, estabamos máis involucrados, sobre todo nas reunións que había. Concordo sobre todo en que hai unha participación das familias. Algúns envólvense máis,

outros menos... Ou tentativas mesmo tamén de organización interna por grupos, non sei como quedou aquilo.

F2: Si... Quedou un pouco...

F4: Houbo momentos en que había xente pois que si que estaba máis envolvida e intentaba pois facer como que as familias tivesen unha participación... O que pasa é que non está tampouco moi claro en que sentido, non? Porque claro, nós no momento no que... A partir dos 14 anos sobre todo, cando comezan a ser máis independentes, deixamos basicamente de participar. Unicamente no convivio, si, no día de familias, que eu concordo que é un día así moi bonito e... e nós creo que fomos sempre, todos os anos. Pero despois... ás reunións... Comezamos ir menos ás reunións porque realmente nós xa sabíamos todo o que había. Eran realmente informativas, non? Así que, para que? Entonces claro, esa participación da que se falaba tampouco sei moi ben de que... Bueno, cales eran os procedementos, os planos, desa participación, non? Porque non... non sei cal é. Supoño que bueno, en certos días que se organiza algún tipo de actividade, en que poden ir as familias... Algunha vez temos vido ao Mercado de Caracol (que se poñen aí a vender cousas), cousas dese tipo si... O que pasa é que son cousas puntuais, da estrutura da organización non sei moi ben en que quedou, non sei se houbo... Non sei, aí si que me perdín. E eu recoñezo que tampouco son especialmente... Bueno, teño moi pouco tempo basicamente, entón non participei en gran cousa...

F3: ¿Es que realmente es un espacio para las familias o para los niños? Ese es siempre un conflicto que hubo, de que se intentó de que fuera para las familias pero realmente los niños estaban cómodos entre ellos. El día que venía la familia... Sí, nosotros siempre fuimos a todo, a los campamentos, a los mercados... a todo. Pero el niño está a gusto, no está para estar con la familia, porque con la familia ya está habitualmente entonces era... Nosotros en cuanto fue creciendo y fue teniendo más independencia, lo fuimos dejando también porque es su ámbito, es su espacio, su momento de venir, de estar con sus amistades, sus relaciones con los monitores, con... No con las familias.

F1: Xusto, eu... Creo que [menciona a R1] foi unha das últimas que entrou (creo que un pouquiño antes que [menciona a R5], creo) e entrou porque eu vin que era un proxecto educativo. Entón, claro, nesa educación as familias teñen un peso fundamental e os educadores estaban como... non? Axudando nesa educación. Eu víao así. Entón, coincidimos en varias reunións, con [menciona á nai dun altair] e tal, donde había como un chamamento e entón eu ía a ver que pasa. Tamén para saber do funcionamento, porque eu era a probar, de ver se eso era o que a min me interesaba para que [menciona a R1] participara. Entonces naquelas reunións eran sempre de intentar ver como podemos axudar a... aos educadores. Claro, axudar. Ser intervencionista xa non era o que se quería. Entonces

había que tomar un pouco aí as... medidas para ver cando é axuda e cando xa te estás metendo onde non é o que se pretende.

1.1.1. Máis como unha figura de apoio entendo entón, non?

F1: Exacto. A miña idea era que cando se nos requería axuda... Por exemplo, cando houbo que arreglar o local, aí estuvemos.

F4: Ah, tamén, claro claro.

F2: Si, non me lembraba diso, si.

F4: Que aquí pintamos e todo...

F1: E non só intelectualmente, houbo que mover cousas [risas]. Aí si que estivo ben, porque me gustou ver aos rapaces traballar. Non tiñan os móbiles naquel momento. Entonces foron cousas chulas donde se chaman ás familias porque se necesita axuda e o que pode está. Entón, bueno... claro, no verán é máis como guai, non? Pasa esa semaniña, ti estás por alí no campamento... vas ver os rapaces e tal... Pero sempre que se poida botar unha man eu creo que as familias poderían... o que poidan aportar.

F2: Bueno, eu creo que é repetirme un pouco o que din. Que canles hai, o que pasa é que, bueno, por circunstancias, eu, por exemplo, ao non vivir aquí e, por riba, cando veño os fins de semana pois sempre foi por motivos familiares, polo que non tiña tempo, porque era cando quedaba para coidar ao meu pai primeiro, logo á miña nai... logo á miña irmá. Entón pois... claro, non sempre participamos como mellor queríamos pero claro, ao principio si que igual buscábamos ao mellor máis tempo, porque bueno, a nena tamén é pequena e entón hai que traela aquí, levala, etc., non? pero unha vez que ela xa vén soa e tal pois xa... evidentemente te vas á sombra un pouco.

F3: Claro...

F2: Primeiro por falta de tempo, de posibilidade, y bueno, que ves que tampouco é fundamental; que hai máis xente e que tampouco pasa nada, non? Y bueno, ao principio si que quedábamos algo máis, pero bueno, desde aquela creo que non volvimos practicamente a coincidir, non? E ademais por riba eu no verán, o día de pais nada. Sempre nos cadra en feira. Xusto en campamento en feira. Ten ido unha vez a súa avoa a vela, porque era alí cerca, e un ano que fun que tampouco quería que fora, o sea que... [risas].

F3: Sí... Es que es cierto.

F2: E sempre di... Porque lle digo “jo, me da rabia. Dígolle a alguén que...”. “Nooo, que non veñan, que non veñan”. Non quere... [risas] O sea, cando son maiores xa nin sequera queren...

F5: Si... xa é como si...

F2: Hasta din “é un día que non soporto (o día de pais)”. E bueno, eu enténdoo porque eu tamén estiven nun grupo practicamente igual que Seteportas. Eu estiven en Itaca cando era pequena, e entón para min tamén era un rolo o día dos pais. O único por comer ben, pero non... Parecíame un día pesadísimo, que me rompía todo... Non me gustaba nada...

F1: Forma parte do ser adolescente.

F2: Si, claro, por iso digo...

F1: Protestar [risas].

F2: Claro, porque eu cando empecei... Bueno, adolescente, porque eu xa tiña case 14 anos, xa... E entón non me gustaba nada. Por iso que entendo... Outras veces que temos vido a ver cando actuaban, cando tiñan o grupo... E aínda así mo di porque me entero pero non lle gusta. Comidas... Comidas temos feito comidas en Bonaval...

F3: Altair siempre intentó que fuese un espacio familiar pero... pero claro, las familias tienen muchas casuísticas entonces... tiraban... Y claro, un día vas... Yo, por ejemplo, hubo un día en el que no podíamos y mandé a mi madre con una tortilla en no sé donde en Vista Alegre y me dijo “no vuelvo más, porque fui yo sola, me comieron la tortilla y no...”, ¿sabes? En plan... [risas] Claro, se había intentado, pero ese día no podía todo el mundo, entonces... desde Altair sí, siempre se intentó pero claro...

F4: O que pasa é que hai aí o tema de... Os monitores e monitoras teñen un proxecto docente. Ese proxecto é un proxecto entre monitores e a rapazada. As familias estamos... penso eu... dentro deses proxectos docentes como algo externo pois para participar nestas cousas que son algo máis puntuais, non? Pero... Eu o que non vin... É iso, que dentro do proxecto docente non entraban as familias. Ou polo menos iso é o que... a impresión que me deron. Para vir, vimos cando podemos pero nada máis.

F2: A ver, de tódolos xeitos, eu considero que non é como si vai a unha actividade extraescolar e está alí. Para nada, non? Pois primeiro porque fai amizades e se siguen relacionando, entendes? Coñeces quen está, quen non está. Aínda que non coñezas aos pais, coñeces tal. Os educadores, máis ou menos eu creo que todos os fun seguindo dende o principio (e mira que houbo cantidade deles).

Entendes? Non é algo que digas “vai a patinaxe e te olvidas”. Non. Eu creo que somos conscientes de que polo menos é outro tipo de actividade, que non é vir aquí a pasar 3 horas ou nin sequera pasar 15 días dun campamento. É algo máis. Hai bastante máis detrás. E eu, nese sentido, aínda que non estea nunha reunión e tal, pois polo que pregunto, polo que me di, polos proxectos, polo que fan, polo que deixan de facer... Eu máis ou menos sei por donde vai Seteportas. Ao mellor nunca vin aí o proxecto educativo que tendes pero si que teño na miña cabeza cal é.

F1: Opino que un pouquiño máis dende que se fan estes finais de temporada onde cada grupo de idade fai unha pequeniña intervención de... pois preparan unha obriña de teatro, outros estiveron traballando na horta e preparan unhas fotos, tal... Un pouquiño do que fixeron. E a min si me gusta saber. Porque ao mesmo tempo, se é un proxecto educativo e na casa ti tamén podes ir nesa liña, pois está ben. Tampouco necesito estar aquí... A conto de que? Que non é o cometido. O traballo é da xente que educa, non? Vós e dos rapaces. A min iso paréceme perfecto.

F2: De tódolos xeitos, os que entramos ao principio... A ver, viñamos xa por determinada xente... Creo que incluso, os tres vimos pola mesma persoa. Ao principio, claro... Ao principio incluso tivemos... Non sei se vos acordades, alí en Sargadelos, que nos presentaron o proxecto... Ti ao mellor non estabas, pero...

F4: Non, non, eu non estiven... Que raro...

F3: Sí, nosotros si que fuimos.

F2: Nos presentaron todo o proxecto educativo, todas as liñas de actuación... Claro, digamos que eu creo que se agora neste momento vén alguén novo non sei se teñen ese tipo de información que tiñamos nós.

F3: Creo que sí, que [nomea a un dos fundadores de Altair] lo sigue haciendo, porque yo aún hace un par de años...

F1: Está na páxina.

F3: Pero hace un par de años nos reunió otra vez aquí para contarlo todo.

F2: Pero non sei... nós cando viñamos eu creo que eso... os aspectos educativos...

F3: [Nomea a un dos fundadores de Altair] yo creo que a veces lo hace eh...

F5: Si, eu creo que é importante... Ese achegamento.

F2: Claro, e eu non sei agora, porque claro... Agora xa digo, eu estou totalmente... Non coñezo nin aos nenos pequenos.

F1: Ademáis esta explosión de xente nova que apareceu...

F2: Claro... Nós, pensade que houbo un par de anos que estaban tres ou catro nada máis.

F4: Si...

F1: Xusto.

F2: Como non nos íamos coñecer? Era outra cousa, non?

F3: Exacto.

F4: Eran catro... catro durante tres anos creo.

F3: Sí...

F2: Claro, eu agora xa nin coñezo aos nenos novos... Me di [menciona a R2] nomes e ás veces digo “e como se chama? E quen era...?”, porque bueno, son curiosa e si que pregunto, non? Pero bueno... Pero iso, nós si... o proxecto educativo e tal... Tiñamos reunións así ao principio máis espesas destas de...

F4: Claro, o envolvimento ao principio era sobre todo de nós facendo publicidade dalgunha maneira no noso entorno.

F3: [risas] Claro, a famosa captación. Que no era una captación pero...

F2: Tamén, claro... Había que atraer xente e a nós mandábannos seguido... para captar. E para captar tes que estar un pouco informado, claro. Entón era seguido... Porque non tiñamos... non tiñamos xente. Os campamentos non había... de nada... Eran 4 ou 5 persoas, non había... E entón, claro, aí os pais tiñamos máis peso.

2. Percepción e experiencia persoal

2.1. Que é para vós Altair?

F1: Para min é un proxecto educativo. Se non non pensaría en traer a [menciona a R1]. Ese foi o punto de partida. Eu coñecín a Altair, non por unha persoa, senón porque fun a un curso. E era un curso de voluntariado e entón alí se presentou o proxecto. E dixen eu “que guai...” e de feito fora a preguntar a Vista Alegre, pero... naquel momento non podía levar a [menciona a R1], tiña outras cousas. E

despois cando me enterei que estaba por aquí, dixeron “hmm... Que cerca da casa. Agora”. E ademais [menciona a R1] non é unha persoa así... dócil, entón dixeron eu “hai que endereitar isto como sexa” e por eso... Non entrara así en principio de curso, fora en Abril... Creo que [menciona a E1] acababa de entrar e tal e fora como por probar, e para min está aquí porque eu creo que é un proxecto educativo.

F4: Xusto. Como un bo complemento ademais aos nosos proxectos educativos propios, porque ao final tamén é difícil... o tema da educación é do máis complexo que hai... porque tes que ter un equilibrio entre certa rixidez e moita flexibilidade, buscar ese equilibrio. Entón, pois bueno, saber que está nun sitio como o de Altair, onde hai eso, un proxecto, onde se intenta educar en... non me gusta dicir en valores...

F2: En valores, porque queda así un pouco pero...

F4: Si, porque claro, xa... pero... unha educación integral, non? Dalgunha maneira.

F5: Que non é pasar o tempo vamos.

F4: Claro, non é “vamos aí a estar tres horas a que pasen esas tres horas”, non? Porque non tería ningún sentido. Hoxe en día ademais, para iso xa hai outras actividades de pasar o tempo, que polo menos fan cousas físicas, non? Que é o típico que fan, cuestións deportivas e cousas destas... Pero bueno, polo menos aquí hai unha orientación clara, e eu creo que lle fixo moito ben a [menciona a R4].

F3: En nuestro caso no. No fue un proyecto educativo. No sabía ni lo que era. Cuando me lo dijeron, me lo dijo una compañera, una amiga, y para nosotros fue una vía de escape. Veníamos de unas circunstancias en la familia muy duras, y me lo planteó una amiga que me dijo “mira, va a salir este proyecto, que es para que estén los niños...”, y me lo contó así un poco por encima “que es con unos valores educativos y así...”, pero no hice ni caso. Dije “mira, vamos a probar. Si funciona bien y la niña está a gusto, pues adelante, y si no, ya veremos”. El proyecto es bueno porque si no no hubiese encajado ya desde el minuto uno. No hubo complicaciones, fue siempre todo muy rodado. Aún desconociendo lo que era, funcionaba en ese sentido de que fluía, no... Era fácil. Y ella era muy pequeñita y eran cuatro niñas... que no eran más, o sea que...

F5: Pois nós chegamos a Altair porque vivíamos no barrio e vimos que estaba aquí. Chamamos un día por teléfono e [nomea a E2] comentounos un pouco por riba en que consistía.

2.1.1. Estades comentando como chegáchedes, pero que significa para vós a nivel familiar Altair?

F5: Pois para min é moi importante que teñan un sentido de pertenza a un grupo... a un grupo de xente diversa... Que hai xente de todo tipo, e para min eso é moi importante.

F2: Pois... un pouco o que dixeron. Para min unha das cousas máis importantes é un espazo onde a xente se poda comportar tal e como é e facer relacións duradeiras e... e con sentido, non? Eu polo menos, eu que son mestra, e sobre todo por alá, vexo como... A ver, non sei como dicilo... Nas amizades e entre a rapazada, pois non sei, unha superficialidade... Agora si e agora non... E non sei... E sei que a vida nos campamentos especialmente, non? Para min os campamentos sempre é algo moi importante e de feito sempre fixemos porque fora a todos, non? Porque eu creo que aí é o momento de convivir, aceptar a todo tipo de xente, de ideas, de comportamentos... Aceptalos e logo aprecialos, porque ao final chegan ter se non unha amizade con todos, pero polo menos un respecto a todo tipo de xente por moi distintos que sexan. Porque non todos somos iguais, non? Que aquí alguén ao principio pois... pensaba que isto era unha secta e todo isto, non? Pero... a ver, hai xente moi distinta porque...

F3: Totalmente...

F2: Non ten nada que ver [menciona a R3] con [menciona a R2], nin [menciona a R5], nin [menciona a R1]. Bueno, [menciona a R4] e a miña se parecen algo máis, non? Non fisicamente só, que sempre nos din se son irmáns, pois ao mellor...

F3: Ni de los entornos que venían cada una, claro.

F2: Nin dos entornos... E bueno, un pouco, pois tamén, un pouco... A ver, non sei como explicalo, pero a forma de vivir ou... Pero que si, eu vexo que son moi distintos e, en cambio, que chegaron aí de... despois de tempo, a crear ese espazo que realmente non todo o mundo ten a oportunidade de telo, non?

F5: Si, de ter esa seguridade... Ter un espazo no que sentirte seguro aínda que non sexades amigos, non? Pero... estás seguro e aceptado.

F2: Si... E aceptado. Non sei, de ter un pouco de espírito crítico, que tamén é importante, non? Responsabilidade. Importantísimo, non? Facerse responsable dun proxecto, ter que ir aínda que ás veces non apeteza, sentirte parte de algo... Para min a responsabilidade é moi importante, porque hoxe en día é algo como que non lle damos moita importancia a sentirte responsable de algo e... fai, claro, que teñas que ir. Claro, se faltas ti... Cos poucos que sodes... Sobre todo de aquela, entendes? Sentirse eso, responsable, útil, que podes participar... Bueno, para min eu creo que todo iso é Seteportas, non? Que lle ofrece todo iso. Contacto coa natureza... Bueno, moitas cousas, non?

- 2.2. Participáchedes nalgún proxecto similar ao longo da vosa vida? (Itaca, scouts...)
Tendes vivencias similares noutras iniciativas?

F2: Bueno, eu xa vos digo, cando tiña 14 anos... Son das que creamos Itaca. O que pasa que... o grupo co que o creamos era un grupo así de parroquia. Naquel momento naceu nunha parroquia en Santiago, en Salomé, e a xente digamos que tiñamos... Eu era a pequena, e había xente que me levaba 2-3 anos, entón cando fixemos ese grupo, claro, había... Pois agora vai funcionar por “ponlas” lles chamaban daquela (grupos de idade), ten que haber uns educadores e tal. E claro, eu non me vía... Con 14 anos pois entrei de rapaza e o resto dos meus amigos e amigas entraron de educadores. Entón eu dende os 14 anos... e logo fun educadora, claro cando... Pasei de 14 a 16, de 16 a 18, logo marchei un ano e logo fun eu educadora. E Itaca ao principio entrou no Movemento Scout... Era un Movemento Scout, pero despois nos independizamos e xa era... pois eso, un grupo donde había uns principios, que eu creo que máis ou menos... Quitando os anos aqueles... Claro, estamos falando do ano 81. O sea, onde vai... [risas] Quitando iso pois... a ver, habería moitas cousas que poderían ser de Seteportas. Non solo a forma de traballar por idades, acampadas e... bueno, daquela, eso, a importancia do galego, do país, do compromiso... De traballar, segundo ías avanzando... pois tamén integrarte un pouco na sociedade, como poden facer agora de voluntariados, xa daquela nós tamén o faciamos... Un pouco era esa liña. E xa digo, co tempo, cada vez había xente tamén moita... despois eran mestres e tal, e digamos que aí fixeron tratados pedagóxicos e tal, que bueno, que... De xeito Itaca sigue existindo, siguen... O sea, os de Itaca que estabamos marchamos, evidentemente, pois fomos marchando. Seguimos tendo contacto Itaca, aínda que non somos de Itaca, temos igual Contacto Itaca, temos unha comida ao ano, bueno, varios... Depende, non? E seguimos estando en contacto. Entón, cando [nomea a un dos fundadores de Altair], que foi un dos que estivo en Itaca, pois me comentou bueno, pois dixeron “si”. Bueno, e antes Altair, porque primeiro foi Altair xa que se creou, entendes? Entón nos chamou aos “ex-itaqueiros”, entón bueno, pois máis ou menos escoitei o seu proxecto, bueno, un pouco daquela era para lialo co... coa comunidade galego-portuguesa de Cabo Verde...

F3: Ah, es cierto! No me acordaba...

F2: De Burela... Claro, a ver, é que se fixo... Era un pouco todo iso. De feito eu recordo os de Itaca que foron a Cabo Verde. Foron 2 ou 3 para ver como funcionaban e... Era facer un proxecto socioeducativo a tres bandas, que logo ao final eso, bueno...

F3: Sí, con los de Burela tuvieron eh...

F4: Si... Os primeiros anos...

F2: Cos de Burela tivemos ao principio. A ver, e de feito dous monitores...

F4: Coincidimos en campamentos con eles...

F2: Si, [nomean a dúas antigas educadoras de Altair], que siguen en Altair. Incluso con algún rapaz, eran rapazas, vos acordes? Fixeran un campamento conxunto...

F3: Sí, sí....

F4: Si, si, si.

F2: Que iso, que digamos que... A ver, a min eso me tocou por min, e logo pois...

2.2.1. Non sei se algunha de vós [refírese ás demais participantes] tivo algunha experiencia similar de participar nunha entidade deste estilo?

F4: Eu non.

F1: Pois non.

F5: Bueno, similar non sei exactamente. Eu... nacín nun pobo pequeniño de Ourense e... O cura da parroquia, que... Bueno, pois era unha persoa de esquerdas, pois facía así... Bueno, pois sempre chamou a que a rapazada e bueno, tamén a xente maior, se unise, se... Bueno, participase. Creou actividades para a rapazada, fixo campamentos tamén fóra do que era a parroquia... Bueno, era así... Non era o mesmo, pero bueno, ao fin e ao cabo, tiña esa intención, non?

F2: A raíz é a mesma. Eso saíu de aí, e despois... Pero saíu de aí.

F5: Esa intención de que... Si, esa intención...

F3: Yo no, de niña no. Ahora sí, estoy en una asociación pero no tiene nada que ver. Es de ámbito sanitario y no... Lo que pasa es que si que estás en una asociación y muchas veces alabo la labor de Seteportas porque es muy difícil, la gestión, el... No convencer, pero que la gente se implique, que la gente tenga esa responsabilidad que comentábamos... Es complicadillo.

F1: Eu non, para nada. Eu os veráns, que sería así cando tal... Medrei na aldea e nunca fun de campamento porque me criei no campo. Entón... Non, pero bueno, non quita...

F4: A min me pasou, por exemplo, non era o campo pero... sería o periurbano, non? Pero eu... Eu traballando na tenda do meu pai todos os veráns, claro, porque... había que botar unha man. Ademais o meu pai nunca colleu vacacións, claro... O sea, para min o verán era traballo.

3. Impacto persoal e familiar

3.1. Que impulsou a que ás/aos vosas/os fillas/os (ou sobriña) participaran na entidade?

F5: Pois, no noso caso... A [menciona a R5] cóstalle bastante así manter relacións cos seus iguais. Bueno, agora xa menos, non? Pero no seu momento costáballe. E este proxecto deunos esa... Para nós parecíanos que era unha boa maneira de que tivese ese espazo, non? De seguridade, de aceptación... Moi importante para nós eso.

F3: Bueno, nosotras es que ya no es ni mi hija, o sea que... [risas] Imáxinate que no sea ni tu hija, que tengas una amiga que te dice de un proyecto, se lo digo a mi hermana y mi hermana dice que sí. O sea, imáxinate la situación... Ya lo dije antes, fue una vía de escape un poco para todo. [Menciona a R3] venía de unos padres que están separados... Que quieras que no, por mucho que le queramos dar normalidad a todo porque hoy en día queremos, eso, quitarle importancia a todo, pero... Hay unos hechos y hay unas consecuencias y los niños lo notan. Y después, a mayores, yo tengo un niño que tuvo una enfermedad oncológica y... y claro, [menciona a R3] era la niña bonita de todo el mundo, y en ese momento no le prestas toda la atención que a lo mejor reclamaba con 8-9 años. Cuando nos dijeron de Seteportas y vimos eso “oye, pues eso, mira, vas, y vas a estar jugando. Es un espacio sin agobios”. Porque ella tampoco no quería agobios de algo muy estático, de “todos los días tengo que hacer esto, esto y esto”. No. Un poco de esa libertad, de esa toma de decisiones, de estar seguros... Y es que desde el minuto uno, es que no... Fue súper fácil con ella.

3.1.1. Polo que comentabades antes, entendo que foi iniciativa vosa (das familias) que presentáchedes a opción de vir aquí, non? Non tanto delas, que igual coñecían a alguén que xa viña aquí...

F3: No, de primeiras no.

F2: Non... porque foi cando se creou. A ver, nós viñamos a Santiago porque tiña que vir a coidar á familia, entón dixeran eu “perfecto que se creara. Primeiro porque así ten algo que facer tamén os sábados”. Primeiro era un pouco de sábados, non? Pensando, “bueno, os sábados”. Pero claro, logo leva moito máis tempo porque a veces, eso, vacacións e eso hai que facer a veces sacrificios de non ir de viaxe ou tal para ir de campamentos, non? Entón tivo que gustarlle a ela, senón sería unha cousa máis así, de sábados. O que pasa é que a ela eu creo que... A ver, ela estudaba nun cole que era moi moi pequeniño e non... A ver, non era que non conxeniera, pero é que a verdade é que era difícil encontrar xente que máis ou menos tivera que ver contigo, porque, claro, cando hai... Pois aquí en Santiago, estás nunha clase que son... non sei, 30 ou 20, pois malo será. Pero tivo clases de 5. Eran de 5.

F3: Pero aún así, con 30 o con 20, porque yo... Lo hemos vivido con [menciona a R3]. Claro, ahora ya tiene 18 años, e iba a un colegio grande, que eran en Padrón, y siempre eran los mismos. Y muchas veces nos creemos desde fuera, los adultos “ah, que buen rollo tienen, que amigos que son”. En cuanto pudo [fai coas mans un xesto de marcharse]. Se lleva bien con todo el mundo, pero era como “ya llevo toda la vida con ellos, estoy cansada”. Y sin embargo con Seteportas no. No le pasó eso. ¿Por qué? Porque era otro ambiente. Con la obligación, los niños de cole, con los que estaba todos los días, sí que necesitaba esa vía de escape, ese respiro de... pues de encontrar otras amistades.

F2: Eu creo que [menciona a R2] se sentía que non tiña un sitio eh... Ela se sentía que era distinta. E non é porque sexa rara, non? Porque ás veces nos coles hai xente que está calificada de rara, que bueno... raros somos todos, non? Distintos. Pero non era por iso, porque era moi apreciada e tal, pero ela non... Incluso en Muros, nin no lugar. Ela non... non, non. Eran moi distintos... Non tiña nada que ver a educación que nós lle estabamos dando que a que había alí, entendes? Entón... chocas por moitas cousas. E aínda que... A ver, non se leva mal con ninguén pero, ese nivel solo o encontrou cando chegou a Seteportas.

F3: Claro... Lo mismo. O sea, es que es eso... Tú cuando vas al cole son unos amigos que te coinciden por apellidos, o por el grupo que sea o por lo que tal; que no significa que tengan que ser amiguísimos hasta el fin de los días. ¿Que lo eres? Estupendo; pero si no no pasa nada. En cambio, hay esta fama un poco por eso, porque que aunque creamos que sean todos un grupo súper guay, súper... “¡ah, qué unidos son!”... Porque yo lo veo ahora, que tengo... El niño tiene 9 años y ya hay grupos, que digo yo “madre mía, estos igual dentro de 2 años no se van a llevar, y no pasa nada”. Porque somos incluso los padres... “vamos al parque juntos, vamos juntos a tal”. No... No me apetece ir al parque contigo hoy [risas], ni incluso al niño, que llevo media hora escuchándole en el coche “es que Fulanito, no sé qué”. ¿Para que voy a ir al parque? Si viene aburrido de Fulanito.

3.1.2. Entendo entón que unha das motivacións de participar aquí era ver ese ambiente un pouco distinto, non?

F2: Si, e polo menos, xa digo, aparte de que no momento me viña ben de conciliación, era un pouco iso... que vira xente que podía conxeniar con ela, e parecerse en ideas...

F3: Claro, otros ambientes, sí...

F2: ...en... en cousas, non? Porque xa digo, se sentía a veces un pouco marciana.

3.1.3. E no caso de [nomea a R1 e R4] tamén?

F1: Un pouco xa comentei antes... Foi cousa miña, porque eu tiña unha certa preocupación con ela. Entonces foi como un buscar axuda. [Menciona a R1] foi sempre moi rabuda pero a súa nai é moi testaruda tamén [risas]. Entonces... A miña meta era que ela entendera determinadas cousas, como responsabilizarse do seu traballo... Sempre súper mentirosa... Entonces eu non sabía por donde collela xa. A medida que vai crescendo eu era consciente de que cada vez me ía facer menos caso. Polo tanto cheguei un punto no que dixen “aquí hai que facer algo”, y a miña razón principal foi... eso, que ela reflexionara. E aquí atopou eso. Ela era moi sociable, entonces non... O tema socializar non é o que eu buscaba, non. Era... eso, que fora un pouco máis reflexiva, que fora menos superficial e... Despois atopou aquí outra cousa, que a min me gustou moito, que é que eu sempre falei galego, elas falaban castelán pero eu non llas ía obrigar a falar galego. E aquí deulle valor a eso. Eso foi algo que tamén me gustou, que nun principio non era eu consciente de que o ía atopar, pero así foi. Entonces agora de feito se sinte moi orgullosa de... “tiña un idioma e non o usaba” [risas]. Un día dixo eso e digo eu “pois si, muller, dende sempre” [risas]. Entón pois... un pouco eso.

F4: No noso caso foi a través de [nomea a un dos fundadores de Altair], non? Non estábamos buscando nada, pero bueno, coñecía a [nomea a un dos fundadores de Altair] e faloume de Altair, primeiro entonces claro, fíxeme socio e despois xa... Coñecía o proxecto porque xa mo contou el, porque somos colegas de traballo. Entón foi por aí... Ademais, bueno, no tema... [menciona a R4], era moi moi tímida. Non o é agora xa, pero era moi moi tímida de pequena. E si que nos preocupada un pouco, entonces bueno, este proxecto era ideal para iso. Ademais sobre todo dende o primeiro momento pois... Non dende o primeiro momento porque... Lembro agora, estaba lembrando os primeiros días, e... ela entraba e saía como unha autómatas. Pero bueno, os primeiros días... Ela daquelas non... vamos non falaba. Entonces non sabía moi ben que acontecía dentro e despois non nos contaba nada, entón tiven que falar con... Non me lembro como se chamaba aquela persoa tan riquiña que era a primeira monitora...

F3: [nomea a unha antiga educadora].

F2: [nomea a unha antiga educadora].

F5: [nomea a unha antiga educadora].

F4: Ah, [nomea a unha antiga educadora], si, si... Entón ela dixo que iba todo moi ben entón eu aí xa me... Porque ela non me dicía nada.

F3: A mí me hacía mucha gracia cuando le preguntaba “¿qué hicistéis?”, y me decía “nada”. Y digo yo “pues vale”. “¿Estuviste bien?”. “Sí”. “Pues ya está”. Me da igual, ¿sabes? [risas] En el fondo sí que se hacían cosas lógicamente porque lo ves con los años, pero a mí me hacía mucha gracia porque digo

yo “si no hacía nada, ¿por qué quiere volver?”. Pero... sagrado eh... Además nosotros nos pegábamos el tute de bajar a Padrón a por ella... Subirla, tal... Bua... liadas eh... Había veces que me tengo cagado en Seteportas eh [risas], porque...

F1: Pero ao final valeu a pena.

F3: Sí, sí... Pero yo creo que... ¿qué debió faltar? ¿Dos veces en su vida? Te lo juro eh... Fue una cosa loca. Loca, loca.

F4: Nós de feito quixemos que... Bueno, entrou aquí o pequeno, [nomea ao irmán de R4]. Estivo ano e medio máis ou menos. Pero ao final marchou, non... non quixo. Agora entraría ben, pero entrou demasiado pequeno. Porque [nomea ao irmán de R4], ao contrario que [menciona a R4] que non é moi madura, [nomea ao irmán de R4] é máis maduro do normal e... Entrou con 8-9 anos e foi un desastre. Non... Non funcionou. E despois xa non quería vir.

F1: Ademais agora... Nese grupo de idade hai un montón de nenos.

F4: Non... Agora ten 14, agora podería vir, pero me refiro... Unha vez que marchas é difícil volver.

F1: [Menciona a R1] sempre lle está a súa irmán “pero por que non vés a Seteportas?” e ela “porque non”... A [menciona a R1] dille sempre que non.

F4: Aquí é ao contrario, é [menciona a R4] que... como dicindo “non veñas, non...”.

F2: Que non lle apetece que...

F4: Claro... É ao contrario... A min non me gusta que faga iso pero...

F2: Claro... Pero é o que dicimos.

F3: Sí, a nosotros nos pasa lo mismo. Y de hecho nos metemos nosotras y le decíamos “vamos a meter a [nomea ao curmán de R3]”, y ella “¡nooo! Noo, no quiero que venga”. Y yo, “pues lo voy a meter cuando cumpla los años”. No lo voy a meter porque la verdad, claro, es que no tienen nada que ver. Son niños completamente distintos y sí que se lo tengo dicho a Iván, “¿tú quieres ir?”, “no, no, no”. Como es algo también, de [menciona a R3]...

F4: Si, vai por aí...

- 3.2. Estivéchedes comentando o tema da lingua, o tema de socializar... que son aspectos nos que víchedes que Altair tivo un impacto nas vosas fillas. En que máis diríades que tivo/ten unha implicación Altair nelas?

F2: Na miña na lingua non eh, que xa falaba galego cando chegou.

F3: Y nosotros tampoco, que somos muy túzaras las dos.

F2: E ela xa falaba castelán e non cambiou, o sea que...

F3: Claro, pero... en la capacidad de crítica. Ahí si que se notó. En ser capaz de... de no quedarse sólo con una versión, de buscar la otra versión, de distinguir, de... de saber un poquito... ver qué te están contando de mentira y qué te pueden estar contando de verdad. Si que... si que la vin con...

F4: É difícil facer un experimento... Deste tipo é imposible. Teríamos que ter un [menciona a R4] sin Seteportas e un [menciona a R4] con Seteportas.

F2: Claro, é que é complicado.

F4: E despois comparar, non? É que é difícil de saber... Estamos falando de intuicións nosas, de como...

F5: Pero bueno, o que falaba ela antes, non? O compromiso, a responsabilidade...

F2: A responsabilidade.

F3: Sí, sí...

F5: Eso é importante para min. É importante e vémolos en [menciona a R5] tamén, que cando ten cousas de Seteportas é como... "non, a esto non podo faltar". É dicir, é algo como moi firme, moi serio, non... Igual que con outras cousas, pois ao mellor pois non lle da... pero... esto é como que "non, teño que ir. Xa me comprometín" e iso é importante, non?

F3: Y después, a ver, nadie quiere hacer a tus descendientes a tu semejanza, ¿no? Pero si que quieres... A ver como lo explico... El tema, por ejemplo, de ahora de las selecciones, ¿no? Evidentemente, [menciona a R3] ahora este año puede votar, y yo se lo pregunté el otro día: "¿Ya lo tienes claro? ¿ya no se qué...?" [risas]. Claro, ella, pues con el tiempo será lo que ella quiera (lógicamente) y yo no le voy a imponer. Ni yo, ni mi madre, ni su madre, ni... nadie, porque tendrá que tener ella la capacidad de saber tal. Pero si que un poco le dije, "bueno mira, a Vox no eh" [risas]. "No me vayas por ahí..." [risas].

F5: Creo que eso dixémolo todos. A [menciona a R5] igual... "esto no, o resto xa...".

F3: Claro, pero tú imagínate que te dice "ah, pues a mí me gusta" o "yo lo veo tal...", pues yo llevaría disgusto.

F1: Bueno, sería o punto de partida para empezar a falar [risas]. Non? Bueno, eu sempre aproveito. É que entón vas aí “ah, si? de verdad? Entón por que che gusta?...”. É o punto de partida. De feito eu a [menciona a R1] non lle preguntei pero eu teño a idea de por donde vai.

F3: Claro, pero eso era a lo que me refería, que han estado en Seteportas y vimos que... que las cosas se encajaban, que... no se estaba desviando. No es como si lo metes en un grupo de... con todos los respetos, un grupo de niños que están todo el día tocando o bailando reguetón o movidas así. Todos fuimos viendo que las cosas que no... no se desencaminaban muchísimo, no se desviaban o de repente se dedicaban a cosas completamente contrarias o que no... creo que un poco todos sí que hicimos esa supervisión de ver por donde iban...

